


I.E.S. MONCHO VALCARCE

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ



**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO
DEPARTAMENTO DE**

LINGUA GALEGA E LITERATURA

XEFA DO DEPARTAMENTO

MARÍA JESÚS DÍAZ FERNÁNDEZ

Curso 2019-2020

Xefe/a de departamento	Asignaturas / Módulos
M ^a Jesús Díaz Fernández	Lingua Galega e Literatura 1º BAC Lingua Galega e Literatura 2º BAC
Membros do departamento	Asignaturas / Módulos
Carme Otero Fraga	Lingua Galega e Literatura 3º ESO Lingua Galega e Literatura 4º ESO
Esther López Fraga	Lingua Galega e Literatura 2º ESO Lingua Galega e Literatura 1º ESO
Alberto José Capelán Moar	Lingua Galega e literatura 1º ESO

1.Contextualización.....	7
2. Obxectivos xerais do curso	7
3.- Competencias clave.....	8
4.- Primeiro de ESO	
4.1. Obxectivos didácticos.....	13
4.2. Contidos.....	14
4.3.Concreción e secuenciación dos contidos.....	17
4.3.1. Contidos da 1ª avaliación.....	17
4.3.2. Contidos da 2ª avaliación.....	18
4.3.3. Contidos da 3ª avaliación.....	19
4.4. Contidos de grao mínimo de consecución	19
4.4.1. 1ª avaliación.....	19
4.4.2. 2ª avaliación.....	20
4.4.3. 3ª avaliación.....	20
4.5. Metodoloxía.....	21
4.5.1. Introducción.....	21
4.5.2. Principios metodolóxicos.....	21
4.5.3. Actividades didácticas.....	21
4.6.Criterios de avaliación relacionados coas competencias.....	22
4.7. Criterios e instrumentos de avaliación; estándares de aprendizaxe.....	23
4.7.1. Criterios de avaliación.....	23
4.7.2. Estándares de aprendizaxe.....	26
4.7.2. 1. Estándares de aprendizaxe observables ao longo do curso.....	26
4.7.2.2. Estándares de aprendizaxe de especial relevancia na 1ª avaliación.....	28
4.7.2.3. Estándares de aprendizaxe de especial relevancia na 2ª avaliación.....	29
4.7.2.4. Estándares de aprendizaxe de especial relevancia na 3ª avaliación.....	30
4.7.3. Probas de avaliación.....	30
4.8. Materiais e recursos.....	32
5.- Segundo de ESO	
5.1. Obxectivos didácticos.....	33
5.2. Contidos.....	34
5.3. Secuenciación dos contidos.....	39
5.3.1. Contidos da 1ª avaliación.....	40
5.3.2. Contidos da 2ª avaliación.....	41
5.3.3. Contidos da 3ª avaliación.....	42
5.4. Contidos de grao mínimo de consecución	44
5.4.1. 1ª avaliación.....	44
5.4.2. 2ª avaliación.....	45
5.4.3. 3ª avaliación.....	45
5.5. Metodoloxía.....	46
5.5.1. Introducción.....	46
5.5.2. Principios metodolóxicos.....	46
5.5.3. Actividades didácticas.....	47
5.6.Criterios e instrumentos de avaliación; estándares de aprendizaxe.....	47
5.6.1.Criterios de avaliación.....	47
5.6.2.Estándares de aprendizaxe.....	50
5.6.2.1.Estándares de aprendizaxe observables ao longo do curso.....	50

5.6.2.2. Estándares de aprendizaxe de especial relevancia na 1ª avaliación.....	53
5.6.2.3. Estándares de aprendizaxe de especial relevancia na 2ª avaliación.....	54
5.6.2.4. Estándares de aprendizaxe de especial relevancia na 3ª avaliación.....	54
5.6.3. Probas de avaliación	56
5.7. Materiais e recursos.....	58
6. Terceiro da ESO	
6.1. Obxectivos didácticos.....	59
6.2. Contidos.....	60
6.3. Concreción e secuenciación de contidos.....	63
6.3.1. Contidos da primeira avaliación.....	63
6.3.2. Contidos da segunda avaliación.....	64
6.3.3. Contidos da terceira avaliación.....	65
6.4. Contidos mínimos de grao mínimo de consecución.....	66
6.4.1. 1ª avaliación.....	66
6.4.2. 2ª avaliación.....	66
6.4.3. 3ª avaliación.....	67
6.5. Metodoloxía.....	67
6.5.1. Introducción.....	67
6.5.2. Principios metodolóxicos.....	67
6.5.3. Actividades didácticas.....	68
6.6. Criterios de avaliación relacionados coas competencias.....	68
6.7. Criterios e instrumentos de avaliación; estándares de aprendizaxe.....	71
6.7.1. Criterios de avaliación.....	71
6.7.2. Estándares de aprendizaxe.....	74
6.7.2.1. Estándares de aprendizaxe observables ao longo do curso.....	74
6.7.2.2. Estándares de aprendizaxe de especial relevancia na 1ª avaliación.....	76
6.7.2.3. Estándares de aprendizaxe de especial relevancia na 2ª avaliación.....	78
6.7.2.4. Estándares de aprendizaxe de especial relevancia na 3ª avaliación.....	79
6.7.3. Instrumentos e procedementos de avaliación.....	80
6.7.4. Criterios de cualificación.....	81
6.7.5. Porcentaxes que se terán en conta á hora da avaliación.....	81
6.8. Materiais/ Recursos.....	83
7. Cuarto da ESO	
7.1. Obxectivos didácticos.....	83
7.2. Contidos.....	85
7.3. Contidos de grao mínimo de consecución	88
7.3.1. 1ª avaliación.....	88
7.3.2. 2ª avaliación.....	89
7.3.3. 3ª avaliación.....	89
7.4. Temporalización.....	89
7.4.1. 1ª avaliación	89
7.4.2. 2ª avaliación.....	90
7.4.3. 3ª avaliación.....	90
7.5. Metodoloxía.....	90
7.5.1. Introducción.....	90
7.5.2. Principios metodolóxicos.....	90
7.5.3. Actividades didácticas.....	91
7.6. Criterios de avaliación	91

7.7. Estándares de aprendizaxe.....	94
7.8. Instrumentos e procedementos de avaliación.....	100
7.9. Criterios de cualificación.....	101
7.10. Porcentaxes que se terán en conta á hora da avaliación.....	101
8. Primeiro de Bacharelato	
8.1. Obxectivos didácticos.....	103
8.2. Contidos.....	104
8.3. Contidos de grao mínimo de consecución.....	110
8.4. Secuenciación de contidos.....	110
8.5. Metodoloxía.....	110
8.6. Criterios de avaliación.....	111
8.7. Estándares e indicadores de aprendizaxe.....	115
8.8. Elementos de observación para a avaliación.....	122
8.9. Criterios de cualificación.....	123
8.10. Porcentaxes que se terán en conta á hora da avaliación.....	123
9. Segundo de Bacharelato	
9.1. Obxectivos didácticos.....	126
9.2. Contidos.....	127
9.3. Secuenciación dos contidos.....	130
9.3.1. Contidos da 1ª avaliación.....	130
9.3.2. Contidos da 2ª avaliación.....	131
9.3.4. Contidos da 3ª avaliación.....	133
9.4. Contidos de grao mínimo de consecución	135
9.4.1. 1ª avaliación.....	135
9.4.2. 2ª avaliación.....	136
9.4.3. 3ª avaliación.....	136
9.5. Metodoloxía.....	137
9.5.1. Introducción.....	137
9.5.2. Principios metodolóxicos.....	137
9.5.3. Actividades didácticas.....	138
9.6. Criterios e instrumentos de avaliación; estándares de aprendizaxe	
9.6.1. Criterios de avaliación.....	138
9.6.2. Estándares de aprendizaxe.....	141
9.6.2.1. Estándares de aprendizaxe observables ao longo do curso.....	141
9.6.2.2. Estándares de aprendizaxe de especial relevancia na 1ª avaliación.....	145
9.6.2.3. Estándares de aprendizaxe de especial relevancia na 2ª avaliación.....	146
9.6.2.4. Estándares de aprendizaxe de especial relevancia na 3ª avaliación.....	148
9.6.3. Instrumentos de avaliación.....	148
9.6.4. Probas de avaliación.....	149
9.6.5. Cualificación.....	149
9.7. Materiais e recursos.....	150
10. Materias pendentes.....	151

11. Temas transversais.....	151
11.1.Categorías dos temas transversais.....	151
11.2.Significado das ensinanzas transversais.....	152
11.3.Relación dos contidos de Lingua galega e Literatura cos temas transversais.....	152
12. Actividades complementarias e extraescolares.....	154
13. Atención á diversidade.....	154
14. Obras de lectura.....	156
15. Accións de contribución ao PLAN LECTOR.....	156
16. Accións de contribución ao plan TIC.....	156
17. Accións de contribución ao PLAN DE CONVIVENCIA.....	156
18. Procedementos para avaliar a propia Programación.....	156
19. Recursos didácticos.....	157
20. Información ás familias.....	157

1. CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN

O Instituto de Educación Secundaria para o cal está orientado a presente Programación atópase na localidade de As Pontes de García Rodríguez (A Coruña). A maior parte do alumnado ten un nivel socioeconómico e cultural medio.

A economía da vila baséase fundamentalmente na industria (Central de Endesa e tres parques empresariais) pero aínda conservan peso propio sectores como a agricultura, a gandeiría e o sector forestal.

Con arredor de 10.500 habitantes, As Pontes conta coas seguintes instalacións culturais: Edificio Cultural Casa do Peso (con sala de exposicións), Sala de Exposicións do Mercado Vello, Auditorio Municipal Cine Alovi e unha Biblioteca Municipal. Ten tamén Radio/TV locais, un Conservatorio de Música, Escolas de Música e dous Museos.

Outros Centros Educativos da vila son: os CEIP de A Fraga, A Magdalena e Santa María e o IES Castro da Uz.

O IES Moncho Valcarce conta cunha oferta educativa que comprende: Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e un ciclo formativo.

O IES ten dous edificios (edificio principal e a ampliación) ademais do pavillón de deporte, no que se imparten as clases.

2. OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO

. Utilizar a lingua galega, oralmente e por escrito, como instrumento para a comunicación interpersoal e para a comprensión, análise e organización dos feitos e saberes de calquera tipo.

. Utilizar a lingua galega para a comprensión e para a elaboración de informacións orais e escritas atendendo ás características formais de cada unha delas.

. Valorar a lingua galega como propia de Galiza, comprendendo as circunstancias históricas que condicionaron a súa evolución.

. Coñecer as linguaxes específicas e analizar criticamente as funcións sociais dos medios de comunicación de masas.

. Valorar as variedades xeográficas do galego con vistas á aprendizaxe da lingua estándar libre de interferencias e prexuízos.

. Identificar os elementos formais e os mecanismos da lingua nos planos fonético-fonolóxico, morfosintáctico, léxico-semántico e textual.

. Recoñecer os elementos temáticos, estruturais e expresivos que caracterizan un texto literario, así como as principais obras, autores e períodos máis significativos da literatura galega.

. Ler con fluidez, comprensión e actitude crítica, apreciando a literatura galega como patrimonio cultural e como estímulo para unha práctica literaria propia.

3. AS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave son as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

As competencias clave determinadas no currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia son:

- 1. Comunicación lingüística (CCL)**
- 2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)**
- 3. Competencia dixital (CD)**
- 4. Aprender a aprender (CAA)**
- 5. Competencias sociais e cívicas (CSC)**
- 6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**
- 7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)**

1. Competencia en comunicación lingüística

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia débese atender aos cinco compoñentes que a constitúen e ás dimensións nas que se concretan:

- O compoñente lingüístico comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica (a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua).
- O compoñente pragmático-discursivo contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as microfuncións comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).

- O compoñente sociocultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento e a dimensión intercultural.
- O compoñente estratéxico permítelle ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a audición e a conversación, coma destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.
- O compoñente persoal intervén na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A competencia matemática implica a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto.

Esta competencia require coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, as operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

O uso de ferramentas matemáticas implica unha serie de destrezas que requiren a aplicación dos principios e procesos matemáticos en distintos contextos.

Trátase da importancia das matemáticas no mundo e de utilizar os conceptos, procedementos e ferramentas para aplicalos na resolución dos problemas que poidan xurdir nunha situación determinada ao longo da vida.

A competencia matemática inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade do mundo

Xa que logo, para o adecuado desenvolvemento da competencia matemática resulta necesario abordar catro áreas relativas aos números, a álgebra, a xeometría e a estatística, interrelacionadas de formas diversas, a través da cantidade, o espazo e a forma, o cambio e as relacións, e a incerteza e os datos.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsable con el para a conservación e mellora do medio natural, a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e capacitan a cidadáns responsábeis e respectuosos que desenvolven xuízos críticos sobre os feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos, pasados e actuais. Estas competencias han de capacitar para

identificar, expor e resolver situacións da vida cotiá, igual que se actúa fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

Para o adecuado desenvolvemento das competencias en ciencia e tecnoloxía resultan necesarios coñecementos científicos relativos á física, a química, a bioloxía, a xeoloxía, as matemáticas e a tecnoloxía. Así mesmo, hanse de fomentar as destrezas para utilizar e manipular ferramentas e máquinas tecnolóxicas, e utilizar datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo.

Hanse de incluír actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia e á tecnoloxía, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico, e o sentido da responsabilidade en relación á conservación dos recursos naturais, ás cuestións ambientais e á adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudable nun con- torno natural e social.

Os ámbitos que se deben abordar para a adquisición das competencias en ciencias e tecnoloxía son os sistemas físicos, os sistemas biolóxicos, os sistemas da Terra e do Espazo, e os sistemas tecnolóxicos.

Por último, a adquisición das competencias en ciencia e tecnoloxía require a formación e práctica na investigación científica e na comunicación da ciencia.

3. Competencia dixital

Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información até a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén, ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñíbel, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta socialmente acordadas para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar a información, a análise e a interpretación da mesma, a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas, tanto teóricos coma técnicos.

4. Aprender a aprender

Aprender a aprender supón dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo aos propios

obxectivos e necesidades.

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de se autoavaliar, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual. Todo iso desenvólvese, a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais coma colectivas.

5. Competencias sociais e cívicas

Estas competencias implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos, conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

En concreto, a competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de se comunicar dunha maneira construtiva en distintos contornos sociais e culturais, mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía.

Así mesmo, esta competencia inclúe actitudes e valores como unha forma de colaboración, a seguridade nun mesmo e a integridade e honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís, así como da súa formulación na Constitución española, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, autonómica, nacional, europea e internacional.

As actitudes e valores inherentes a esta competencia son aqueles que se dirixen ao pleno respecto dos dereitos humanos e á vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, e implica manifestar o sentido

da responsabilidade e mostrar comprensión e respecto dos valores compartidos, que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, baseándose no respecto dos principios democráticos.

Por tanto, para o adecuado desenvolvemento destas competencias é necesario comprender o mundo no que se vive, en todos os aspectos sociais, culturais e humanos do mesmo. Pero tamén incorporan formas de comportamento individual que capacitan ás persoas para convivir en sociedade.

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A competencia “sentido de iniciativa e espírito emprendedor” implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Entre os coñecementos que require a competencia “sentido de iniciativa e espírito emprendedor” inclúese a capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia, resulta necesario abordar a capacidade creadora e de innovación, a capacidade proactiva para xestionar proxectos, a capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza, as calidades de liderado e traballo individual e en equipo, e por último, o sentido crítico e da responsabilidade.

7. Conciencia e expresións culturais

Esta competencia implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e considéralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades

Por tanto, require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo. Comprende a concreción da cultura en diferentes autores e obras, xéneros e estilos, tanto das belas artes coma doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia para a conciencia e expresión cultural resulta necesario abordar o coñecemento, estudo e comprensión de distintos estilos e xéneros artísticos e das principais obras e producións culturais e artísticas; a aprendizaxe das técnicas e recursos; o desenvolvemento da capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas, experiencias e emocións propias; a potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo de face á expresión das propias ideas e sentimentos; o interese, aprecio, respecto, goce e valoración crítica das obras artísticas e culturais; a promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade na que se vive; e por último, o desenvolvemento da capacidade de

esfuerzo, constancia e disciplina para a creación de calquera produción artística de calidade.

4. 1º DE ESO

**PROFESORES: Esther López Fraga
Alberto José Capelán Moar**

4.1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

Os obxectivos didácticos son os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4.2 CONTIDOS (Decreto 86/2015)

BLOQUE I. Comunicación oral. escoitar e falar.

- ◆ Comprensión, interpretación e resumo de calquera texto oral ou daqueles propios dos medios de comunicación, especialmente noticias de actualidade, próximas aos intereses do alumnado.
- ◆ Comprensión e interpretación de textos orais utilizados no ámbito social e educativo (instrucións, presentacións de tarefas e breves exposicións orais de temáticas variadas).
- ◆ Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto
- ◆ Escoita crítica e reflexiva das mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención aos programas informativos.
- ◆ Coñecemento e aplicación, con axuda das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), de estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade.
- ◆ Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
- ◆ Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
- ◆ Participación activa en situacións propias do ámbito educativo (pedimento de

aclaracións, intercambio de opinións e exposición de conclusións).

- ◆ Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais
- ◆ Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa.

BLOQUE II. Comunicación escrita. Ler e escribir

- ◆ Aplicación de técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.
- ◆ Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil, normas e instrucións de uso.
- ◆ Comprensión, interpretación e síntese de textos dos medios de comunicación, fundamentalmente textos narrativos.
- ◆ Comprensión e interpretación de textos do ámbito educativo, especialmente, descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes.
- ◆ Utilización guiada da biblioteca e das TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.
- ◆ Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmitan prexuízos ou usos lingüísticos discriminatorios, especialmente, os que aparecen nos medios de comunicación.
- ◆ Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos do galego e aos signos de puntuación.
- ◆ Planificación e revisión do escrito, de forma guiada, para producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.
- ◆ Producción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.
- ◆ Producción, a partir dun modelo, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.
- ◆ Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.
- ◆ Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.
- ◆ Uso, con progresiva autonomía, das TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) na planificación, revisión e presentación dos escritos.
- ◆ Autoavaliación da aprendizaxe da lingua cunha actitude activa e de confianza.

BLOQUE III. Funcionamento da lingua

- ◆ Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.
- ◆ A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.
- ◆ Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre clases de palabras e normativa.
- ◆ Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

- ◆ Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.
- ◆ Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais básicas (substantivo, adxectivo cualificativo, verbo, adverbio etc.) así como a diferenza entre palabras flexivas e non flexivas para a creación e comprensión de textos.
- ◆ Recoñecemento, uso e reflexión dos mecanismos da cohesión textual como a deíxe persoal.
- ◆ Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos.
- ◆ Coñecemento das regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto.
- ◆ Recoñecemento das modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.
- ◆ Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso.
- ◆ Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.
- ◆ Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.

BLOQUE IV. Lingua e sociedade

- ◆ Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.
- ◆ O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- ◆ A lusofonía.
- ◆ Análise da situación sociolingüística, a partir do contexto familiar do alumnado.
- ◆ Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.
- ◆ Situación sociolingüística e legal das linguas de España.
- ◆ Prexuízos lingüísticos.
- ◆ Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades diatópicas do galego.

BLOQUE V. Educación literaria

- ◆ Lectura, con regularidade e de maneira guiada, de obras literarias para desenvolver o criterio lector; exposición da opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e asimilación dos trazos estéticos xerais que definen cada texto.
- ◆ Comparación de textos literarios e non literarios e diferenciación de textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.
- ◆ Lectura expresiva e comprensiva, audicións de poemas recitados ou cantados,

determinación da temática ou temáticas abordadas e descrición dos valores estilísticos dos textos.

- ◆ Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e recoñecemento da funcionalidade dos elementos formais básicos.
- ◆ Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e apreciación dos seus compoñentes e procedementos máis relevantes.
- ◆ Produción de textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.
- ◆ Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos do cómic e a canción como linguaxes artísticas.
- ◆ Familiarización, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.

4.3. CONCRECIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS

A temporalización dos contidos depende fundamentalmente das características do alumnado de cada grupo e do desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, de maneira que a temporalización que aquí propoñemos ha de ser tomada en consideración sempre como orientativa.

4.3.1. Contidos da 1ª avaliación

1. Os textos.
2. Comprensión, interpretación e produción de textos orais e escritos, con especial atención aos expositivos, narrativos e á banda deseñada.
3. Diferenciar textos literarios e non literarios.
4. A banda deseñada.
5. O texto narrativo. Tipoloxía da voz narradora.
6. As propiedades textuais: adecuación, coherencia e cohesión.
7. Mecanismos habituais de cohesión textual.
8. O tema e o título do texto.
9. A progresión temática e a cohesión textual. A idea principal en cada parágrafo.
10. Coñecer termos pertencentes aos campos léxicos do instituto, dos animais e dos oficios e profesións.
11. Identificar e reflexionar sobre as relacións de significado, concretamente sobre a antonimia.
12. Procedementos para a formación de palabras: os sufixos.
13. A diversidade lingüística no mundo.
14. Recoñecer a identidade plurilingüe de Europa.
15. Os elementos da comunicación.
16. O enunciado.
17. O substantivo. Xénero e número. Formación do feminino e do plural.
18. O adxectivo. Xénero e número. O grao.

19. Os determinantes. O artigo. Os demostrativos. Os posesivos. Os numerais. Os indefinidos.
20. Os fonemas do galego e a súa representación gráfica. O alfabeto.
21. A sílaba. Agrupacións silábicas no interior da mesma sílaba: ditongo e tritongo.
22. As regras de acentuación ortográfica.
23. Lectura comprensiva de textos literarios narrativos de certa extensión (en formato de libro), adecuados ao seu nivel, e identificar as principais características e os contidos máis relevantes.

4.3.2. Contidos da 2ª avaliación

1. Os textos xornalísticos. Os xéneros xornalísticos informativos, mixtos e de opinión.
2. A reportaxe.
3. A descrición. Clases de descricións.
4. Comprensión, interpretación e produción de textos orais e escritos, con especial atención aos xornalísticos, descritivos e dialogados.
5. O subliñado.
6. O resumo.
7. As fórmulas de saúdo e despedida. Modelos de presentación.
8. A conversa espontánea.
9. Coñecer termos pertencentes aos campos léxicos do corpo humano, da vestimenta e das novas tecnoloxías.
10. Identificar e reflexionar sobre as relacións de significado, concretamente sobre a sinonimia.
11. As relacións de significado: o campo semántico.
12. Os estranxeirismos.
13. O carácter plurilingüe do estado español.
14. O pronome persoal. Serie tónica e serie átona. A colocación no discurso. Te / che. Alomorfos.
15. O verbo. Os accidentes gramaticais do verbo: persoa, número, tempo e modo.
16. Os verbos de alternancia vocálica. Os verbos irregulares.
17. As formas nominais do verbo. As perífrases verbais.
18. O til diacrítico. A diérese.
19. Usos de diferentes grafías para representar un mesmo fonema: c/z/qu, v/b.
20. Uso de grupos consonánticos cultos: c/ct, c/cc.
21. Lectura comprensiva de textos literarios narrativos de certa extensión (en formato de libro), adecuados ao seu nivel, e identificar as principais características e os contidos máis relevantes.
22. Elaboración de textos orais coherentes e adecuados con corrección lingüística, de carácter dialogado.

4.3.3. Contidos da 3ª avaliación

1. Os textos poéticos. O ritmo e a rima. A canción.
2. O texto teatral.
3. O texto instrutivo. Os textos normativos.
4. Comprensión, interpretación e produción de textos orais e escritos, con especial atención aos poéticos, dramáticos, instrutivos e normativos.
5. A prosodia. As posibilidades da linguaxe non verbal.
6. O intercambio de información a través do diálogo.
7. A exposición oral.
8. Coñecer termos pertencentes aos campos léxicos dos medios de transporte, do medio ambiente e do deporte.
9. A familia léxica.
10. Identificar e reflexionar sobre as relacións entre significante e significado, concretamente sobre a polisemia.
11. Procedementos para a formación de palabras: os prefixos; a composición.
12. As linguas ambientais na nosa contorna.
13. As variedades xeográficas da lingua galega.
14. Palabras invariábeis. Os adverbios. As preposicións.
15. As funcións sintácticas máis frecuentes na oración: suxeito e predicado.
16. Os complementos máis frecuentes no predicado: CD, CI, CC.
17. Os signos de puntuación: o punto, a coma, o punto e coma, os dous puntos, os puntos suspensivos.
18. Usos de diferentes grafías para representar un mesmo fonema: r / rr.
19. O uso do "h". O emprego de s / x nas palabras cultas.
20. Lectura comprensiva de textos literarios narrativos de certa extensión (en formato de libro), adecuados ao seu nivel, e identificar as principais características e os contidos máis relevantes.
21. Elaboración de textos orais coherentes e adecuados con corrección lingüística, de carácter dialogado e expositivo.

4.4. CONTIDOS DE GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN

4.4.1. 1ª avaliación

1. Comprensión, interpretación e produción de textos orais e escritos, con especial atención aos expositivos, narrativos e á banda deseñada.
2. Elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados, de certa extensión (100 palabras) que obedezan á tipoloxía narrativa e expositiva.
3. Diferenciar textos literarios e non literarios.
4. O texto narrativo. Tipoloxía da voz narradora.
5. O tema e o título do texto.
6. A progresión temática e a cohesión textual. A idea principal en cada parágrafo.

- 7.Os fonemas do galego e a súa representación gráfica. O alfabeto.
- 8.A sílaba. Agrupacións silábicas no interior da mesma sílaba: ditongo e tritongo.
- 9.As regras de acentuación ortográfica.
- 10.O substantivo e o adxectivo. Os determinantes.
- 11.Lectura comprensiva de textos literarios narrativos de certa extensión (en formato de libro), adecuados ao seu nivel, e identificar as principais características e os contidos máis relevantes. Comprensión satisfactoria de textos narrativos e instrutivos e de banda deseñada.

4.4.2. 2ª avaliación

1. Os textos xornalísticos. Os xéneros xornalísticos informativos, mixtos e de opinión.
2. A descrición. Clases de descricións.
3. Comprensión, interpretación e produción de textos orais e escritos, con especial atención aos xornalísticos, descritivos e dialogados.
4. Elaboración de textos escritos coherentes, cohesionados e adecuados, de certa extensión (100 palabras) que obedezan á tipoloxía xornalística, descritiva.
5. O subliñado.
6. O resumo.
7. As fórmulas de saúdo e despedida. Modelos de presentación.
8. A conversa espontánea.
9. Elaboración de textos orais coherentes e adecuados con corrección lingüística, de carácter dialogado.
10. O til diacrítico. A diérese.
11. O pronome persoal. Os verbos regulares.
12. Usos de diferentes grafías para representar un mesmo fonema: c/z/qu, v/b.
13. Uso de grupos consonánticos cultos: c/ct, c/cc.
14. Lectura comprensiva de textos literarios narrativos de certa extensión (en formato de libro), adecuados ao seu nivel, e identificar as principais características e os contidos máis relevantes.

4.4.3. 3ª avaliación

1. Comprensión, interpretación e produción de textos orais e escritos, con especial atención aos poéticos, dramáticos, instrutivos e normativos.
2. Elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados, de certa extensión (100 palabras) que obedezan á tipoloxía teatral e instrutiva.
3. O intercambio de información a través do diálogo.
4. A exposición oral.
5. Elaboración de textos orais coherentes e adecuados con corrección lingüística, de carácter dialogado e expositivo.
6. As linguas ambientais na nosa contorna.
7. Os signos de puntuación: o punto, a coma, o punto e coma, os dous puntos, os puntos suspensivos.

8. Usos de diferentes grafías para representar un mesmo fonema: r / rr.
9. Lectura comprensiva de textos literarios narrativos de certa extensión (en formato de libro), adecuados ao seu nivel, e identificar as principais características e os contidos máis relevantes.

4.5. METODOLOXÍA

4.5.1. Introducción

O Departamento de Lingua e Literatura Galegas establece os principios metodolóxicos que presupón que mellor se adaptan á materia e, mesmo ao grupo de alumnos/as a que se dirixen, repectando a liberdade de cátedra de cada profesor/a e partindo da premisa de que os profesores/as que imparten no mesmo curso traballen cunha metodoloxía semellante, sendo coordinados polo Xefe/a de Departamento.

4.5.2. Principios metodolóxicos

A materia de Lingua e Literatura Galegas é unha disciplina na que se interrelacionan como en todas as linguas os contidos secuenciados na programación. O traballo dos diversos contidos presenta unha interconexión que provoca que, independentemente da súa estrutura secuenciada, estean vinculados na aprendizaxe diaria.

As actividades de aprendizaxe serán variadas, permitindo distintas modalidades de aprendizaxe, así como distintos graos de dificultade; en ocasións versarán sobre exercicios do libro de texto, traballos individuais sobre temas específicos, traballos en grupo, práctica de lectura, de escrita... Partirase, en todo caso, dos coñecementos previos do alumnado.

As actividades propostas tratarán de estimular a participación e a creatividade. Fomentarase o recoñecemento persoal pola consecución de resultados, evitando sancións negativas cando non se consigan os resultados esperados. Terase en conta a interdisciplinabilidade con outras áreas, así como o tratamento dos temas transversais.

Fomentarase a socialización por medio da participación en actividades de grupo, así como a asistencia a actividades culturais dentro ou fóra da localidade para aspirar a unha formación o máis completa posible nesta disciplina que posibilite o coñecemento da nosa lingua. Fomentarase a utilización desta lingua dentro e fóra do ámbito escolar.

4.5.3. Actividades didácticas

- ◆ Actividades de introdución ao tema ou contido a desenvolver partindo dos coñecementos previos adquiridos na anterior etapa.
- ◆ Actividades de avaliación inicial nas que se tratará de indagar sobre os coñecementos previos e a aprendizaxe adquirida.
- ◆ Actividades de desenvolvemento de contidos que, mesmo faciliten ou propicien a adquisición doutros novos.
- ◆ Actividades que contrasten o aprendido coa aprendizaxe de novos contidos.
- ◆ Actividades de avaliación formativa que consistirán na realización de probas escritas individuais, traballos a realizar en equipo ou individualmente, proposición de temas para a realización de diversas actividades ben sexa na aula ou fóra dela.
- ◆ Actividades de recuperación ou reforzo para os alumnos/as que non acaden os obxectivos.
- ◆ No seu caso, actividades de ampliación para os alumnos/as que desenvolven

- satisfactoriamente as actividades de referencia programadas.
- ◆ Actividades específicas de lectura da que se fará seguimento na aula.

4.6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS CLAVE

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

- a) Extrae a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e académico, seguindo instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe.
- b) Extrae a intención comunicativa e a idea xeral de textos escritos sinxelos dos ámbitos social e académico, seguindo instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe.
- c) Realiza exposicións e narracións orais planificadas claras e áxiles e participa de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulacións, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adopta o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.
- d) Elabora narracións e descricións seguindo un modelo así como outros textos sinxelos propios da vida cotiá, das relacións sociais e dos medios de comunicación. Planifica e revisa os ditos textos coa axuda do profesorado aplicándolles normas básicas de adecuación, de coherencia, de cohesión, de corrección e de precisión léxica.

COMPETENCIA DIXITAL

- a) Consulta, baixo a dirección do profesorado, textos en diferentes soportes, co fin de extraer a información solicitada e incorporala ás propias producións.

COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

- a) Aplica os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito dirixido os propios textos.
- b) Recoñece, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñece e usa unha terminoloxía lingüística básica.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

- a) Observa os condicionantes máis evidentes da valoración e uso social do galego e utiliza a lingua galega con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.
- b) Recoñece a diversidade lingüística do mundo actual, con especial atención ao contorno peninsular; coñece e usa os dereitos lingüísticos.

COMPETENCIA DE SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

- a) Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu contido coa propia experiencia e recoñecendo os trazos xerais do xénero.

COMPETENCIA DE CONCIENCIA E EXRESIÓNS CULTURAI

- a) Utiliza os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente aos trazos xenéricos e á funcionalidade dos recursos retóricos.
- b) Participa de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos a empregar.

4.7. CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN; ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

4.7.1. Criterios de avaliación (Decreto 86/2015)

- ◆ Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (noticias de actualidade) e elaborar un resumo.
- ◆ Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e educativo, e seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
- ◆ Coñecer e apreciar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas.
- ◆ Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e identificar prexuízos ou mensaxes discriminatorias.
- ◆ Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para realizar exposicións orais planificadas e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas.
- ◆ Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
- ◆ Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
- ◆ Participar activamente en situacións propias do ámbito educativo (pedir aclaracións, intercambiar opinións e expor conclusións).
- ◆ Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.
- ◆ Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social.
- ◆ Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.
- ◆ Comprender, interpretar e sintetizar textos da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil e

normas e instrucións de uso.

- ◆ Comprender, interpretar e sintetizar escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.
- ◆ Comprender, interpretar e sintetizar escritos do ámbito educativo do alumnado, especialmente, textos descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, e información de dicionarios e enciclopedias en distintos soportes.
- ◆ Utilizar de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.
- ◆ Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexionar sobre os usos lingüísticos discriminatorios.
- ◆ Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.
- ◆ Planificar, producir e revisar o escrito co fin de producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.
- ◆ Producir, en formato papel ou dixital, textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.
- ◆ Producir, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente noticias, en formato papel ou dixital.
- ◆ Producir, en soporte impreso ou dixital, textos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.
- ◆ Producir textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.
- ◆ Usar, con progresiva autonomía, as TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) para planificar, revisar e mellorar a presentación dos escritos.
- ◆ Avaliar o seu proceso de aprendizaxe cunha actitude activa e de confianza.
- ◆ Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.
- ◆ Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.
- ◆ Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta en calquera soporte, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma.
- ◆ Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- ◆ Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.

- ◆ Recoñecer e explicar o uso das distintas categorías gramaticais, utilizar este coñecemento para distinguir erros e diferenciar as flexivas das non flexivas.
- ◆ Recoñecer, usar e reflexionar sobre os mecanismos da cohesión textual como a deíxe persoal.
- ◆ Recoñecer, usar e explicar os conectores textuais máis comúns (sobre todo os temporais e os explicativos).
- ◆ Coñecer as regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto.
- ◆ Recoñecer as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.
- ◆ Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe.
- ◆ Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.
- ◆ Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.
- ◆ Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, valorar positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.
- ◆ Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo dos contextos familiares do alumnado.
- ◆ Adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.
- ◆ Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas de España.
- ◆ Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.
- ◆ Recoñecer e apreciar as variantes diatópicas do galego.
- ◆ Ler, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos

adquiridos, procurando assimilar os trazos estéticos xerais que definen cada texto.

- ◆ Comparar textos literarios e non literarios e diferenciar textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.
- ◆ Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións de poemas recitados ou cantados, sinalar a temática ou temáticas abordadas e describir os valores estilísticos dos textos.
- ◆ Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñecer a funcionalidade dos elementos formais básicos.
- ◆ Ler dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e apreciar os seus compoñentes e procedementos máis relevantes.
- ◆ Escribir textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.
- ◆ Describir e caracterizar os trazos definitorios básicos do cómic e a canción como linguaxes artísticas.
- ◆ Familiarizarse, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.

4.7.2. Estándares de aprendizaxe

4.7.2.1. Estándares de aprendizaxe observábeis ao longo do curso

- ◆ Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e educativo.
- ◆ Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
- ◆ Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).
- ◆ Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal.
- ◆ Identifica e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.
- ◆ Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas.
- ◆ Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de novos e vellos prexuízos cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.
- ◆ Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega.
- ◆ Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas.
- ◆ Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

- ◆ Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).
- ◆ Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).
- ◆ Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.
- ◆ Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo, respectando as regras de interacción.
- ◆ Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.
- ◆ Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.
- ◆ Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.
- ◆ Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa.
- ◆ Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal ás súas producións orais.
- ◆ Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.
- ◆ Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.
- ◆ Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto.
- ◆ Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos: xornais, revistas, libros, enciclopedias, buscadores de Internet.
- ◆ Contrasta os contidos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.
- ◆ Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso.
- ◆ Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida educativa: webs educativas, información de dicionarios, glosarios e enciclopedias en distintos soportes.
- ◆ Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe guiadas, con progresiva autonomía.
- ◆ Usa de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.
- ◆ Manifesta unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexiona sobre os usos lingüísticos discriminatorios.
- ◆ Identifica e evita o uso de expresións habituais que evidencian prexuízos de distinta natureza: relixiosos, raciais e sexistas.
- ◆ Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto.
- ◆ Le en voz alta seguindo os patróns fonéticos do galego.
- ◆ Utiliza recursos das TIC para rexistrar a voz.
- ◆ Revisa o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.
- ◆ Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes

electrónicas ou de móbil.

- ◆ Utiliza, con progresiva autonomía, as funcións básicas dun procesador de textos para organizar os contidos e mellorar a presentación.
- ◆ Emprega os correctores ortográficos para resolver dúbidas e revisar a ortografía.
- ◆ Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias e alleas.
- ◆ Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe e mostra unha actitude positiva de superación.
- ◆ Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación.
- ◆ Obtén, de xeito autónomo, información lingüística relativa á clase de palabras e a normativa en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta.
- ◆ Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- ◆ Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos.
- ◆ Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir erros e distingue as flexivas das non flexivas.
- ◆ Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros, usando as regras de concordancia.
- ◆ Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación.
- ◆ Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
- ◆ Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.
- ◆ Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso na literatura de tradición oral e no xénero humorístico.
- ◆ Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) en lingua galega adaptados á súa idade.
- ◆ Coñece e valora os antropónimos galegos.
- ◆ Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.
- ◆ Le, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, e asimila os trazos estéticos xerais que definen cada texto.
- ◆ Escribe textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.
- ◆ Familiarízase, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.

4.7.2.2. Estándares de aprendizaxe de especial relevancia na 1ª avaliación

- ◆ Recoñece a intencionalidade do emisor a partir de elementos contextuais explícitos.
- ◆ Reconstrúe o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas.
- ◆ Interpreta o significado de elementos non lingüísticos (símbolos, iconas etc.).
- ◆ Utiliza esquemas sinxelos e notas para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto.
- ◆ Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo o requira a situación comunicativa.
- ◆ Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e dentro do sintagma verbal.
- ◆ Produce, en formato papel ou dixital, textos narrativos propios da vida educativa, especialmente, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes realizadas.
- ◆ Produce textos narrativos de feitos, e expositivos de ideas e conceptos.
- ◆ Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.
- ◆ Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual.
- ◆ Recoñece e explica nos textos as referencias deícticas persoais.
- ◆ Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos.
- ◆ Recoñece as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.
- ◆ Compara textos literarios e non literarios e describe as súas diferenzas e similitudes.
- ◆ Diferencia textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.
- ◆ Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñece a funcionalidade dos elementos formais básicos.
- ◆ Describe e caracteriza os trazos definatorios básicos do cómic como linguaxe artística.
- ◆ Identifica e describe, nun cómic dado, os principais trazos definatorios.

4.7.2.3. Estándares de aprendizaxe de especial relevancia na 2ª avaliación

- ◆ Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade).
- ◆ Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos.
- ◆ Identifica a intención comunicativa, as ideas principais e as secundarias de programas informativos.
- ◆ Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.
- ◆ Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.
- ◆ Comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.
- ◆ Produce, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.
- ◆ Coñece a estrutura do xornal (seccións e xéneros) e os elementos paratextuais que acompañan as noticias.
- ◆ Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos.

- ◆ Produce, en formato papel ou dixital, textos descritivos e expositivos propios da vida educativa, especialmente, resumos.
- ◆ Produce textos descritivos.
- ◆ Coñece a lexislación que regula os dereitos lingüísticos individuais.
- ◆ Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona.

4.7.2.4. Estándares de aprendizaxe de especial relevancia na 3ª avaliación

- ◆ Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.
- ◆ Coñece as principais variantes diatópicas do galego e clasifica producións lingüísticas segundo o bloque dialectal ao que pertencen.
- ◆ Aprecia as variantes diatópicas do galego como símbolo de riqueza lingüística e cultural.
- ◆ Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.
- ◆ Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.
- ◆ Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.
- ◆ Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas).
- ◆ Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual.
- ◆ Identificar as funcións sintácticas no seo da oración.
- ◆ Coñece as linguas que se falan en Galicia.
- ◆ Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contexto familiar e a do resto do alumnado.
- ◆ Le expresiva e comprensivamente, fai audicións de poemas recitados ou cantados, sinala a temática ou temáticas abordadas e describe os valores estilísticos dos textos.
- ◆ Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e aprecia os seus compoñentes e procedementos máis relevantes.
- ◆ Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da canción como linguaxe artística.
- ◆ Identifica e describe, nunha canción dada, os seus principais trazos definitorios.

4.7.3. Probas de avaliación

Antes de impartir unha nova unidade didáctica e tamén ao comezo do curso farase unha avaliación inicial mediante diferentes probas orais e/ou escritas para valorar os coñecementos previos que o alumnado ten sobre a materia a tratar. Estas probas orais e/ou escritas permitirán, ademais, establecer o nivel de coñecementos previos do alumnado, o grao de adquisición das competencias básicas e as posibles eivas a solventar.

En cada trimestre faranse dous exames escritos. Na medida do posíbel, procurarase que o primeiro deles estea referido a dúas unidades didácticas e o segundo a unha. Os exames suporán o 50% da nota total da avaliación. Tendo en conta que a materia de Lingua e literatura galega é de contidos progresivos poderase incluír en cada exame,

dunha forma máis ou menos explícita, aspectos xa valorados en probas anteriores.

Así mesmo, ao longo do curso, o alumnado de 1º de ESO, desenvolverá composicións escritas, dunha extensión mínima de 100 palabras, se non for indicado o contrario. Estes traballos, de carácter obrigatorio, realizaranse na propia aula e para a súa elaboración o alumnado contará con 45 minutos. O alumnado coñecerá previamente o modelo de texto que terá que desenvolver, mais non o tema, que lle será comunicado ao comezo da actividade. Será requisito imprescindible a súa realización, nas datas previstas, para a superación positiva da materia. Estes traballos de redacción elaboraranse nun folio branco que será facilitado polo profesor e serán manuscritos. Os modelos de textos para a realización dos traballos de redacción serán os traballados na aula

A cualificación na materia de Lingua e Literatura en cada avaliación corresponderase coa seguinte distribución:

- 50% polas probas escritas (2 en cada trimestre).
- 10% pola lectura do libro obrigatorio, lectura que se demostrará mediante unha proba escrita e na cal se avaliará a comprensión lectora .
- 10% polo traballo (dentro e fóra da aula : traballo diario, exercicios para a casa e caderno de clase) e comportamento social (actitude cara aos compañeiros, ideas cara á materia e cara á profesora; asistencia a clase...).
- 20% pola competencia activa na oralidade.
- 10% traballo/s escrito/s

PENALIZACIÓNS QUE SE APLICARÁN NAS AVALIACIÓNS:

Na cualificación final de cada trimestre efectuaranse as seguintes penalizacións:

- 0,10 por cada negativo por non realizar na aula ou na casa as tarefas encargadas polo profesor/a ou por non traer o material de traballo, (até un máximo de 1 pto.) e 0,10 por cada chamada de atención na aula por molestar ou presentar actitude negativa ante a materia e /ou profesor (até un máximo de 1 punto)

- 0,1 por cada dous avisos por non expresarse en galego durante os períodos lectivos da materia,, tal e como dispón o artigo 7.2 do Decreto 79/2010 e pola consideración, respecto e cumprimento da normalización do noso idioma, que debe ser utilizar o galego como lingua vehicular, até un máximo de 0,5 ptos.

Ademais dos contidos conceptuais, tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderán descontar até un máximo de 2 puntos por erros ortográficos. Os erros poderán ser:

-Moi graves: aquelas solucións que son alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono...). Descontaranse 0,2 puntos.

-Graves: solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y...).

Acentuación diacrítica. Descontaranse 0,1 puntos.

-Leves: solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Penalización con 0,05 puntos.

Para obter un resultado positivo en cada avaliación o alumnado deberá acadar unha nota mínima media de cinco.

A nota final de cada avaliación será a suma das notas obtidas en todos os apartados anteriores, sempre que a nota da proba escrita non sexa inferior a **1,5**. Neste caso non fará media e a nota nunca será superior a un catro.

Para obter un resultado positivo en cada avaliación, o alumnado deberá acadar unha nota mínima media de cinco. De non ser así, haberá unha proba de recuperación na que só terá en conta a nota da proba de contidos gramaticais e literarios traballados en dita avaliación. De non ter aprobada a lectura obrigatoria do trimestre tamén poderá recuperala nese exame.

Serán tres avaliacións e a nota final de xuño obterase computando como 30% a cualificación tanto da 1ª como da 2ª avaliación e como 40% a da terceira. Se a cualificación é negativa amosará que o alumno/a non foi quen de superar os obxectivos programados e terá a oportunidade de presentarse, con toda a materia, na convocatoria ordinaria de xuño e, se for necesario, na extraordinaria de setembro, na cal se terá en conta a cualificación dunha única proba escrita.

O feito de sorprendere a un alumno copiando -por un compañeiro, mediante chuleta, usando o libro de texto e/ou por calquera outro medio- durante a realización dalgunha das probas escritas e/ou orais das que se compón unha avaliación, implicará o suspenso automático nesa proba (cero). En caso de que esta incidencia se producise durante a realización do exame extraordinario de setembro, suspenderá consecuentemente a materia nesa convocatoria.

Se un alumno/a falta xustificadamente a unha proba (xustificante oficial, médico ou outros) repetiráselle o exame. No caso de falta inxustificable, puntuaráselle esa proba como cero.

As reclamacións do alumnado ou dos seus pais, nais ou titores legais sobre a cualificación das probas ou sobre as cualificacións trimestrais e final serán atendidas cinguíndose á lexislación vixente.

4.8. MATERIAIS / RECURSOS

- ◆ Libro de texto *Lingua e Literatura 1*, de Ed. Xerais.
- ◆ Libro dixital desa mesma editora e nivel.
- ◆ Libros de lectura, dos cales haxa dispoñibilidade suficiente na biblioteca do centro, así como nas bibliotecas municipais da nosa contorna.
- ◆ Material fotocopiábel da Proposta didáctica, así como textos extraídos de diferentes fontes (páxinas web, libros de creación, manuais de divulgación, medios de

comunicación...) que ilustren os diferentes modelos textuais que imos tratar ao longo do curso.

- ◆ Dicionarios en papel e dixitais.
- ◆ Enciclopedias en papel e dixitais.
- ◆ Xornais en papel e dixitais, así como os lugares na rede de diferentes medios de comunicación en galego (CRTVG, Radiofusión...)
- ◆ Caderno.
- ◆ Outros, cuxa necesidade ou conveniencia se vaia detectando ao longo do curso.

Relación de libros de lectura

- 1ª avaliación: FRANCISCO CASTRO, *Chamádeme Simbad*, Galaxia.
- 2ª avaliación: ANTÍA YÁÑEZ RODRÍGUEZ, *O misterio de Portomarín*, Galaxia.
- 3ª avaliación: NÚÑEZ SINGALA, X.M.; *O achado do castro*, Sotelo Blanco/Ed. Galaxia.

5.2º ESO

PROFESORA: ESTHER LÓPEZ FRAGA

5.1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

Os obxectivos didácticos son os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os

comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuindo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

5.2.CONTIDOS (Decreto 86/2015)

Indícanse entre parénteses as competencias básicas con que se vinculan.

BLOQUE I. Comunicación oral. escoitar e falar.

1. Comprensión, interpretación e resumo de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual.

[*Comunicación lingüística; Aprender a aprender*]

2. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais utilizados no ámbito social e educativo. [*Comunicación lingüística; Aprender a aprender*]

3. Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado. [*Comunicación lingüística; Sociais e cívicas; Sentido da iniciativa e espírito emprendedor*]

4. Escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas. [*Comunicación lingüística; Aprender a aprender; Sociais e cívicas; Sentido da iniciativa e espírito emprendedor*]

5. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e cunha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. [*Comunicación lingüística; Aprender a aprender; Conciencia e expresións culturais*]

6. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. [*Comunicación lingüística; Sociais e cívicas*]

7. Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade. [*Comunicación lingüística; Competencia dixital; Aprender a aprender; Sociais e cívicas; Sentido da iniciativa e espírito emprendedor*]

8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión. [*Comunicación lingüística; Aprender a aprender; Sociais e cívicas*]

9. Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais. [*Comunicación lingüística; Aprender a aprender; Sociais e cívicas; Sentido da iniciativa e espírito emprendedor*]

10. Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativo. [*Comunicación lingüística; Aprender a aprender; Sociais e cívicas; Sentido da iniciativa e espírito emprendedor; Conciencia e expresións culturais*]

BLOQUE II. Comunicación escrita. Ler e escribir.

1. Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos, etc. [*Comunicación lingüística; Aprender a aprender*]

2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos aos intereses do alumnado: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes. [*Comunicación lingüística; Sociais e cívicas*]
3. Comprensión e interpretación, en formato papel e dixital, de textos propios dos medios de comunicación (noticias). [*Comunicación lingüística; Sociais e cívicas*]
4. Comprensión e interpretación, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias. [*Comunicación lingüística; Aprender a aprender; Dixital*]
5. Uso, progresivamente autónomo, das bibliotecas e das TIC para seleccionar información. [*Comunicación lingüística; Aprender a aprender; Dixital*]
6. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura para identificar usos lingüísticos discriminatorios, manifestar posturas de acordo e desacordo e expor razoadamente as ideas respectando as ideas dos demais. [*Comunicación lingüística; Sociais e cívicas*]
7. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función, con posibilidade de usar recursos audiovisuais para o rexistro de voz. [*Comunicación lingüística; Dixital*]
8. Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia, cohesión e corrección nas relacións internas e externas dos contidos do texto. [*Comunicación lingüística; Dixital*]
9. Produción, en formato papel ou dixital, de escritos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros. [*Comunicación lingüística; Dixital; Sociais e cívicas*]
10. Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación (noticias). [*Comunicación lingüística; Dixital; Sociais e cívicas*]
11. Produción, en formato papel ou dixital, de textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descrições e explicacións sobre contidos das materias curriculares. [*Comunicación lingüística; Dixital*]
12. Produción e síntese, en formato papel ou dixital, de textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narrativos e descritivos. [*Comunicación lingüística; Dixital*]
13. Uso das TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) tanto para a textualización, como para a revisión e mellora do escrito. [*Comunicación lingüística; Dixital*]
14. Valoración da escritura como fonte de aprendizaxe e como forma de comunicar experiencias, ideas e coñecementos propios. [*Comunicación lingüística; Dixital; Sociais e cívicas; Conciencia e expresións culturais*]

BLOQUE III. Funcionamento da lingua

1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con

incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula. [*Comunicación lingüística*]

2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias. [*Comunicación lingüística; Aprender a aprender*]

3. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta en calquera soporte, especialmente sobre flexión, relación semántica e normativa. [*Comunicación lingüística; Aprender a aprender*]

4. Coñecemento, comparación, uso e valoración das normas que regulan os textos orais e escritos, propios e alleos. [*Comunicación lingüística; Dixital*]

5. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. [*Comunicación lingüística*]

6. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual. [*Comunicación lingüística*]

7. Recoñecemento da estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellora da comprensión e produción textuais. [*Comunicación lingüística; Aprender a aprender*]

8. Recoñecemento, uso e explicación dos nexos e conectores textuais (espaciais, de oposición e contraste) e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos. [*Comunicación lingüística; Aprender a aprender*]

9. Coñecemento dos compoñentes sintácticos no nivel da frase para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto. [*Comunicación lingüística*]

10. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso. [*Comunicación lingüística; Aprender a aprender*]

11. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. [*Comunicación lingüística; Aprender a aprender*]

12. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. [*Comunicación lingüística; Aprender a aprender*]

BLOQUE IV. Lingua e sociedade

1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. [*Comunicación lingüística; Aprender a aprender; Dixital; Sociais e cívicas; Conciencia e expresións culturais*]

2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade. [*Comunicación lingüística;*

Aprender a aprender; Dixital; Sociais e cívicas; Conciencia e expresións culturais]

3. A lusofonía. [*Comunicación lingüística; Aprender a aprender; Dixital; Sociais e cívicas; Conciencia e expresións culturais]*
4. Situación sociolingüística do galego. [*Comunicación lingüística; Sociais e cívicas; Conciencia e expresións culturais]*
5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega. [*Comunicación lingüística; Sociais e cívicas; Conciencia e expresións culturais]*
6. Situación legal das linguas do Estado español. [*Comunicación lingüística; Sociais e cívicas]*
7. Prexuízos lingüísticos. [*Comunicación lingüística; Sociais e cívicas]*
8. Recoñecemento das variantes diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal. [*Comunicación lingüística; Sociais e cívicas]*

BLOQUE V. Educación literaria

1. Lectura, con regularidade, de obras literarias e desenvolvemento dun criterio lector; emisión dunha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valoración do uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe. [*Comunicación lingüística]*
2. Lectura expresiva e comprensiva e audición de poemas recitados ou cantados; determinación do tema principal, a estrutura xeral e os principais recursos estilísticos. [*Comunicación lingüística]*
3. Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e localización e descrición dos elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais. [*Comunicación lingüística]*
4. Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e recoñecemento dos compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros. [*Comunicación lingüística]*
5. Comparación de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. [*Comunicación lingüística]*
6. Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. [*Comunicación lingüística]*
7. Producción de textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. [*Comunicación lingüística;*

Conciencia e expresións culturais]

8. Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica. [*Comunicación lingüística; Conciencia e expresións culturais]*

9. Aproveitamento, baixo guía, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes. [*Comunicación lingüística; Dixital]*

5.3. SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS

A temporalización dos contidos depende fundamentalmente das características do alumnado de cada grupo e do desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, de maneira que a temporalización que aquí propoñemos ha de ser tomada en consideración sempre como orientativa.

5.3.1. Contidos da 1ª avaliación

- Escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas.
- Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.
- Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais.
- Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativo.
- Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos, etc.
- Comprensión e interpretación, en formato papel e dixital, de textos propios dos medios de comunicación (noticias).
- Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
- Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función, con posibilidade de usar recursos audiovisuais para o rexistro de voz.
- Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia, cohesión e corrección nas relacións internas e externas dos contidos do texto.
- Producción, en formato papel ou dixital, de escritos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.
- Producción, en formato papel ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación

(noticias).

- Produción e síntese, en formato papel ou dixital, de textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narrativos e descritivos.
- Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.
- A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.
- Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- Recoñecemento da estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellora da comprensión e produción textuais.
- Recoñecemento, uso e explicación dos nexos e conectores textuais (espaciais, de oposición e contraste) e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.
- Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.
- Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.
- A lusofonía.
- Coñecemento, comparación, uso e valoración das normas que regulan os textos orais e escritos, propios e alleos.
- Lectura, con regularidade, de obras literarias e desenvolvemento dun criterio lector; emisión dunha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valoración do uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.
- Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e localización e descrición dos elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.
- Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.
- Produción de textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.

5.3.2. Contidos da 2ª avaliación

- Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e cunha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
- Comprensión e interpretación, en formato papel e dixital, de textos propios dos medios

de comunicación (noticias).

- Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia, cohesión e corrección nas relacións internas e externas dos contidos do texto.
- Producción, en formato papel ou dixital, de escritos propios da vida cotiá e das relacións sociais: solicitudes e participación en foros.
- Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativo.
- Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos, etc.
- Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos aos intereses do alumnado: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.
- Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función, con posibilidade de usar recursos audiovisuais para o rexistro de voz.
- Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia, cohesión e corrección nas relacións internas e externas dos contidos do texto.
- Producción, en formato papel ou dixital, de escritos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.
- Producción, en formato papel ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación (noticias).
- Producción e síntese, en formato papel ou dixital, de textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narrativos e descritivos.
- Producción, en formato papel ou dixital, de textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descrições e explicacións sobre contidos das materias curriculares.
- Uso das TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) tanto para a textualización, como para a revisión e mellora do escrito.
- Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.
- Coñecemento, comparación, uso e valoración das normas que regulan os textos orais e escritos, propios e alleos.
- Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- Recoñecemento da estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellora da comprensión e produción textuais.
- Coñecemento dos compoñentes sintácticos no nivel da frase para elaborar enunciados,

orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.

- O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Situación sociolingüística do galego.
- Prexuízos lingüísticos.
- Lectura, con regularidade, de obras literarias e desenvolvemento dun criterio lector; emisión dunha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valoración do uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.
- Lectura expresiva e comprensiva e audición de poemas recitados ou cantados; determinación do tema principal, a estrutura xeral e os principais recursos estilísticos.
- Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e localización e descrición dos elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.
- Comparación de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.
- Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.
- Producción de textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.

5.3.3. Contidos da 3ª avaliación

- Comprensión, interpretación e resumo de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual.
- Comprensión e interpretación, en formato papel e dixital, de textos propios dos medios de comunicación (noticias).
- Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
- Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade.
- Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia, cohesión e corrección nas relacións internas e externas dos contidos do texto.
- Producción, en formato papel ou dixital, de escritos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.
- Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativo.

- Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos, etc.
- Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos aos intereses do alumnado: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.
- Comprensión e interpretación, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.
- Uso, progresivamente autónomo, das bibliotecas e das TIC para seleccionar información.
- Actitude reflexiva e crítica ante a lectura para identificar usos lingüísticos discriminatorios, manifestar posturas de acordo e desacordo e expor razoadamente as ideas respectando as ideas dos demais.
- Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función, con posibilidade de usar recursos audiovisuais para o rexistro de voz.
- Producción, en formato papel ou dixital, de escritos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.
- Producción, en formato papel ou dixital, de textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descrições e explicacións sobre contidos das materias curriculares.
- Producción e síntese, en formato papel ou dixital, de textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narrativos e descritivos.
- Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.
- Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta en calquera soporte, especialmente sobre flexión, relación semántica e normativa.
- Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.
- Coñecemento dos compoñentes sintácticos no nivel da frase para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.
- Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso.
- Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.
- Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e

colectivo do uso normalizado da lingua galega.

- Recoñecemento das variantes diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal.
- Lectura, con regularidade, de obras literarias e desenvolvemento dun criterio lector; emisión dunha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valoración do uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.
- Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e localización e descrición dos elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.
- Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e recoñecemento dos compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.
- Comparación de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.
- Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.
- Produción de textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.
- Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica.
- Aproveitamento, baixo guía, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.

5.4.CONTIDOS DE GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN

5.4.1. 1ª avaliación

- Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.
- Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais.
- Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativo.
- Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos, etc.
- Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á

intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

- Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia, cohesión e corrección nas relacións internas e externas dos contidos do texto.
- Produción, en formato papel ou dixital, de escritos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.
- Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación (noticias).
- A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.
- Ter lido o libro de lectura obrigatoria.

5.4.2. 2ª avaliación

- Produción, en formato papel ou dixital, de escritos propios da vida cotiá e das relacións sociais: solicitudes.
- Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativo.
- Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos, etc.
- Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos aos intereses do alumnado: solicitudes.
- Produción, en formato papel ou dixital, de escritos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.
- Produción e síntese, en formato papel ou dixital, de textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narrativos e descritivos.
- Produción, en formato papel ou dixital, de textos de carácter educativo: explicacións sobre contidos das materias curriculares.
- Ter lido o libro de lectura obrigatoria.

5.4.3. 3ª avaliación

- Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
- Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade.
- Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia, cohesión e corrección nas relacións internas e externas dos contidos do texto.
- Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura

comprensiva: esquemas, resumos, etc.

- Comprensión e interpretación, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.
- Producción, en formato papel ou dixital, de textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descrições e explicacións sobre contidos das materias curriculares.
- Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.
- Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso.
- Ter lido o libro de lectura obrigatoria.

5.5. METODOLOXÍA

5.5.1.Introdución

O Departamento de Lingua e Literatura Galegas establece os principios metodolóxicos que presupón que mellor se adaptan á materia e, mesmo ao grupo de alumnos/as a que se dirixen, repectando a liberdade de cátedra de cada profesor/a e partindo da premisa de que os profesores/as que imparten no mesmo curso traballen cunha metodoloxía común sendo coordinados polo Xefe/a de Departamento.

5.5.2.Principios metodolóxicos

A materia de Lingua e Literatura Galegas é unha disciplina na que se interrelacionan como en todas as linguas os contidos secuenciados na programación. O traballo dos diversos contidos presenta unha interconexión que provoca que, independentemente, da súa estrutura secuenciada, se interrelacionen na aprendizaxe diaria.

As actividades de aprendizaxe serán variadas, permitindo distintas modalidades de aprendizaxe, así como distintos graos de dificultade; en ocasións versarán sobre exercicios do libro de texto, traballos individuais sobre temas específicos, traballos en grupo, práctica de lectura, de escrita... Partirase, en todo caso, dos coñecementos previos do alumnado.

As actividades propostas tratarán de estimular a participación e a creatividade. Fomentarase o recoñecemento persoal pola consecución de resultados, evitando sancións negativas cando non se consigan os resultados esperados. Terase en conta a interdisciplinabilidade con outras áreas, así como o tratamento dos temas transversais.

Fomentarase a socialización por medio da participación en actividades de grupo, así como a asistencia a actividades culturais dentro ou fóra da localidade para aspirar a unha formación o máis completa posible nesta disciplina que posibilite o coñecemento da

nosa lingua. Fomentarase a utilización desta lingua dentro e fóra do ámbito escolar.

5.5.3.Actividades didácticas

- Actividades de introdución ao tema ou contido a desenvolver partindo dos coñecementos previos adquiridos na anterior etapa.
- Actividades de avaliación inicial nas que se tratará de indagar sobre os coñecementos previos e a aprendizaxe adquirida.
- Actividades de desenvolvemento de contidos que, mesmo faciliten ou propicien a adquisición doutros novos.
- Actividades que contrasten o aprendido coa aprendizaxe de novos contidos.
- Actividades de avaliación formativa que consistirán na realización de probas escritas individuais, traballos a realizar en equipo ou individualmente, proposición de temas para a realización de diversas actividades ben sexa na aula ou fóra dela.
- Actividades de recuperación ou reforzo para os alumnos/as que non acaden os obxectivos.
- No seu caso, actividades de ampliación para os alumnos/as que desenvolven satisfactoriamente as actividades de referencia programadas.
- Actividades específicas de lectura da que se fará seguimento na aula.

5.6.CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN; ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

5.6.1.Criterios de avaliación (Decreto 86/2015)

- Comprender e interpretar a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación (crónicas, reportaxes e documentais) e elaborar esquemas e resumos.
- Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos ámbitos social e educativo.
- Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.
- Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas.
- Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
- Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

- Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas.
- Participar activamente en situación propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.
- Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.
- Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou educativa.
- Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.
- Comprender e interpretar, en formato papel ou dixital, textos propios dos medios de comunicación (noticias).
- Comprender e interpretar en formato papel ou dixital, textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.
- Seleccionar a información que se obtén nas bibliotecas, nas TIC e outras fontes e integrar os coñecementos adquiridos non proceso de aprendizaxe continua.
- Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios e manifestar posturas de acordo ou desacordo e respecto ás mensaxes expresadas.
- Ler en voz alta co dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función.
- Usar procedementos de planificación e revisión para conseguir a adecuación, coherencia, cohesión e corrección dos contidos nas relacións internas e externas do texto.
- Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.
- Producir, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo (noticias).
- Producir, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descrições e explicacións sobre contidos das materias curriculares.
- Producir e sintetizar, en formato papel ou dixital, textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narracións e descrições.
- Usar as TIC para textualizar, revisar e mellorar os escritos: procesadores de texto, programas de presentación e dicionarios electrónicos.
- Valorar a escritura como fonte de aprendizaxe e como unha forma de comunicar experiencias, ideas e coñecementos propios.

- Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.
- Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.
- Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta, en papel ou en soporte electrónico, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma.
- Coñecer, usar e valorar as normas que regulan os textos orais e escritos.
- Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.
- Recoñecer a estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para mellorar a comprensión e produción textuais.
- Recoñecer e usar os nexos textuais de espazo, oposición e contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.
- Coñecer os compoñentes sintácticos para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.
- Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe.
- Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.
- Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.
- Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.
- Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.
- Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega no contorno.
- Coñecer as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.
- Describir a situación legal das linguas do Estado español.
- Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.
- Identificar e clasificar as variantes diafásicas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega e valorala como variante unificadora, así como apreciar a variante diatópica propia.

- Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionar o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valorar o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.
- Ler expresiva e comprensivamente e facer audicións de poemas recitados ou cantados, determinar o tema principal, a estrutura xeral e pór de relevo os principais recursos estilísticos.
- Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localizando e describindo os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.
- Ler dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e recoñecer os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.
- Comparar textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.
- Analizar textos literarios, de maneira guiada, identificar os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.
- Escribir textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.
- Describir e caracterizar os trazos definatorios básicos da linguaxe cinematográfica.
- Servirse, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.

5.6.2. Estándares de aprendizaxe

5.6.2.1. Estándares de aprendizaxe observábeis ao longo do curso

- Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).
- Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal.
- Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo con respecto ás regras de interacción e ás opinións alleas.
- Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.
- Expresa e compara con compañeiras/os a súa opinión sobre unha obra de lectura.
- Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.
- Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en

escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.

- Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal nas prácticas orais da lingua.
- Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral.
- Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.
- Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.
- Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.
- Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa.
- Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.
- Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas.
- Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións.
- Identifica a idea principal e as secundarias e comprende a relación existente entre elas.
- Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto.
- Compila información para comprender e ampliar o coñecemento das mensaxes: busca bibliografía; consulta libros, revistas, xornais; utiliza recursos audiovisuais e buscadores de internet.
- Contrasta os contidos dos textos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.
- Comprende e interpreta a información máis relevante de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.
- Comprende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá.
- Comprende e interpreta normas de convivencia, regras de xogos, correspondencia escolar.
- Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados (interpreta os signos de puntuación) á situación comunicativa e á función da mensaxe.
- Usa recursos audiovisuais para rexistrar a voz.
- Elabora esquemas sinxelos para ordenar as ideas e estruturar o texto.
- Adecúa as súas producións ao rexistro formal e educativo.
- Utiliza elementos lingüísticos e discursivos de cohesión interna do texto (a deíxe, as

referencias internas de tipo léxico e os conectores).

- Usa os signos de puntuación do texto en relación coa organización oracional e coa forma do texto (os parágrafos e a distribución e ordenación das ideas expresadas).
- Revisa e reescribe o texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas.
- Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos e correctores.
- Complementa as producións con elementos textuais e paratextuais: ilustracións e gráficos.
- Produce textos propios da vida cotiá e das relacións persoais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.
- Produce, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo (noticias).
- Produce, en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente, narrativos e descritivos.
- Sintetiza e resume narracións e descrições sen parafrasear o texto resumido.
- Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa.
- Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos.
- Coñece e utiliza adecuadamente substantivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos.
- Exprésase, con estilo propio, utilizando os recursos da lingua con flexibilidade e creatividade.
- Completa, transforma e elabora enunciados de maneira axeitada e correcta atendendo aos compoñentes sintácticos.
- Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.
- Coñece as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo.
- Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.
- Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade e relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos.
- Describe o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe nos textos literarios.
- Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os

elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.

- Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.
- Compara textos pertencentes ao mesmo xénero pero a diferentes subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.
- Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.
- Escribe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.

5.6.2.2. Estándares de aprendizaxe de especial relevancia na 1ª avaliación

- Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas.
- Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.
- Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións.
- Comprende e interpreta textos propios dos medios de comunicación (noticias).
- Localiza a información destacada de textos propios dos medios de comunicación: portadas e titulares.
- Detecta mensaxes que transmiten prexuízos e evita usos lingüísticos discriminatorios.
- Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.
- Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.
- Respecta as opinións dos demais.
- Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.
- Identifica e usa distintos tipos de conectores de espazo, oposición, contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que lle proporcionan cohesión a un texto.
- Utiliza os elementos lingüísticos para a cohesión interna.
- Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos.
- Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplica estes

conceptos ao caso galego.

- Coñece as linguas que se falan en España e valora a súa existencia como un elemento de riqueza cultural.
- Coñece as linguas que se falan na actualidade en Galicia por mor da emigración.
- Valora a importancia da relación de Galicia coa comunidade lusófona e coñece os territorios que a integran.
- Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) e educativos en lingua galega adaptados á súa idade e compáraos con outros similares da lusofonía.
- Coñece a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción no ámbito educativo e local.

5.6.2.3. Estándares de aprendizaxe de especial relevancia na 2ª avaliación

- Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correcta, recoñece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solucións para melloralas.
- Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia galega.
- Asume, se a posúe, a variante dialectal propia e utilízaa na súa práctica habitual.
- Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos, e correctores para textualizar e revisar e mellorar os escritos.
- Completa, transforma e valora textos orais ou escritos de maneira adecuada e correcta atendendo ás normas.
- Describe a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contorno (concello e comarca), compáraa coa situación doutros contextos e analiza as diferenzas.
- Coñece e valora os topónimos galegos.
- Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter estético e socioeconómico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.
- Le expresiva e comprensivamente e fai audicións de poemas recitados ou cantados, determina o tema principal, a estrutura xeral e pon de relevo os principais recursos estilísticos.

5.6.2.4. Estándares de aprendizaxe de especial relevancia na 3ª avaliación

- Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais).

- Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos.
- Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
- Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).
- Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).
- Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.
- Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.
- Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente.
- Comprende e interpreta textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.
- Identifica as características específicas de todo tipo de textos nos que se expoñan feitos e se expliquen ideas e conceptos das distintas materias curriculares.
- Utiliza, de forma progresivamente autónoma, diversas fontes de información e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais e escritos.
- Coñece e utiliza habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital.
- Coñece o funcionamento das bibliotecas, así como as bibliotecas dixitais e é quen de solicitar libros e vídeos de xeito autónomo.
- Produce, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descrições e explicacións sobre contidos das materias curriculares.
- Obtén, de xeito autónomo, información lingüística de todo tipo en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta.
- Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual.
- Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación, propondo solucións para a súa mellora.
- Identifica e clasifica as variantes diafásicas do galego.
- Analiza a súa práctica lingüística e identifica nela os trazos propios da xerxa estudantil.
- Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora.
- Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.
- Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e recoñece os compoñentes

e procedementos que caracterizan os subxéneros.

- Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica.
- Identifica e describe os principais trazos da linguaxe cinematográfica nunha ou varias secuencias fílmicas.
- Sérvese, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.

5.6.3. Probas de avaliación

Antes de impartir unha nova unidade didáctica e tamén ao comezo do curso farase unha avaliación inicial mediante diferentes probas orais e/ou escritas para valorar os coñecementos previos que o alumnado ten sobre a materia a tratar. Estas probas orais e/ou escritas permitirán, ademais, establecer o nivel de coñecementos previos do alumnado, o grao de adquisición das competencias básicas e as posibles eivas a solventar.

En cada trimestre faranse dous exames escritos. Na medida do posíbel, procurarase que o primeiro deles estea referido a dúas unidades didácticas e o segundo a unha. Os exames suporán o 50% da nota total da avaliación. Tendo en conta que a materia de Lingua e literatura galega é de contidos progresivos poderase incluír en cada exame, dunha forma máis ou menos explícita, aspectos xa valorados en probas anteriores.

Así mesmo, ao longo do curso, o alumnado de 1º de ESO, desenvolverá seis composicións escritas, dunha extensión mínima de 100 palabras, se non for indicado o contrario. Estes traballos, de carácter obrigatorio, realizaranse na propia aula e para a súa elaboración o alumnado contará con 45 minutos. O alumnado coñecerá previamente o modelo de texto que terá que desenvolver, mais non o tema, que lle será comunicado ao comezo da actividade. Será requisito imprescindible a súa realización, nas datas previstas, para a superación positiva da materia. Estes traballos de redacción elaboraranse nun folio branco que será facilitado polo profesor e serán manuscritos. Os modelos de textos para a realización dos traballos de redacción serán os practicados na clase en cada avaliación.

A cualificación na materia de Lingua e Literatura en cada avaliación corresponderase coa seguinte distribución:

- 50% polas probas escritas (2 en cada trimestre).
- 10% pola lectura do libro obrigatorio, lectura que se demostrará mediante unha proba escrita e na cal se avaliará a comprensión lectora .
- 10% polo traballo (dentro e fóra da aula : traballo diario, exercicios para a casa e caderno de clase) e comportamento social (actitude cara aos compañeiros, ideas cara á materia e cara á profesora; asistencia a clase...).
- 20% pola competencia activa na oralidade.
- 10% traballo/s escrito/s

PENALIZACIÓNS QUE SE APLICARÁN NAS AVALIACIÓNS:

Na cualificación final de cada trimestre efectuaranse as seguintes penalizacións:

- 0,10 por cada negativo por non realizar na aula ou na casa as tarefas encargadas polo profesor/a ou por non traer o material de traballo, (até un máximo de 1 pto.) e 0,10 por cada chamada de atención na aula por molestar ou presentar actitude negativa ante a materia e /ou profesor (até un máximo de 1 punto)

- 0,1 por cada dous avisos por non expresarse en galego durante os períodos lectivos da materia, tal e como dispón o artigo 7.2 do Decreto 79/2010 e pola consideración, respecto e cumprimento da normalización do noso idioma, que debe ser utilizar o galego como lingua vehicular, até un máximo de 0,5 ptos.

Ademais dos contidos conceptuais, tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderán descontar até un máximo de 2 puntos por erros ortográficos. Os erros poderán ser:

-Moi graves: aquelas solucións que son alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono...). Descontaranse 0,2 puntos.

-Graves: solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y...). Acentuación diacrítica. Descontaranse 0,1 puntos.

-Leves: solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Penalización con 0,05 puntos.

Para obter un resultado positivo en cada avaliación o alumnado deberá acadar unha nota mínima media de cinco.

A nota final de cada avaliación será a suma das notas obtidas en todos os apartados anteriores, sempre que a nota da proba escrita non sexa inferior a 1,5 . Neste caso non fará media e a nota nunca será superior a un catro..

Para obter un resultado positivo en cada avaliación, o alumnado deberá acadar unha nota mínima media de cinco . De non ser así, haberá unha proba de recuperación na que só terá en conta a nota da proba de contidos gramaticais e literarios traballados en dita avaliación. No caso de ter que facer a recuperación e non ter lido o libro de lectura, poderá recuperalo neste exame.

Serán tres avaliacións e a nota final de xuño obterase computando como 30% a cualificación tanto da 1ª como da 2ª avaliación e como 40% a da terceira. Se a cualificación é negativa amosará que o alumno/a non foi quen de superar os obxectivos programados e terá a oportunidade de presentarse, con toda a materia, na convocatoria ordinaria de xuño e se é o caso, na extraordinaria de setembro, na cal se terá en conta a cualificación dunha única proba escrita.

O feito de sorprenden a un alumno copiando -por un compañeiro, mediante chuleta, usando o libro de texto e/ou por calquera outro medio- durante a realización dalgunha das probas escritas e/ou orais das que se compón unha avaliación, implicará o suspenso automático nesa proba (cero). En caso de que esta incidencia se producise durante a realización do exame extraordinario de setembro, suspenderá consecuentemente a materia nesa convocatoria.

Se un alumno/a falta xustificadamente a unha proba (xustificante oficial, médico ou outros) repetiráselle o exame. No caso de falta inxustificable, puntuaráselle esa proba como cero.

5.7.MATERIAIS / RECURSOS

- Libro de texto *Lingua e Literatura 2*, de Ed. Xerais.
- Libro dixital.
- Libros de lectura, dos cales haxa dispoñibilidade suficiente na biblioteca do centro, así como nas municipais.
- Material fotocopiábel da Proposta didáctica, así como textos extraídos de diferentes fontes (páxinas web, libros de creación, manuais de divulgación, medios de comunicación...) que ilustren os diferentes modelos textuais que imos tratar ao longo do curso.
- Pizarra convencional e pantalla dixital.
- Ordenador de aula do/da Profesor/a.
- Ordenador individual para cada alumno/a.
- Dicionarios en papel e dixitais.
- Enciclopedias en papel e dixitais.
- Caderno.
- Outros, cuxa necesidade ou conveniencia se vaia detectando ao longo do curso.

LIBROS DE LECTURA:

1ª AVALIACIÓN: FERNÁNDEZ PAZ, Agustín. *Cartas de inverno*. Edit. Xerais

2ª AVALIACIÓN: COSTAS, Leticia. *Escarlatina, a cocíñeira defunta*. Ed. Xerais.

3ª AVALIACIÓN: COSTAS, Leticia, *O segredo do lagarto arnal*, Bahía.

6. 3º DE E.S.O

PROFESORA: CARMEN OTERO FRAGA

6.1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

Os obxectivos didácticos son os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras

persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

6.2. CONTIDOS (Decreto 86/2015)

BLOQUE 1. Comunicación oral. escoitar e falar.

- Comprensión e interpretación de textos orais propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención ás entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes.
- escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas.
- Comprensión, interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos.
- Comprensión, interpretación e valoración de textos orais usados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).
- Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado.
- Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
- Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.
- Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais.
- Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa.
- Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade.

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir

- Uso de técnicas de análise do contido e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.
- Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos.
- Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación e distinción dos contidos informativos e das opinións en entrevistas, crónicas e reportaxes.
- Comprensión e interpretación dos textos propios do ámbito educativo, especialmente os expositivos e explicativos (enciclopedias, webs educativas e outros materiais de consulta).
- Identificación do tema e dos subtemas, a estrutura comunicativa das mensaxes e a intención do emisor dos textos expositivos e explicativos.
- Uso case autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter, organizar e seleccionar a información.
- Actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto, para detectar prexuízos e discriminacións.
- Lectura fluída en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego.
- Producción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e intervencións en foros.
- Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, entrevistas, crónicas e reportaxes.
- Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos expositivos do ámbito educativo a partir da información obtida na biblioteca ou outras fontes de documentación.
- Planificación, produción e revisión do texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.
- Utilización das TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir erros.
- Uso das TIC como un medio de comunicación e interrelación social a través da escritura.

Bloque 3. Funcionamento da lingua

- Recoñecemento, explicación e uso de léxico amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático. Recoñecemento e identificación das categorías gramaticais.
- Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras (derivación e composición).
- A fonética e a fonoloxía do galego con especial atención a posibles interferencias.
- Uso progresivo, autónomo e eficaz dos dicionarios, das bibliotecas e doutras fontes de consulta en diferentes soportes, especialmente sobre cuestións de uso, de norma e como fonte de obtención de información.
- Coñecemento, aplicación e valoración das normas ortográficas para conseguir unha comunicación eficaz.
- Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.
- Recoñecemento das funcións sintácticas e das unidades que as desempeñan de cara á mellora

da construción de textos orais e escritos con emprego dunha terminoloxía axeitada.

- Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os presentativos, secuenciadores de adición, e mais dos mecanismos de cohesión textual como a referencia interna de tipo léxico.
- Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en textos alleos e propios. Elaboración de textos tendendo a estes valores.
- Recoñecemento e delimitación na intención comunicativa expresada.
- Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.
- Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.

Bloque 4. Lingua e sociedade

- Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.
- O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüismo.
- A lusofonía.
- Situación sociolingüística do galego, observación da situación sociolingüística en canto a usos e actitudes no contorno máis próximo (aula e barrio), con aproximación aos prexuízos lingüísticos máis evidentes.
- Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.
- A orixe e formación da lingua galega. Etapas da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916, e análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.
- Situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.
- Prexuízos lingüísticos.
- Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal.

Bloque 5. Educación literaria.

- Identificación e comprensión das distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.

- Selección, lectura autónoma e comentario de textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.
- Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.
- Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo, nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.
- Consulta de fontes básicas de información e familiarización coas TIC para a realización de traballos e cita axeitada destas.
- Creación ou recreación de textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.

6.3. CONCRECIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS

A temporalización dos contidos depende fundamentalmente das características do alumnado de cada grupo e do desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, de maneira que a temporalización que aquí propoñemos ha de ser tomada en consideración sempre como orientativa.

6.3.1. Contidos da 1ª avaliación

- As propiedades do texto. A adecuación textual.
O dicionario.
- As regras de acentuación. O til diacrítico.
- As relacións semánticas: de afinidade, de oposición e de xerarquía.
- Campo semántico. Familias léxicas: regulares e irregulares.
- Constituíntes das palabras: lexemas e morfemas.
- Tipos de morfemas: flexivos e derivativos.
- Clases de palabras segundo a morfoloxía: simples, derivadas, compostas e parasintéticas.
A narración. Definición, estrutura e elementos.
- A descrición. Tipos. Características lingüísticas dos textos descritivos.
- O tema e as ideas principais do texto. Técnicas para a comprensión e a síntese dos textos: subliñado, esquema, resumo.
- O texto informativo. Contido, estrutura, expresión.
- O texto argumentativo. Contido, estrutura, expresión.
- A coherencia textual.
- Léxico da saúde e a sanidade.
- Léxico: o tempo meteorolóxico.
- A formación e a evolución das linguas peninsulares.
- A familia lingüística románica.

- A lusofonía.
- Historia social da lingua galega: o esplendor. Características.
- Linguas en contacto: o bilingüismo. Tipos de bilingüismo: social e individual. A diglosia.
- O substantivo. Elementos constituíntes. Clasificación semántica dos substantivos.
- O xénero. Regras de formación do feminino.
- O número. Regras de formación do plural.
- Frase substantiva e frase nominal: elementos e funcións.
- O adxectivo. Adxectivos explicativos e especificativos.
- Graos do adxectivo: positivo, comparativo e superlativo.
- Frase adxectiva: elementos e funcións.
- Galicia na Idade Media.
- A literatura medieval. Os cancioneros. Autores e intérpretes.
- Os xéneros literarios. As cantigas de amor. Orixe, temas e recursos.
A cantiga de amigo. Orixe, características temáticas, recursos formais. Subxéneros.
Outros textos da literatura medieval. Cantigas de escarnio e maldicir. Caracterización, temas, clasificación, recursos formais.
- A cohesión textual. Mecanismos.
- O sistema vocálico. Clasificación segundo o grao de apertura e a localización.
- O sistema consonántico: clasificación segundo o punto e o modo de articulación.

6.3.2. Contidos da 2ª avaliación

- A noticia. Estrutura. A crónica.
- A entrevista. Análise e pasos.
- O diálogo. Reprodución en estilo directo e indirecto.
- Mecanismos de cohesión textual: repetición de palabras, substitución de palabras e deíxe.
- Mecanismos de cohesión textual: puntuación.
- Linguas en contacto: o proceso de substitución lingüística. Valoración social das linguas. Causas.
- Os prexuízos lingüísticos.
- Historia social da lingua galega: a decadencia.
- Historia social da lingua galega: a dignificación. Os ilustrados. O Rexurdimento.
- O léxico relacionado coas árbores.
- Léxico: o libro e as bibliotecas.
- O léxico das novas tecnoloxías.
- Grupos consonánticos.
As sílabas. Encontro entre dúas ou tres vogais: ditongo, tritongo e hiato.

- As regras de acentuación. O til diacrítico.
- Os determinantes: definición e clases. Os demostrativos. Os posesivos. Os indefinidos. Os numerais.
- Os pronomes persoais. Tipos e formas. Colocación do pronome átono.
- O verbo. Partes. O modo e o tempo.
- As alternancias vocálicas.
Os verbos irregulares.
- Lírica relixiosa: as cantigas de Santa María. Cantigas líricas ou de loor, cantigas narrativas ou de milagres.
- Xéneros menores: pastorela, tenzóns, prantos.
- Prosa medieval. Períodos.
- Os Séculos Escuros e os precursores. Mostras literarias dos Séculos Escuros, a Ilustración, Prerrexurdimento e os Precursores.
- O Rexurdimento. Contexto socio-histórico. O galeguismo.
- Rosalía de Castro. Biografía e obra. Temática, estilo e lingua.

6.3.3. Contidos da 3ª avaliación

- Textos formalizados. Actas e regulamentos.
- Os nexos ou conectores textuais.
- Conectores textuais de espazo e tempo. Organizadores do discurso.
- A linguaxe non sexista.
- Léxico relacionado cos peixes.
- Léxico relacionado cos sentidos e a acción.
- Léxico relativo ás vacacións.
- Linguas en contacto: o proceso de normalización lingüística. Normalización e normativización ou estandarización.
- A variación lingüística: niveis e rexistros.
- As principais variedades diatópicas da lingua galega.
Linguas en contacto: alternancia e mestura de códigos. Interferencias.
- As regras de acentuación. O til diacrítico. A diérese.
- Formas nominais do verbo. Usos do infinitivo conxugado.
- As perífrases verbais. Valores.
- Preposicións e locucións preposicionais.
- A frase preposicional. Elementos e funcións.
- O adverbio.

- A frase adverbial. Elementos e funcións.
- As conxuncións e as locucións conxuntivas. Formas.
- As interxeccións. Formas.
- As principais funcións sintácticas na oración.
- Manuel Curros Enríquez. Biografía e obra. Temática, lingua e estilo .
- Eduardo Pondal. Biografía e obra. Temática, lingua e estilo.
- Prosa e teatro no século XIX.

6.4. CONTIDOS DE GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

6.4.1. 1ª avaliación

- Campo semántico. Familias léxicas: regulares e irregulares.
- Constituíntes das palabras: lexemas e morfemas.
- Tipos de morfemas: flexivos e derivativos.
- Clases de palabras segundo a morfoloxía: simples, derivadas, compostas e parasintéticas.
- A narración. Definición, estrutura e elementos.
- O texto informativo. Contido, estrutura, expresión.
- O texto argumentativo. Contido, estrutura, expresión.
- A literatura medieval. Os cancioneros. Autores e intérpretes.
- Os xéneros literarios. As cantigas de amor. Orixe, temas e recursos.
A cantiga de amigo. Orixe, características temáticas, recursos formais. Subxéneros.
- Outros textos da literatura medieval. Cantigas de escarnio e maldicir. Caracterización, temas, clasificación, recursos formais.
O sistema vocálico. Clasificación segundo o grao de apertura e a localización.
- As regras de acentuación. O til diacrítico.

6.4.2. 2ª avaliación

- A noticia. Estrutura. A crónica.
- A entrevista. Análise e pasos.
- O diálogo. Reprodución en estilo directo e indirecto.
As sílabas. Encontro entre dúas ou tres vogais: ditongo, tritongo e hiato.
- Regras de acentuación. O til diacrítico.
- Outros textos da literatura medieval. Cantigas de escarnio e maldicir. Caracterización, temas, clasificación, recursos formais.
- Lírica relixiosa: as cantigas de Santa María. Cantigas líricas ou de loor, cantigas narrativas ou de milagres.

- Os Séculos Escuros e os precursores. Mostras literarias dos Séculos Escuros, a Ilustración, Prerrexurdimento e os Precursores.
- O Rexurdimento. Contexto socio-histórico. O galeguismo.
- Rosalía de Castro. Temática, estilo e lingua.

6.4.3. 3ª avaliación

- Textos formalizados. Actas e regulamentos.
- Linguas en contacto: o proceso de normalización lingüística. Normalización e normativización ou estandarización.
- A variación lingüística: niveis e rexistros.
- Linguas en contacto: alternancia e mestura de códigos. Interferencias.
- Manuel Curros Enríquez. Temática, lingua e estilo .
- Eduardo Pondal. Temática, lingua e estilo.
- Prosa e teatro no século XIX.
- A acentuación. Regras xerais. O til diacrítico.

6.5. METODOLOXÍA

6.5.1. Introducción

O Departamento de Lingua e Literatura Galegas establece os principios metodolóxicos que presupon que mellor se adaptan á materia e, mesmo ao grupo de alumnos/as a que se dirixen, respectando a liberdade de cátedra de cada profesor/a e partindo da premisa de que os profesores/as que imparten no mesmo curso traballen cunha metodoloxía semellante, sendo coordinados polo Xefe/a de Departamento.

6.5.2. Principios metodolóxicos

A materia de Lingua e Literatura Galegas é unha disciplina na que se interrelacionan como en todas as linguas os contidos secuenciados na programación. O traballo dos diversos contidos presenta unha interconexión que provoca que, independentemente, da súa estrutura secuenciada, se interrelacionen na aprendizaxe diaria.

As actividades de aprendizaxe serán variadas, permitindo distintas modalidades de aprendizaxe, así como distintos graos de dificultade; en ocasións versarán sobre exercicios do libro de texto, traballos individuais sobre temas específicos, traballos en grupo, práctica de lectura, de escrita... Partirase, en todo caso, dos coñecementos previos do alumnado.

As actividades propostas tratarán de estimular a participación e a creatividade. Fomentarase o recoñecemento persoal pola consecución de resultados, evitando sancións negativas cando non se consigan os resultados esperados. Terase en conta a interdisciplinariedade con outras áreas, así como o tratamento dos temas transversais.

Fomentarase a socialización por medio da participación en actividades de grupo, así como a asistencia a actividades culturais dentro ou fóra da localidade para aspirar a unha formación o máis com-

pleta posible nesta disciplina que posibilite o coñecemento da nosa lingua. Fomentarase a utilización desta lingua dentro e fóra do ámbito escolar.

6.5.3.Actividades didácticas

1. Actividades de introdución ao tema ou contido a desenvolver partindo dos coñecementos previos adquiridos na anterior etapa.
2. Actividades de avaliación inicial nas que se tratará de indagar sobre os coñecementos previos e a aprendizaxe adquirida.
3. Actividades de desenvolvemento de contidos que, mesmo faciliten ou propicien a adquisición doutros novos.
4. Actividades que contrasten o aprendido coa aprendizaxe de novos contidos.
5. Actividades de avaliación formativa que consistirán na realización de probas escritas individuais, traballos a realizar en equipo ou individualmente, proposición de temas para a realización de diversas actividades ben sexa na aula ou fóra dela.
6. Actividades de recuperación ou reforzo para os alumnos/as que non acaden os obxectivos.
7. No seu caso, actividades de ampliación para os alumnos/as que desenvolven satisfactoriamente as actividades de referencia programadas.
8. Actividades específicas de lectura da que se fará seguimento na aula.

6.6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS CLAVE

COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

- Recoñecemento de distintos tipos de textos segundo as súas características e os recursos que empregan: descritivos, dialogados (diferenza entre estilo directo e estilo indirecto), expositivos-informativos (contido, estrutura e expresión), actas, regulamentos, editorial, artigo de opinión, columna, noticia, crónica, entrevista, textos publicitarios, banda deseñada.
- Composición de textos de distintas tipoloxías tendo en conta as súas características: actas de reunión e solicitudes, regulamentos, textos xornalísticos, crónica, noticia, reportaxe, entrevista, textos descritivos.
- Identificación dos distintos tipos de morfemas que compoñen as palabras.
- Identificación dos fonemas que compoñen o sistema vocálico e consonántico galego.
- Utilización adecuada do xénero e o número dos substantivos.
- Recoñecemento da frase nominal, da frase substantiva, da frase adxectiva, da frase preposicional e da frase adverbial, así como das principais funcións sintácticas que desempeñan na cláusula.
- Recoñecemento do adxectivo e das súas formas e funcións.
- Recoñecemento dos determinantes e da función que desempeñan: artigos, demostrativos, posesivos, indefinidos, numerais.
- Recoñecemento das características do pronome persoal tónico e átono, así como das súas formas e das funcións que realizan.
- Uso correcto do pronome de solidariedade e do pronome de segunda persoa (te e che).

- Coñecemento das regras para a adecuada colocación do pronome átono.
- Recoñecemento das características formais do verbo, así como das funcións que desempeña na cláusula.
- Coñecemento do modo e do tempo verbais.
- Diferenza entre verbos regulares e irregulares e coñecemento das características particulares que presentan estes últimos.
- Coñecemento e identificación das formas nominais dos verbos: infinitivo, xerundio e participio.
- Coñecemento da forma do infinitivo conxugado, así como dos casos en que se pode usar e os casos en que non.
- Recoñecemento das perífrases verbais e do significado que adquiren nun enunciado.
- Recoñecemento das preposicións, dos adverbios, das conxuncións e das interxeccións, así como das funcións que desempeñan na cláusula.
- Recoñecemento e diferenciación das relacións semánticas que se producen entre determinadas palabras.
- Recoñecemento das grafías, dígrafos e fonemas do galego, así como dos seus nomes.
- Uso correcto dos grupos consonánticos.
- Recoñecemento e uso correcto do ditongo, tritongo e hiato.
- Coñecemento das regras de acentuación ortográfica e uso correcto destas normas, diferenciando entre palabras agudas, graves e esdrúxulas, así como coñecemento e uso correcto do til diacrítico.
- Uso correcto da puntuación: os dous puntos, os puntos suspensivos e o guión.
- Recoñecemento das principais características que presenta a lingua medieval empregada nas cantigas.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

- Participación en debates orais organizados, amosando unha actitude de interese, cooperación e respecto cara ás intervencións de quen fala.
- Coñecemento das distintas linguas existentes na Península e valoración do plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Comprensión da situación sociolingüística galega coñecendo os fenómenos de contacto de linguas.
- Comprensión da situación sociolingüística galega e das medidas normalizadoras que se levan a cabo dende diversos ámbitos sociais.
- Recoñecemento das distintas variedades e rexistros da lingua galega.
- Participación en debates sobre o emprego da lingua galega nas aulas, adoptando o rexistro adecuado a este tipo de situacións comunicativas.
- Coñecemento do contexto socioeconómico e cultural de Galicia durante a Idade Media e relación coa literatura realizada naquela época.

- Coñecemento da evolución que sufriu a lingua galega dende a Ilustración ata o 1900.
- Recoñecemento da cultura inmaterial galego-portuguesa e da necesidade de conservala como legado cultural transmitido oralmente de xeración en xeración.
- Reflexión en grupo e análise crítica de temas de actualidade: situación social da muller, a importancia dos avances científicos e tecnolóxicos, a situación actual da inmigración, os problemas do medio natural...

COMPETENCIA DIXITAL

- Uso das tecnoloxías da información e da comunicación para buscar información e ampliar coñecementos sobre as características da lingua e sobre distintos autores, autoras ou períodos literarios.
- Utilización das TIC para informarse e realizar traballos de investigación referidos ao ámbito da sociolingüística.
- Coñecemento do emprego que se fai da lingua galega en Internet, así como dos recursos tecnolóxicos que contribúen ao seu uso.
- Elaboración de resumos despois de buscar información sobre un asunto determinado.
- Selección e análise de reportaxes, traballando en equipo.
- Coñecemento do papel das bibliotecas como elementos de promoción e difusión da cultura.

COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI

- Recoñecemento dos principais cancioneros medievais da literatura galego-portuguesa.
- Coñecemento dos axentes e dos xéneros literarios da lírica medieval galego-portuguesa.
- Coñecemento das características das cantigas medievais (de amor, de amigo, de escarnio e de maldicir, cantigas de Santa María) e da prosa medieval, tendo en conta as principais características que presentan.
- Lectura expresiva e comprensiva e mais audición e recitado de textos poéticos da lírica medieval galego-portuguesa.
- Creación de textos de intención literaria partindo das características das cantigas de amigo e das cantigas de amor.
- Creación de textos de intención literaria partindo das características das cantigas de escarnio e de maldicir, así como de modelos contemporáneos que seguiron aquelas manifestacións.
- Coñecemento do contexto histórico dos Séculos Escuros, así como das mostras literarias que se conservan desa época.
- Recoñecemento dos precursores da lingua e da literatura galega, e das principais obras: Xoán Manuel Pintos e Francisco Añón.
- Coñecemento do contexto socio-histórico en que se produciu o Rexurdimento, así como das distintas fases polas que pasou o galeguismo: provincialismo, federalismo, rexionalismo e nacionalismo.
- Coñecemento biobibliográfico dos autores do Rexurdimento e das características estruturais e temáticas das súas principais obras: Rosalía de Castro (*Cantares gallegos* e *Follas novas*);

Curros Enríquez (*Aires da miña terra* e *O divino sainete*); Eduardo Pondal (*Queixumes dos pinos* e *Os Eoas*).

- Coñecemento das principais características e xéneros da literatura popular de transmisión oral.
- Composición de textos de intención literaria partindo doutros traballados na aula.
- Recoñecemento e análise das principais características da linguaxe cinematográfica.
- Coñecemento das características da lingua galega durante a Idade Moderna.

COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

- Ampliación do vocabulario e manexo da orde alfabética por medio da busca de determinadas palabras no dicionario.
- Lectura, comprensión e análise de textos de distintas tipoloxías: narrativo, informativo, poético, cómic, entrevista.
- Identificación das diversas clases de textos, así como as funcións da linguaxe que presenta cada texto.
- Ampliación do léxico propio de distintos campos semánticos: a saúde e a sanidade, o tempo meteorolóxico, as árbores, o libro e as bibliotecas, as novas tecnoloxías, os peixes, os sentidos e a acción, as vacacións.
- Recoñecemento dos textos narrativos e dos principais elementos que os caracterizan.
- Coñecemento das propiedades que deben presentar os textos: adecuación, coherencia, cohesión e presentación.
- Identificación dos factores que inflúen na adecuación textual (intención, tema, destinatario e soporte), así como identificación dalgúns procedementos de cohesión textual (anáfora, substitución e deíxe).
- Identificación e clasificación dos conectores textuais como elementos que enlazan entre si os enunciados que compoñen un texto: aditivos, opositivos, causais ou consecutivos e organizadores do discurso.
- Identificación e uso correcto da puntuación para a elaboración de textos.

COMPETENCIA PARA O SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

- Elaboración de textos de opinión sobre un tema determinado, tendo en conta a coherencia, a cohesión e a presentación.
- Identificación das distintas seccións dun xornal e análise crítica do distinto tratamento concedido a diferentes noticias.
- Análise crítica de distintos aspectos da actualidade.

6.7. CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN; ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

6.7.1. Criterios de avaliación (Decreto 86/2015)

- Comprender e interpretar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, os datos relevantes de textos orais dos medios de comunicación audiovisual.
- Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas.
- Comprender, interpretar e valorar textos orais expositivos e argumentativos.
- Comprender textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas) e identificar as ideas principais e secundarias, o propósito comunicativo implícito ou explícito, e diferenciar as explicacións dos argumentos.
- Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade educativo, tanto espontáneas como planificadas.
- Valorar as producións emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
- Participar activamente en situación propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.
- Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.
- Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou educativa.
- Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas.
- Aplicar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.
- Comprender e interpretar textos da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos.
- Comprender e interpretar escritos propios dos medios de comunicación e distinguir entre información e opinión en entrevistas, crónicas e reportaxes.
- Comprender e interpretar textos de carácter educativo, especialmente os expositivos e explicativos: enciclopedias, webs educativas e outros materiais de consulta.
- Identificar o tema, os subtemas e a estrutura comunicativa dos textos expositivos e explicativos.
- Usar, de maneira case autónoma, os recursos que ofrecen as bibliotecas e outros recursos relacionados coas TIC para obter, organizar e seleccionar información.
- Manifestar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto, para detectar prexuízos e discriminacións.
- Ler en voz alta, de xeito fluído, e respectar os patróns fonéticos do galego.
- Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e intervencións en foros.
- Producir, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos informativos e de opinión, fundamentalmente, entrevistas, crónicas e reportaxes.
- Producir, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos do ámbito educativo: informes e proxectos sobre tarefas educativas das materias curriculares.

- Planificar, producir e revisar textos con adecuación, coherencia, cohesión e con respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.
- Utilizar as TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir as producións escritas.
- Utilizar as TIC como un medio de comunicación e interrelación social a través da escritura.
- Recoñecer e explicar os valores de léxico temático e da fraseoloxía.
- Aplicar os coñecementos sobre as distintas categorías gramaticais na elaboración de textos escritos e orais.
- Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras e as posibilidades de combinación para crear novas palabras para crear novos elementos léxicos.
- Recoñecer e usar adecuadamente a fonética da lingua galega.
- Usar progresiva, autónoma e eficazmente os dicionarios, as bibliotecas e outras fontes de consulta para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe.
- Aplicar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- Analizar e usar correctamente a puntuación.
- Recoñecer, usar e explicar as funcións sintácticas oracionais e as unidades que as desempeñan.
- Recoñecer en textos de diversa natureza e usar nas producións propias os diferentes conectores textuais e os principais mecanismos de cohesión.
- Sintetizar o contido e identificar a estrutura de textos. Elaborar producións propias segundo estes parámetros.
- Comprender o sentido global e a intención comunicativa de textos orais e escritos.
- Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.
- Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.
- Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a importancia da lusofonía e incorporar ferramentas en rede desta comunidade cultural.
- Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega.
- Coñecer as principais iniciativas normalizadoras, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.
- Recoñecer os principais elementos na orixe e formación da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua desde os seus inicios ata 1916.
- Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.
- Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.

- Identificar e clasificar as variantes diastráticas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega, valorala como variante unificadora e apreciar a variante diatópica propia.
- Identificar e comprender as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.
- Seleccionar, ler autonomamente e comentar textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e relacionar o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.
- Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.
- Elaborar traballos individuais e/ou en grupo, nos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.
- Consultar fontes básicas de información e familiarizarse cos recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destas.
- Crear ou recrear textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballos na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.

6.7.2. Estándares de aprendizaxe

6.7.2.1. Estándares de aprendizaxe observábeis ao longo do curso

- Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa e a estrutura de textos orais propios dos medios de comunicación audiovisual (entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes).
- Interpreta textos orais e traslada a información relevante a esquemas ou resumos.
- Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións.
- Recoñece a intención comunicativa dos textos.
- Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).
- Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal.
- Participa activamente en debates ou coloquios, respecta as regras de interacción, intervención e cortesía, manifesta as súas opinións e respecta as dos demais.
- Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións do moderador nos debates e coloquios.
- Avalía as intervencións propias e alleas.
- Respecta as quendas de palabra, o espazo, xesticula de xeito adecuado, escoita activamente os demais e usa fórmulas de saúdo e despedida.
- elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.
- Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas ou formais respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).

- Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.
- Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.
- Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral.
- Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión.
- Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente.
- Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto.
- Comprende e interpreta textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos.
- Comprende e interpreta textos propios do ámbito educativo, especialmente os expositivos e explicativos elaborados a partir da información obtida nas bibliotecas.
- Consulta fontes xerais (enciclopedias) e especializadas (monográficos e webs temáticas) para ampliar a información e mellorar o coñecemento da mensaxe.
- Identifica a estrutura comunicativa das mensaxes escritas e a intención do emisor.
- Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores de internet para obter, organizar e seleccionar información.
- Recoñece e evita usos lingüísticos que transmiten prexuizos ou mensaxes discriminatorias.
- Le en voz alta, de xeito fluído e respecta a fidelidade ao texto.
- Respecta os patróns fonéticos do galego (fonética sintáctica e entoación) e emprega a dicción e o ritmo axeitado á lectura do texto.
- Usa correctamente elementos formais nos traballos educativos: citas bibliográficas, índices, paxinación, notas ao pé de páxina, organización de títulos, capítulos, etc.
- Planifica a composición dos escritos en función do tipo de texto e da situación comunicativa para redactar textos adecuados, coherentes e ben cohesionados.
- Redacta borradores, utiliza esquemas, árbores ou mapas conceptuais para planificar e organizar os seu escritos.
- Consulta fontes de información en distintos soportes para seleccionar contidos relevantes que posteriormente reelaborará e incorporará ao seu escrito.
- Revisa os textos de xeito gradual para resolver dificultades de contido (temática e estrutura) e de forma (cuestións tipográficas, ortográficas e gramaticais).
- Usa as TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) para organizar os contidos, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos.
- Coñece e utiliza as ferramentas TIC para intercambiar opinións sobre escritos alleos e escribir e dar a coñecer os propios en blogs, redes sociais de lectores e escritores.
- Selecciona o léxico e as expresións axeitadas en contextos comunicativos de uso formal da lingua.
- Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun correcto uso das distintas categorías gramaticais.

- Identifica e explica os usos e valores das categorías gramaticais relacionándoas coa intención comunicativa e a tipoloxía textual.
- Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes, resolven as súas dúbidas sobre o uso correcto da lingua e progresa na aprendizaxe.
- Emprega textos orais e escritos e respecta as normas gramaticais.
- Revisa os textos para puntuar correctamente.
- Interpreta o sentido de textos orais e escritos, identifica a intención comunicativa e a reconece a postura de cada emisor.
- Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
- Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.
- Compara textos literarios dunha mesma época ou período ou de diferentes épocas e períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico da(s) época(s) ou do(s) período(s).
- Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e escribe/debate, argumentadamente, sobre aspectos literarios básicos destes.
- Consulta fontes de información básicas para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destas.
- Emprego de diferentes recursos básicos das TIC para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destes.
- Crea ou recrea textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.
- Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.

6.7.2.2. Estándares de aprendizaxe de especial relevancia na 1ª avaliación

- Identifica as ideas principais e secundarias dun texto oral expositivo ou argumentativo, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.
- Diferencia as explicacións dos argumentos.
- Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas dentro do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo.
- Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra.
- Aprecia a emisión dunha pronuncia galega correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea a partir da práctica habitual de autoavaliación e propón solucións para melloralas.

- Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á maneira de pronunciar a lingua galega.
- Realiza e explica resumos ou exposicións educativas sinxelas.
- Usa técnicas de síntese do contido dos textos: subliñados, esquemas e resumos.
- Usa técnicas de ampliación e organización da información: táboas, cadros, gráficos e mapas conceptuais.
- Interpreta, deduce e explica a información que aparece en diagramas, gráficas e mapas conceptuais.
- Interpreta o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas de textos expositivos e explicativos.
- Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.
- Produce, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos e explicativos sobre distintas materias curriculares elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información.
- Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras.
- Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación.
- Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega.
- Determina o tema, delimita a estrutura e identifica a progresión temática en producións propias e alleas. Elabora textos nos que ten en conta os parámetros anteriores.
- Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo e amósase capaz de explicar a súa postura.
- Distingue entre bilingüismo e diglosia e aplica estes termos de forma axeitada á realidade galega.
- Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e amósase capaz de explicar a súa postura.
- Coñece as linguas que forman parte da nosa familia lingüística.
- Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e a importancia desta na vida social e económica galega.
- Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en lingua portuguesa (buscadores e enciclopedias).
- Recoñece os principais elementos na orixe e formación da lingua galega desde os seus inicios.
- Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios até o séc. XIV.
- Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios até o séc. XIV.
- Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios até o séc. XIV.

- Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde os seus inicios até o séc. XIV.
- Identifica a época e o período medieval da literatura galega.
- Comprende e explica razoadamente a época e o período medieval da literatura galega e sinala os seus principais trazos característicos.
- Selecciona, seguindo criterios razoados, textos representativos da literatura galega medieval (cantiga de amor e de amigo) para a súa lectura.
- Le autonomamente obras ou textos representativos da literatura galega medieval (cantiga de amor e de amigo), resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico deste período da literatura galega.
- Comenta, de forma guiada, textos da literatura galega medieval (cantiga de amor e de amigo), sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período medieval da literatura galega.
- Le expresiva, comprensivamente textos poéticos medievais (cantiga de amor e de amigo) representativos da literatura galega da Idade Media.
- Elabora traballos individual e/ou colectivamente, nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega medieval (cantiga de amor e de amigo).

6.7.2.3. Estándares de aprendizaxe de especial relevancia na 2ª avaliación

- Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas.
- Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.
- Emprega nas intervencións orais expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.
- Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.
- Comprende e interpreta textos xornalísticos, fundamentalmente en entrevistas, crónicas e reportaxes.
- Distingue entre os contidos informativos e as opinións que se expresan nos textos xornalísticos.
- Produce, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos, fundamentalmente, entrevistas, crónicas, reportaxes.
- Identifica os castelanismos nas producións lingüísticas e depura estes elementos no seu propio discurso.
- Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde o séc. XV até 1916.
- Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde o séc. XV até 1916.
- Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega

desde o séc. XV até 1916.

- Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde o séc. XV até 1916.
- Coñece o que é un prexuízo, detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter sociocultural e sociopolítico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.
- Identifica as épocas e os períodos tardomedieval, moderno e do Rexurdimento da literatura galega.
- Comprende e explica razoadamente as épocas e os períodos tardomedieval, moderno e do Rexurdimento da literatura galega e sinala os seus principais trazos característicos.
- Selecciona, seguindo criterios razoados, textos representativos das épocas e os períodos tardomedieval, moderno e do Rexurdimento da literatura galega (cantiga de escarnio e maldicir, Séculos Escuros, Prerrexurdimento, Rosalía) para a súa lectura.
- Le autonomamente obras ou textos representativos das épocas e os períodos tardomedieval, moderno e do Rexurdimento da literatura galega (cantiga de escarnio e maldicir, Séculos Escuros, Prerrexurdimento, Rosalía), resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico destes períodos da literatura galega.
- Comenta, de forma guiada, textos das épocas e os períodos tardomedieval, moderno e do Rexurdimento da literatura galega (cantiga de escarnio e maldicir, Séculos Escuros, Prerrexurdimento, Rosalía), sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico destes períodos da literatura galega.
- Le expresiva, comprensiva e dramatizadamente textos narrativos, poéticos e teatrais das épocas e os períodos tardomedieval, moderno e do Rexurdimento da literatura galega (cantiga de escarnio e maldicir, Séculos Escuros, Prerrexurdimento, Rosalía) representativos da literatura galega destas etapas.
- Elabora traballos individual e/ou colectivamente, nos que se describen e analizan textos representativos das épocas e os períodos tardomedieval, moderno e do Rexurdimento da literatura galega (cantiga de escarnio e maldicir, Séculos Escuros, Prerrexurdimento, Rosalía).

6.7.2.4. Estándares de aprendizaxe de especial relevancia na 3ª avaliación

- Usa a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.
- Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.
- Busca e asimila o significado de palabras do rexistro formal e incorpóraas progresivamente ao seu vocabulario.
- Identifica os trazos característicos dun escrito (tipografía, distribución de espazos e escollas léxicas) coa tipoloxía textual (convocatoria, actas de reunión e regulamentos).
- Produce, en formato papel ou dixital, textos da vida cotiá ou das relacións sociais, segundo os modelos propostos na aula: convocatorias, actas de reunións e intervencións en foros.
- Utiliza o rexistro lingüístico adecuado en función da situación comunicativa e do ámbito de uso.

- Usa elementos lingüísticos e discursivos para alcanzar a coherencia e cohesión interna (conectores e tratamento de formas verbais).
- Recoñece e explica nos textos as funcións sintácticas oracionais e diferenza os elementos que as desempeñan.
- Identifica, explica e usa distintos conectores, así como outros mecanismos que lle achegan cohesión a un texto.
- Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia.
- Analiza gráficas sobre o uso do galego segundo a idade das persoas.
- Coñece as principais iniciativas normalizadoras da lingua galega.
- Comprende o concepto normalización e explica o proceso normalizador do galego.
- Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.
- Coñece a lexislación estatal e autonómica que regula a utilización do galego e a súa promoción.
- Identifica e clasifica as variantes diastráticas do galego.
- Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora.
- Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.
- Selecciona, seguindo criterios razoados, textos representativos de M. Curros Enríquez, E. Pondal, e da prosa e do teatro do séc. XIX para a súa lectura.
- Le autonomamente obras ou textos representativos de M. Curros Enríquez, E. Pondal, e da prosa e do teatro do séc. XIX, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do séc. XIX.
- Comenta, de forma guiada, textos de M. Curros Enríquez, E. Pondal, e da prosa e do teatro do séc. XIX, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico dos autores.
- Le expresiva, comprensiva e dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos de M. Curros Enríquez, E. Pondal, e da prosa e do teatro do séc. XIX.
- Elabora traballos individual e/ou colectivamente, nos que se describen e analizan textos representativos de M. Curros Enríquez, E. Pondal, e da prosa e do teatro do séc. XIX.

6.7.3. INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Antes de impartir unha nova unidade didáctica e tamén ao comezo do curso farase unha avaliación inicial mediante diferentes probas orais e/ou escritas para valorar os coñecementos previos que o alumnado ten sobre a materia a tratar. Estas probas orais e/ou escritas permitirán, ademais, establecer o nivel de coñecementos previos do alumnado, o grao de adquisición das competencias básicas e as posibles eivas a solucionar.

A avaliación será un proceso continuo no que se terá en conta:

- O proceso inicial de cada alumno/-a.
- As habilidades e destrezas que o alumnado vaia adquirindo ao longo da súa aprendizaxe nesta

etapa educativa á hora de enfrontarse con textos escritos chegados en diferentes formatos e a madurez adquirida para identificalos e reproducilos seguindo os mesmos modelos.

-A competencia activa na oralidade. Serán capaces de manter unha conversa na súa lingua (debates, entrevistas, exposicións...) e empregala correctamente axeitándose aos diferentes contextos e rexistros.

-As actitudes cara á lingua. Recoñecerán a riqueza que supón posuír unha lingua propia e vivir nunha comunidade con dúas linguas cooficiais que teñen os mesmos dereitos. Serán quen de identificar o poder que proporciona o saber lingüístico por achegarnos a diferentes culturas e abrírnos portas que nos permitan acceder a un universo de riqueza e cultura.

-A presentación coidada das tarefas que teñan programadas para presentar ou expoñer oralmente ou por escrito. Amosarán a elaboración correcta do discurso escrito dende o punto de vista morfolóxico, sintáctico e semántico; utilización de léxico axeitado, variado e flexible; utilización adecuada dos signos de puntuación e das normas ortográficas.

-O comportamento na clase cos seus compañeiros/-as e docentes. A educación e solidariedade á hora de enfrontarse a diferentes temas.

-Os traballos realizados, tanto a nivel individual como colectivo, na propia aula ou fóra desta, influirán positiva ou negativamente nos resultados finais.

-A actitude na propia aula, o interese e participación nos traballos propostos e o respecto cara aos propios compañeiros, profesorado, cara a diferentes opinións, formas de ser, pensar; cara ao material....

Íranse incorporando coñecementos sucesivos en cada avaliación e non haberá recuperacións ata final de curso. No caso de que o alumno non acade os obxectivos fixados realizará unha proba final na que contestará as preguntas relacionadas con aquelas avaliacións que teña suspensas.

6.7.4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios que se terán en conta son:

-Nota das probas e dos exames realizados que amosen unha asimilación dos conceptos achegados.

-Traballo persoal, individualizado, fóra da aula (elaboración, recollida de información, síntese, esquemas, corrección, exercicios para a casa, presentación en diferentes soportes dos seus traballos...)

-Traballo individualizado ou en grupo, dentro da aula (elaboración, recollida de información, síntese, esquemas, corrección, autocorrección, exercicios na aula, presentación en diferentes soportes...)

-Actitude cara aos compañeiros, cara ao profesor, cara á materia, cara ás ideas e opinións...

-Asistencia á clase e aproveitamento deste tempo.

-Lecturas.

-Traballos entregados. Interese, presentación coidada destes, xa sexan en soporte papel ou dixital.

-Nivel ortográfico, caligráfico, signos de puntuación, presentación...nas súas manifestacións: exame, traballos, presentacións escritas ou orais...

-Competencia activa na escrita e na oralidade da súa lingua.

6.7.5. PORCENTAXES QUE SE TERÁN EN CONTA Á HORA DA AVALIACIÓN

1. Probas escritas..... 70% (dúas por avaliación)

2. Probas sobre obras de lectura.... 10% (proba escrita na que se avaliará a comprensión lectora e a expresión escrita)

3. Traballo dentro e fóra da aula.... 5%

4. Competencia activa na oralidade.... 10%

5. Responsabilidade e comportamento social (actitude cara aos compañeiros, ideas cara á materia e cara á profesora; asistencia a clase:..... 5%

Na nota final de cada trimestre efectuaranse as seguintes penalizacións:

■0,1 por cada negativo por non realizar na aula ou na casa as tarefas encargadas polo profesor/a, até un máximo de 0,5.

■0,1 por cada dous avisos por non falar en galego durante as aulas, pois aínda que parece obvio, non se cumpre o feito de os alumnos e alumnas utilizaren o galego como lingua vehicular, até un máximo de 1 punto.

Ademais dos contidos conceptuais, tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderán descontar ata un máximo de 2 puntos por erros ortográficos. Os erros poderán ser:

- Moi graves: Aquelas solucións que son alleas ó sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación do pronome átono...).Descontaranse 0'2 puntos.

- Graves: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h , y...) .Acentuación diacrítica. Descontaranse 0'1 puntos.

- Leves: Solucións alleas ó estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Penalizaranse con 0'05 p.

A nota final de cada avaliación será a suma das notas obtidas en todos os apartados anteriores, sempre que non haxa nalgún deles unha cualificación de 0, en cuxo caso o alumno/-a pode ser avaliado/-a negativamente.

O feito de sorprenden a un alumno/a copiando-por un compañeiro, mediante chuleta, móbil, usando o libro de texto e/ou por calquera outro medio-durante a realización dalgunha das probas que forman parte dunha avaliación, implicará o suspenso automático nesa proba (cero). En caso de que esta incidencia se producise durante a realización do exame extraordinario de setembro, suspenderá automaticamente a materia.

Se un alumno/a falta xustificadamente a unha proba (xustificante oficial, médico ou outros) repetiráselle esa proba. No caso de falta inxustificable, puntuaráselle a proba como cero.

Serán tres avaliacións e a nota final de xuño obterase computando como 30% a cualificación tanto da 1ª como da 2ª avaliación e como 40% a da terceira. Se a cualificación é negativa amosará que o alumno/-a non foi quen de superar os obxectivos programados e terá a oportunidade de presentarse na convocatoria extraordinaria de setembro, na cal só se terá en conta a cualificación dunha única proba escrita.

Cando un alumno ou alumna obteña unha cualificación igual ou superior a 5 considerarase aprobado/-a e se a nota é inferior a 5 considerarase suspenso/-a. Dado que a cualificación trimestral, corresponde a unha ponderación conxunta de todas as observacións realizadas, o suspenso afectará a todo o contido do trimestre, e en ningún caso a unha soa das súas partes.

Iranse incorporando coñecementos sucesivos en cada avaliación e non haberá recuperacións ata final de curso. No caso de que o alumno non acade os obxectivos fixados realizará unha proba final na que contestará as preguntas relacionadas con aquela/s avaliación/s que teña suspensas.

Ante isto queda claro que se a cualificación é negativa no exame final amosará que o alumno non foi quen de superar os obxectivos programados por este departamento e terá a oportunidade de presentarse na convocatoria extraordinaria de setembro.

As reclamacións do alumnado ou dos seus pais, nais ou titores legais sobre a cualificación das probas ou sobre as cualificacións das avaliacións trimestrais e final serán atendidas cinguíndose á lexislación vixente.

6.8. MATERIAIS / RECURSOS

■ Libro de texto *Lingua e Literatura 3*, de Ed. Xerais.

- Libro dixital.
- Libros de lectura, dos cales haxa dispoñibilidade suficiente na biblioteca do centro, así como nas municipais.
- Material fotocopiábel da Proposta didáctica, así como textos extraídos de diferentes fontes (páxinas web, libros de creación, manuais de divulgación, medios de comunicación...) que ilustren os diferentes modelos textuais que imos tratar ao longo do curso.
- Dicionarios en papel e dixitais.
- Enciclopedias en papel e dixitais.
- Caderno.
- Outros, cuxa necesidade ou conveniencia se vaia detectando ao longo do curso.

LIBROS DE LECTURA OBRIGATORIA

1ª avaliación: CALVEIRO, Marcos. *Todos somos*. Ed. Xerais.

2ª avaliación: MALLORQUÍ, César. *As lágrimas de Shiva*. Ed. Rodeira

3ª avaliación: YÁÑEZ CASAL, Antonio. *Vento galerno*. Ed. Xerais

7. 4º ESO

PROFESORA: CARMEN OTERO FRAGA

7.1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

Os obxectivos didácticos son os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuindo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

7.2. CONTIDOS

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar.

- B1.1. Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención aos xéneros de carácter argumentativo.
- B1.2. Comprensión e análise de textos publicitarios dos medios de comunicación audiovisual.
- B1.3. Comprensión e interpretación de textos orais expositivos e argumentativos do ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).
- B1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais de natureza diversa.
- B1.5. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto.
- B1.6. Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
- B1.7. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
- B1.8. Escoita crítica e reflexiva que permite identificar prexuízos e mensaxes discriminatorias.
- B1.9. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción de textos orais, de técnicas para aprender a falar en público e uso das TIC.
- B1.10. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas.
- B1.11. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.
- B1.12. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros.

- B1.13. Valoración da lingua oral como un instrumento de aprendizaxe e de relación social.

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.

- B2.1. Uso de técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.
- B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial.
- B2.3. Comprensión e interpretación de textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet.
- B2.4. Comprensión e interpretación de textos argumentativos.
- B2.5. Comprensión e interpretación de textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.
- B2.6. Comprensión e interpretación das mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación.
- B2.7. Lectura crítica e reflexiva que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios.
- B2.8. Uso autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información complementaria.
- B2.9. Uso de técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).
- B2.10. Utilización das TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.
- B2.11. Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo e comercial.
- B2.12. Producción, en soporte impreso ou dixital, de cartas á dirección e columnas de opinión.
- B2.13. Composición en soporte impreso ou dixital de textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.
- B2.14. Valoración da escritura como un instrumento de aprendizaxe, de relación social e enriquecemento persoal.

Bloque 3. Funcionamento da lingua.

- B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.
- B3.2. Recoñecemento e uso das formas verbais da lingua galega e das perífrases.
- B3.3. Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras.
- B3.4. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias (apertura das vogais de grao medio, o n velar ou a entoación).
- B3.5. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso (semántico e sintáctico) e de normativa.
- B3.6. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- B3.7. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica.
- B3.8. As principais regras de combinación impostas polos predicados en función dos seus argumentos; estruturas sintácticas e tipos de oración segundo a natureza do predicado.
- B3.9. Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os de causa e consecuencia, os de condición e hipótese e os conclusivos, e mais dos mecanismos de cohesión textual.
- B3.10. Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en textos alleos e propios, e elaboración de textos de acordo con estes parámetros.
- B3.11. Identificación e explicación dos trazos que permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais, especialmente os argumentativos.
- B3.12. Adecuación dos textos en función do contexto, do tema e do tipo de texto.
- B3.13. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.
- B3.14. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.

Bloque 4. Lingua e sociedade.

- B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.
- B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- B4.3. A lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.

- B4.4. Situación sociolingüística de Galicia. A presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados. Tendencias de evolución.
- B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso. Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.
- B4.6. Evolución da lingua galega e etapas da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.
- B4.7. Situación sociolingüística e legal das linguas de España.
- B4.8. Prexuízos lingüísticos.
- B4.9. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar. Uso normalizado da variante dialectal propia da zona. Utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal.

Bloque 5. Educación literaria.

- B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
- B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
- B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
- B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
- B5.5. Consulta de fontes de información variadas e de recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.
- B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.

7.3. CONTIDOS DE GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

7.3.1. 1ª avaliación

1. A situación histórica de Galicia no primeiro terzo do século XX.
2. A literatura das Irmandades da Fala. A poesía de Vangarda.
3. Os elementos temáticos, estruturais e expresivos que caracterizan aos autores do Grupo Nós e dos

poetas de comezos de século.

4. A produción textual de Rafael Dieste.

5. Os tipos de textos: textos xornalísticos de opinión, xornais dixitais e blogs. A correspondencia formal.

6. Frases, cláusulas e oracións. As funcións sintácticas: predicado, suxeito, CD, CI, CC, C. Axente...

7. A redacción.

8. Comprensión do sentido global dun texto poético e identificación do seu tema principal.

9. A historia social da lingua galega de 1900 á actualidade: feitos fundamentais, causas e consecuencias. Os prexuízos.

10. Puntuación. Maiúsculas e minúsculas.

7.3.2. 2ª avaliación

1. A situación histórica e social de Galicia de 1936-1975.

2. As características e autores da literatura do exilio.

3. As características fundamentais na obra de Cunqueiro, Fole, Neira Vilas e autores da Nova Narrativa.

4. A poesía da Xeración do 36, da Promoción de Enlace e da Xeración das Festas Minervais.

5. Os tipos de texto: teatrais, musicais e poéticos.

6. As cláusulas subordinadas: substantivas, adxectivas e adverbiais.

7. Os parágrafos: estrutura e tipos.

8. A transmisión lingüística, así como, o galego no ámbito educativo e nos medios de comunicación.

9. A situación sociolingüística do Estado español.

10. Abreviaturas, siglas, símbolos e acrónimos.

11. Uso de porque/ porqué/ por que; senón/ se non.

7.3.3. 3ª avaliación

1. A situación histórica e social de Galicia de 1975 á actualidade.

2. A narrativa, poesía e ensaio galegos de 1975 á actualidade.

3. Os tipos de texto: os textos argumentativos. O contrato e o currículo. Os textos publicitarios.

4. As oracións coordinadas e bipolares.

5. As variedades xeográficas e a variedade estándar. A lusofonía.

6. Uso de: hai/aí/ai; a ver /haber; a escrita numérica e pares de palabras próximos

7.4. TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

Os contidos secuenciaranse da seguinte maneira, segundo veñen organizados no libro de texto e segundo nos parece máis axeitado á hora de facilitar aos alumnos unha adquisición de coñecementos progresiva e óptima:

7.4.1. 1ª avaliación

a) Unidade 1: Galicia entre 1900-1936. Ramón Cabanillas. A correspondencia formal. A orde dos elementos na oración. Riqueza léxica. O léxico da viaxes. Historia social da lingua galega: de 1900 a 1936. A sintaxe: unidades e funcións. Puntuación I.

b) Unidade 2: O tempo do Grupo Nós. Castelao, Risco e Otero Pedrayo. Os xornais dixitais. A intención do texto: denotación e connotación. Aprendemos a redactar I.

O léxico do urbanismo e a construción. Historia social da lingua galega: 1936 a 1978. A frase. Puntuación II.

c) Unidade 3: As vangardas a Xeración de 1922. Manuel Antonio e Rafael Dieste. Os blogs. As redes sociais. Aprendemos a redactar II. O léxico da administración pública e a cidadanía. Historia social da lingua galega: de 1978 á actualidade. As cláusulas.

7.4.2. 2ª avaliación

1. Unidade 4: Galicia na guerra civil e na ditadura (1936-1975). Literatura do exilio. Os textos teatrais. O parágrafo I: estrutura. O léxico dos utensilios de cociña e electrodomésticos. A situación sociolingüística actual en Galicia. As cláusulas subordinadas substantivas. Abreviaturas, siglas, símbolos e acrónimos.

2. Unidade 5: Narrativa de posguerra. Novas voces narrativas. Os textos musicais. O parágrafo II: a extensión. O léxico da xustiza. As cláusulas subordinadas adxectivas.

3. Unidade 6: A poesía galega durante a ditadura. Celso Emilio Ferreiro. Os textos poéticos. Tipos de parágrafos I: de enumeración e de secuencia. O léxico da descrición do carácter. Situación sociolingüística do Estado español. As cláusulas subordinadas adverbiais. O uso de porqué/por que; senón/ se non.

7.4.3. 3ª avaliación

1. Unidade 7: A Galicia contemporánea. A narrativa galega de 1975 á actualidade. Os textos argumentativos. Tipos de parágrafos II: de desenvolvemento e de enunciado/solución. O léxico do comercio. As variedades xeográficas. A oración. O uso de hai/aí/ai; haber/ a ver.

2. Unidade 8: A poesía galega de 1976 á actualidade. O contrato. O currículo. Tipos de parágrafos III: de causa/efecto e de comparación/contraste. O léxico do mundo do traballo.

Elaboración e función da variedade estándar. As oracións bipolares. Dúvidas léxicas.

3. Unidade 9: O teatro dende 1973 á actualidade. Os textos publicitarios. Escribir con procesador de textos. O léxico da gastronomía e os restaurantes. A lusofonía. As oracións coordinadas. A escrita dos números.

7.5. METODOLOXÍA

7.5.1. Introducción

O Departamento de Lingua e Literatura Galegas establece os principios metodolóxicos que presupón que mellor se adaptan á materia e, mesmo ao grupo de alumnos/as a que se dirixen, respectando a liberdade de cátedra de cada profesor/a e partindo da premisa de que os profesores/as que imparten no mesmo curso traballen cunha metodoloxía semellante, sendo coordinados polo Xefe/a de Departamento.

7.5.2. Principios metodolóxicos

-A materia de Lingua e Literatura Galegas é unha disciplina na que se interrelacionan como en todas as linguas os contidos secuenciados na programación. O traballo dos diversos contidos presenta unha interconexión que provoca que, independentemente, da súa estrutura secuenciada, se interrelacionen na aprendizaxe diaria.

-As actividades de aprendizaxe serán variadas, permitindo distintas modalidades de aprendizaxe, así como distintos graos de dificultade; en ocasións versarán sobre exercicios do libro de texto, traballos individuais sobre temas específicos, traballos en grupo, práctica de lectura, de escrita... Partirase, en todo caso, dos coñecementos previos do alumnado.

-As actividades propostas tratarán de estimular a participación e a creatividade.

-Fomentarase o recoñecemento persoal pola consecución de resultados, evitando sancións negativas cando non se consigan os resultados esperados.

-Terase en conta a interdisciplinabilidade con outras áreas, así como o tratamento dos temas transversais.

- Fomentarse a socialización por medio da participación en actividades de grupo, así como a asistencia a actividades culturais dentro ou fóra da localidade para aspirar a unha formación o máis completa posible nesta disciplina que posibilite o coñecemento da nosa lingua.
- Fomentarse a utilización desta lingua dentro e fóra do ámbito escolar.

7.5.3. Actividades didácticas

1. Actividades de introdución ao tema ou contido a desenvolver partindo dos coñecementos previos adquiridos na anterior etapa.
2. Actividades de avaliación inicial nas que se tratará de indagar sobre os coñecementos previos e a aprendizaxe adquirida.
3. Actividades de desenvolvemento de contidos que, mesmo faciliten ou propicien a adquisición doutros novos.
4. Actividades que contrasten o aprendido coa aprendizaxe de novos contidos.
5. Actividades de avaliación formativa que consistirán na realización de probas escritas individuais, traballos a realizar en equipo ou individualmente, proposición de temas para a realización de diversas actividades ben sexa na aula ou fóra dela.
6. Actividades de recuperación ou reforzo para os alumnos/as que non acaden os obxectivos.
7. No seu caso, actividades de ampliación para os alumnos/as que desenvolven satisfactoriamente as actividades de referencia programadas.

7.6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar.

- B1.1. Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación audiovisual.
- B1.2. Comprender e analizar textos expositivos e publicitarios, diferenciar neles información, opinión e persuasión.
- B1.3. Comprender e interpretar textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).
- B1.4. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais.
- B1.5. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como normas de cortesía nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.
- B1.6. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
- B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
- B1.8. Manifesta unha actitude crítica e reflexiva que permite identificar prexuízos e mensaxes discriminatorias.

- B1.9. Realizar exposicións orais planificadas e claras de traballos e de informacións de actualidade, coa axuda das TIC.
- B1.10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas.
- B1.11. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.
- B1.12. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal.
- B2.13. Valorar a lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe e nas relacións sociais.

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir

- B2.1. Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos
- B2.2. Comprender e interpretar textos escritos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo e comercial
- B2.3. Comprender e interpretar textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en Internet.
- B2.4. Comprender e interpretar textos argumentativos.
- B2.5. Comprende e interpreta textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.
- B2.6. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación.
- B2.7. Identificar os usos lingüísticos que conteñan prexuízos ou mensaxes discriminatorias.
- B2.8. Usar e seleccionar materiais de consulta das bibliotecas e doutras fontes de información impresa ou en formato dixital.
- B2.9. Empregar estratexias e técnicas axeitadas para producir escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).
- B2.10. Empregar as TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.
- B2.11. Producir, respectando as súas características formais e de contido, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos tanto en formato papel como dixital: laborais,

administrativos e comerciais.

- B2.12. Producir, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión.
- B2.13. Producir en soporte impreso ou dixital textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.
- B2.14. Valorar a escritura como un instrumento moi útil na aprendizaxe, nas relacións sociais e no desenvolvemento do individuo

Bloque 3. Funcionamento da lingua

- B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico preciso de diferentes categorías gramaticais, así como da fraseoloxía.
- B3.2. Recoñecer e usar correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega.
- B3.3. Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras, os valores dos morfemas e as súas posibilidades combinatorias para crear novos termos e identificar a súa procedencia grega ou latina.
- B3.4. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.
- B3.5. Usar eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, para resolver dúbidas, para progresar na aprendizaxe autónoma e para enriquecer o propio vocabulario.
- B3.6. Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- B3.7. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.
- B3.8. Recoñecer e usar enunciados e oracións, identificando as principais regras de combinación impostas polo verbos.
- B3.9. Recoñecer, explicar e usar os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.
- B3.10. Identifica adecuadamente en textos alleos e propios a estrutura, a construción e xustificación dos parágrafos, a vinculación e progresión temáticas, e elabora textos de acordo con estes parámetros.
- B3.11. Identificar e explicar os trazos que permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais, especialmente os argumentativos.
- B3.12. Xustifica a adecuación dos textos, en función do contexto, do tema e do xénero e elabora producións propias cunha adecuación apropiada.
- B3.13. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

- B3.14. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.

Bloque 4. Lingua e sociedade.

- B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer e describir o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.
- B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados así como ás tendencias de evolución.
- B4.3. Recoñecer os principais elementos de evolución da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da súa historia social, e sinalar as distintas etapas desde 1916.
- B4.4. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas de España.
- B4.5. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.
- B4.6. Recoñecer e valorar os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar.

Bloque 5. Educación literaria.

- B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
- B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.
- B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
- B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
- B5.5. Consultar fontes de información variadas e recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.
- B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballos na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.

7.7.ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- B1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais,

- identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias debates ou declaracións, determina o tema e reconece a intención comunicativa do/da falante. (CCL)
- B1.1.2. Distingue as partes nas que se estruturan as mensaxes orais, o tema, así como a idea principal e as secundarias.(CCL)
 - B1.1.3. Analiza criticamente tanto a forma como o contido de noticias, debates e procedentes dos medios de comunicación e reconece a validez dos argumentos. (CCL, CAA)
 - B1.2.1. Distingue entre opinión e persuasión en mensaxes publicitarias orais e identifica as estratexias de enfatización.
 - B1.2.2. Analiza os elementos verbais dos textos orais: no plano fónico (xogos fónicos), no plano morfosintáctico (condensación, concisión e economía) e no plano léxico-semántico (léxico connotativo, simbólico e atractivo para o receptor). (CSEIEE, CLL)
 - B1.2.3. Analiza os elementos non verbais, en especial a imaxe (mensaxe icónica) e o son (diálogo, rúidos e música), en anuncios publicitarios ou outro tipo de comunicacións orais.(CLL,CCEC)
 - B1.3.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo.(CCL, CAA)
 - B1.3.2. Reconece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra dunha opinión ou postura.(CCL, CAA)
 - B1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais. (CCL)
 - B1.5.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso. (CCL)
 - B1.5.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas.(CCL,CSC)
 - B1.5.3. Reconece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.(CCL,CSC, CSIEE)
 - B1.6.1. Reconece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega. (CCL, CAA)
 - B1.6.2. Reconece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega. (CAA, CSC)
 - B1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. (CCL,CCEC)
 - B1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.(CLL,CSC)
 - B1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). (CCL)
 - B1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.(CCL)
 - B1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.(CCL)
 - B1.8.1. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes discriminatorias que proveñen dos medios de comunicación.(CCL,CCA)
 - B1.8.2. Rexeita argumentadamente os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.(CCL, CSC)
 - B1.9.1. Planifica a produción oral, estrutura o contido, revisa os borradores e esquemas. (CAA, CCL)
 - B1.9.2. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical.(CCL)

- B1.9.3. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa. (CCL)
- B.1.9.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e a linguaxe corporal así como o autocontrol das emocións ao falar en público. (CCL, CSC, CSIEE)
- B1.9.5. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora.(CD, CAA, CCL)
- 1.10.1. Recoñece erros (incoherencias, repeticións, ambigüidades, pobreza léxica, erros fonética e entoación inadecuada) nos discursos propios e alleos para evitalos nas súas producións. (CCL, CAA)
- B1.11.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.(CCL,CAA)
- B1.11.2 Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria.(CCL, CSC, CSIEE, CCEC)
- B1.12.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.(CCL, CSC, CSIEE, CCEC)
- B2.13.1. Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa. (CCL, CAA, CSC,CSIEE)
- B2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais). (CCL, CAA)
- B2.1.2. Aplica os coñecementos lingüísticos propios (gramaticais e léxicos) e recursos alleos (dicionarios e outras fontes de documentación) para solucionar problemas de comprensión.(CCL)
- B2.1.3. Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto.(CCL)
- B2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos.(CCL)
- B2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso. (CCL, CAA)
- B2.2.1. Identifica a intención comunicativa, o tema e os subtemas de escritos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial.(CCL)
- B2 2.2. Comprende, interpreta e valora textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral (currículo, carta de presentación, ficha de contratación en empresas e redes sociais de procura de emprego, contrato, nómina e vida laboral), administrativo (carta administrativa e solicitude ou instancia) e comercial (carta comercial, carta de reclamación e impreso administrativo de reclamación) (CCL,CSC)
- B2 3.1. Comprende textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet. (CCL, CD)
- B2.3.2. Interpreta a información de mapas, gráficas, diagramas.(CCL)
- B2.4.1. Identifica o tema e a intención comunicativa de textos argumentativos. (CCL)
- B2.4.4.2. Elabora a súa propia interpretación a partir dos argumentos expresados nun texto.(CCL)
- B2.5.1. Diferencia os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión. (CCL,CSC)
- B2.5.2. Valora a intención comunicativa dun texto xornalístico e distingue entre información, opinión e persuasión.(CCL,CSC)
- B2.6.1. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación (anuncios).(CCL, CSC)
- B2.6.2. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes persuasivas que proveñen dos medios de comunicación.(CCL, CSC)
- B2 7.1. Reflexiona sobre os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou mensaxes discriminatorias.(CCL, CSC)
- B2.7.2. Detecta prexuízos e mensaxes discriminatorias implícitas nos textos de medios de comunicación con especial atención á publicidade.(CCL, CSC)

- B2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da consulta de materiais en distintos soportes. (CCL, CD, CSC)
- B2.8.2. Sèrvese dos recursos que ofrecen as bibliotecas ou as TIC para integrar os coñecementos adquiridos nos seus escritos. (CCL, CD, CAA, CSC)
- B2.9.1. Utiliza distintas técnicas de planificación para organizar o seu discurso (diferentes tipos de esquemas e mapas conceptuais)(CCL)
- B2.9.2. Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo. (CCL)
- B2.9.3. Ordena as ideas e estrutura os contidos en unidades sintácticas consecutivas e encadeadas con conectores e outros elementos de cohesión.(CCL)
- B2.9.4. Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sèrvese das ferramentas lingüísticas ao seus alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicarlas correctamente. (CCL, CD)
- B2.9.5. Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos do texto é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación.(CCL)
- B2.10.1. Usa as TIC para a corrección dos textos: corrector ortográfico do procesador de textos, dicionarios en liña e outras páxinas especializadas no estudo da lingua galega.(CCL, CD, CAA)
- 2.10.2. Usa procesadores de textos para mellorar a presentación dos seus escritos, especialmente na presentación dos seus traballos educativos, atendendo a cada unha das funcionalidades de cada elemento: encabezamento e pé de páxina, numeración de páxinas, índice, esquemas etc. (CCL, CD)
- B2.10.3. Usa as TIC como medio de divulgación de textos propios, de coñecemento doutros alleos e de intercambio de opinións.(CCL, CD, CSC)
- B2.11.1. Produce, respectando as súas características formais e de contido, e en soporte tanto impreso como dixital, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral (currículo, carta de presentación, ficha de contratación en empresas e redes sociais de procura de emprego), administrativo (carta administrativa e solicitude ou instancia) e comercial (carta comercial, carta de reclamación e impreso administrativo de reclamación).(CCL,CD,CSC)
- B2.12.1. Crea, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión.(CCL, CD, CSC)
- B2.13.1. Elabora, en soporte impreso ou dixital, textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.(CCL, CD, CSC)
- B2.13.2. Crea, en soporte impreso ou dixital, un texto argumentativo propio a partir dun tema dado sen documentación previa. (CCL, CD)
- B2.13.3. Sintetiza a información e resume textos argumentativos sen repetir nin parafrasear o texto de partida.(CCL)
- B2.14.1. Identifica e describe os valores da escritura non só como una ferramenta para organizar os pensamentos senón tamén como un instrumento para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.(CCL, CSC, CCEC)
- B3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais. (CCL,CAA)
- B3.1.2. Recoñece, explica e usa fraseoloxía diversa da lingua galega nas súas producións orais e escritas.(CCL,CAA)
- B3.2.1. Recoñece e usa correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega e distingue os diversos tipos.(CCL, CAA)
- B3.3.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras. (CCL, CAA)
- B3.3.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación léxica.(CCL, CAA)
- B3.3.3. Recoñece os valores de prefixos e sufixos e as súas posibilidades combinatorias para crear novas palabras.(CCL)
- B3.3.4. Identifica a procedencia grega ou latina de prefixos e sufixos habituais no uso da lingua galega.(CCL)

- B3.4.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación, ás vogais de grao medio e ao n velar.(CCL, CAA)
- B3.5.1. Usa eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso (semántico e sintáctico) e de normativa, para resolver dúbidas, e para progresar na aprendizaxe autónoma e para ampliar o seu vocabulario.(CCL, CD)
- B3.6.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega nos discursos orais e escritos.(CCL)
- LGB3.6.2. Recoñece o valor funcional e social das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.(CCL)
- B3.7.1. Analiza e usa correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.(CCL)
- B3.8.1. Recoñece enunciados e identifica a palabra nuclear que o organiza sintáctica e semanticamente.(CCL, CAA)
- B3.8.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos.(CCL)
- B3.8.3. Respecta a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica galega.(CCL)
- B3.8.4. Clasifica oracións segundo a natureza do predicado.(CCL)
- B3.8.5. Usa a terminoloxía sintáctica correcta.(CCL)
- B3.9.1. Recoñece, explica e usa os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.(CCL, CAA)
- B3.10.1. Identifica a estrutura do texto, en construcións propias e alleas.(CCL)
- B3.10.2. Xustifica argumentadamente a división en parágrafos de textos propios e alleos. (CCL, CAA)
- B3.10.3. Identifica a progresión temática en textos propios e alleos.(CCL)
- B3.10.4. Elabora textos cunha estrutura apropiada, divididos en parágrafos e empregando os mecanismos de progresión temática.(CCL)
- B3.11.1. Identifica e describe a estrutura e os trazos lingüísticos dos diferentes xéneros textuais, especialmente nos argumentativos, e aplícaos nas producións propias.(CCL)
- B3.11.2. Recoñece nun texto, e emprega nas producións propias, os distintos procedementos lingüísticos para a expresión da subxectividade.(CCL)
- B3.12.1. Xustifica a adecuación das producións en función do contexto, do tema e do xénero textual.(CCL, CAA)
- B3.12.2. Elabora producións lingüísticas cunha adecuación apropiada ao contexto, ao tema e ao xénero textual.(CCL)
- B3.13.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.(CCL, CAA)
- B3.14.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.(CCL,CAA)
- B4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo e argumenta fundamentadamente e cun discurso propio a súa postura.(CCL,CCEC)
- B4.1.2. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e argumenta cun discurso propio a súa postura.(CCL)
- B4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e sabe describir a súa importancia dentro das linguas do mundo no século XXI.(CCL,CSC)
- 4.1.4. Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en portugués (buscadores, enciclopedias e portais de noticias).(CCL,CSC,CD)
- B4.2.1. Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística.(CCL,

- CSC)
- B4.2.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual. (CCL,CSC)
 - B4.2.3. Analiza gráficas de distribución de linguas tirando conclusións nas que incorpora os seus coñecementos sociolingüísticos.(CCL,CSC,CD)
 - B4.2.4. Describe a situación sociolingüística de Galicia e emprega a terminoloxía apropiada. (CCL,CSC)
 - B4.2.5. Analiza as tendencias de evolución da lingua galega a partir da situación sociolingüística actual.(CCL,CSC)
 - B4.3.1. Identifica os procedementos de normalización e argumenta axeitadamente a necesidade de continuar con este proceso na lingua galega.(CCL,CSC)
 - B4.3.2. Distingue normativización e normalización e explica axeitadamente cada fenómeno. (CCL,CSC)
 - B4.3.3. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.(CCL,CSC)
 - B.4.3.4. Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia. (CCL,CSC)
 - B4.4.1. Recoñece os principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.(CCL)
 - B4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 e elabora textos expositivos sobre as diferentes etapas.(CCL,CCEC)
 - B4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.(CCL,CCEC)
 - B4.4.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.(CCL,CCEC)
 - B4.4.5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde 1916.(CCL,CCEC,CD)
 - B4.5.1. Describe a situación sociolingüística e legal das linguas de España e analiza criticamente textos (literarios e xornalísticos), gráficos ou documentos audiovisuais que traten sobre a situación sociolingüística do Estado español.(CCL,CD)
 - B4.6.1. Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada.(CCL, CSC)
 - B4.6.2. Analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta os prexuízos, en caso de os ter, e rebáteos argumentadamente.(CCL,CSC)
 - B4.7.1. Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega.(CCL, CSC)
 - B4.7.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega.(CCL)
 - B4.7.3. Valora a lingua estándar como variedade unificadora.(CCL)
 - B4.7.4. Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural e rexeita fundamentadamente calquera prexuízo sobre a variación diatópica.(CCL,CSC)
 - B4.7.5. Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe o influxo da situación sociolingüística nelas.(CCL, CSC)
 - LB5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade. (CCL)
 - LB5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da literatura galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos.(CCL)
 - B5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade para a súa lectura. (CCL)
 - B5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos

co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente. (CCL)

- B5.2.3. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.(CCL)
- B5.2.4. Compara textos literarios dun mesmo período ou de diferentes períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período ou períodos.(CCL)
- B5.3.1. Le expresiva, compresiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.(CCL)
- B5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade e escribe/debate, argumentadamente, sobre os seus valores literarios.(CCL)
- B5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.(CCL)
- B5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas.(CCL)
- B5.5.2. Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.(CCL, CD)
- B5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.(CCL,CCEC)
- B5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.(CCL,CCEC)

7.8. INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Antes de impartir unha nova unidade didáctica e tamén ao comezo do curso farase unha avaliación inicial mediante diferentes probas orais e/ou escritas para valorar os coñecementos previos que o alumnado ten sobre a materia a tratar. Estas probas orais e/ou escritas permitirán, ademais, establecer o nivel de coñecementos previos do alumnado, o grao de adquisición das competencias básicas e posibles eivas a solucionar.

A avaliación será un proceso continuo no que se terá en conta:

- O proceso inicial de cada alumno/-a.
- As habilidades e destrezas que o alumnado vaia adquirindo ao longo da súa aprendizaxe nesta etapa educativa á hora de enfrontarse con textos escritos chegados en diferentes formatos e a madurez adquirida para identificalos e reproducilos seguindo os mesmos modelos.
- A competencia activa na oralidade. Serán capaces de manter unha conversa na súa lingua (debates, entrevistas, exposicións...) e empregala correctamente axeitándose aos diferentes contextos e rexistros.
- As actitudes cara á lingua. Recoñecerán a riqueza que supón posuír unha lingua propia e vivir nunha comunidade con dúas linguas cooficiais que teñen os mesmos dereitos. Serán quen de identificar o poder que proporciona o saber lingüístico por achegarnos a diferentes culturas e abrírnos portas que nos permitan acceder a un universo de riqueza e cultura.
- A presentación coidada das tarefas que teñan programadas para presentar ou expoñer oralmente ou por escrito. Amosarán a elaboración correcta do discurso escrito dende o punto de vista morfolóxico, sintáctico e semántico; utilización de léxico axeitado, variado e flexible; utilización adecuada dos signos de puntuación e das normas ortográficas.
- O comportamento na clase cos seus compañeiros/-as e docentes. A educación e solidariedade á

hora de confrontarse a diferentes temas.

-Os traballos realizados, tanto a nivel individual como colectivo, na propia aula ou fóra desta, influirán positiva ou negativamente nos resultados finais.

-A actitude na propia aula, o interese e participación nos traballos propostos e o respecto cara aos propios compañeiros, profesorado, cara a diferentes opinións, formas de ser, pensar; cara ao material...

Íranse incorporando coñecementos sucesivos en cada avaliación e non haberá recuperacións ata final de curso. No caso de que o alumno/a non acade os obxectivos fixados, realizará unha proba final na que contestará as preguntas relacionadas con aquela/s avaliación/s que teña suspensas.

7.9. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios que se terán en conta son:

-Nota das probas e dos exames realizados que amosen unha asimilación dos conceptos achegados.

-Traballo persoal, individualizado, fóra da aula (elaboración, recollida de información, síntese, esquemas, corrección, exercicios para realizar na casa, presentación en diferentes soportes dos seus traballos...)

-Traballo individualizado ou en grupo, dentro da aula (elaboración, recollida de información, síntese, esquemas, corrección, autocorrección, exercicios na aula, presentación en diferentes soportes dos seus traballos...)

-Actitude cara aos compañeiros, cara ao profesor, cara á materia, cara ás ideas e opinións...

-Asistencia á clase e aproveitamento deste tempo.

-Lecturas.

-Traballos entregados. Interese, presentación coidada destes, xa sexan en soporte papel ou dixital.

-Nivel ortográfico, caligráfico, signos de puntuación...nas súas manifestacións: exames, traballos, presentacións escritas ou orais...

-Competencia activa na escrita e na oralidade da súa lingua.

7.10. PORCENTAXES QUE SE TERÁN EN CONTA Á HORA DA AVALIACIÓN

1. Probas escritas..... 70% (dúas por avaliación)
2. Probas sobre obras de lectura.... 10% (proba escrita na que se avaliará a comprensión lectora e a expresión escrita)
3. Traballo dentro e fóra da aula.... 5%
4. Competencia activa na oralidade.... 10%
5. Responsabilidade e comportamento social (actitude cara aos compañeiros, ideas cara á materia e cara á profesora; asistencia a clase:..... 5%

Na nota final de cada trimestre efectuaranse as seguintes penalizacións:

■0,1 por cada negativo por non realizar na aula ou na casa as tarefas encargadas polo profesor/a, até un máximo de 0,5.

■0,1 por cada dous avisos por non falar en galego durante as aulas pois, aínda que parece obvio, non se cumpre o feito de os alumnos e alumnas utilizaren o galego como lingua vehicular, até un máximo de 1 punto.

Ademais dos contidos conceptuais, tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderán descontar ata un máximo de 2 puntos por erros ortográficos. Os erros poderán ser:

- Moi graves: aquelas solucións que son alleas ó sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono...). Descontaranse 0,2 puntos.
- Graves: solución ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h,y...). Acentuación diacrítica. Descontaranse 0,1 puntos.
- Leves: solucións galegas alleas ó estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Penalización con 0,05 puntos.

A nota final de cada avaliación será a suma das notas obtidas en todos os apartados anteriores, sempre que non haxa nalgún deles unha cualificación de 0, en cuxo caso o alumno/-a pode ser avaliado/-a negativamente.

O feito de sorprenden a un alumno/a copiando-por un compañeiro, mediante chuleta, móbil, usando o libro de texto e/ou por calquera outro medio- durante a realización dalgunha das probas que forman parte dunha avaliación, implicará o suspenso automático nesa proba (cero). En caso de que esta incidencia se producise durante a realización do exame extraordinario de setembro, suspenderá automaticamente a materia.

Se un alumno/a falta xustificadamente a unha proba (xustificante oficial, médico ou outros) repetiráselle o exame. No caso de falta inxustificable, puntuaráselle esa proba como cero.

Serán tres avaliacións e a nota final de xuño obterase computando como 30% a cualificación tanto da 1ª como da 2ª avaliación e como 40% a da terceira. Se a cualificación é negativa amosará que o alumno/-a non foi quen de superar os obxectivos programados e terá a oportunidade de presentarse na convocatoria extraordinaria de setembro, na cal só se terá en conta a cualificación dunha única proba escrita.

Cando un alumno ou alumna obteña unha cualificación igual ou superior a 5 considerarase aprobado/-a e se a nota é inferior a 5 considerarase suspenso/-a. Dado que a cualificación trimestral corresponde a unha ponderación conxunta de todas as observacións realizadas, o suspenso afectará a todo o contido do trimestre, e en ningún caso a unha soa das súas partes.

Iranse incorporando coñecementos sucesivos en cada avaliación e non haberá recuperacións ata final de curso. No caso de que o alumno/a non acade os obxectivos fixados, realizará unha proba final na que contestará as preguntas relacionadas con aquela/s avaliación/s que teña suspensas.

Ante isto queda claro que se a cualificación é negativa no exame final amosará que o alumno non foi quen de superar os obxectivos programados por este departamento e terá a oportunidade de presentarse na convocatoria extraordinaria de setembro.

As reclamacións do alumnado ou dos seus pais, nais ou titores legais sobre a cualificación das probas ou sobre as cualificacións das avaliacións trimestrais e final serán atendidas cinguíndose á lexislación vixente.

7.11. MATERIAIS / RECURSOS

- Libro de texto *Lingua e Literatura 4ºESO*, Ed. Xerais de Galicia.
- Libro dixital.
- Libros de lectura, dos cales haxa dispoñibilidade suficiente na biblioteca do centro, así como nas municipais.
- Material fotocopiábel da Proposta didáctica, así como textos extraídos de diferentes fontes (páxinas web, libros de creación, manuais de divulgación, medios de comunicación...) que ilustren os diferentes modelos textuais que imos tratar ao longo do curso.
- Dicionarios en papel e dixitais.
- Enciclopedias en papel e dixitais.
- Caderno.
- Outros, cuxa necesidade ou conveniencia se vaia detectando ao longo do curso.

LIBROS DE LECTURA 4º ESO

1ª avaliación: Castelao, *Os dous de sempre*, Ed. Galaxia.

2ª avaliación: Andrea Maceiras, *Europa Express*, Ed. Xerais (Fóra de xogo)

3ª avaliación: Carlos Freire Cordeiro, *Acio sanguento*, Ed. Xerais (Fóra de xogo)

8. CURSO: 1º BACHARELATO

PROFESORA: MARÍA JESÚS DÍAZ FERNÁNDEZ

8.1. OXECTIVOS DIDÁCTICOS

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os

conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá. f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

8.2. CONTIDOS

Esta materia, coma outras que desenvolven contidos lingüísticos, ten como obxectivo o

desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Así, achega as ferramentas e os coñecementos necesarios para que se desenvolvan satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos, a través da lectura, mediante a comprensión e interpretación de textos significativos, favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfrónaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as.

En definitiva, esta materia lingüística persegue o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida.

Segundo se establece no currículo, a materia de Lingua Galega e Literatura preséntase, en todos os cursos das etapas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, estruturada en cinco bloques, o que non debe implicar que a actividade docente se corresponda con esta ordenación, senón que, pola contra, se deben producir múltiples conexións entre todos eles.

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir

Bloque 3. Funcionamento da lingua

Bloque 4. Lingua e sociedade

Bloque 5. Educación literaria

O bloque 1, «Comunicación oral. escoitar e falar», atende ao uso oral da lingua, e este é obxecto de observación e de análise para recoñecer as normas que rexen o intercambio comunicativo, para observar as estratexias que usan os/as falantes para se comunicar satisfactoriamente, así como as que empregan para comprender ou para producir mensaxes orais. Non obstante, este bloque incide, sobre todo, na necesidade de que o alumnado galego teña modelos de fala adecuados e poida pór en práctica a súa lingua dentro da aula en contextos formais e informais. A realidade sociolingüística de cada centro docente determinará a atención que o profesorado deberá dedicar na aula a este bloque, para que o alumnado poida cumprir adecuadamente cos estándares de aprendizaxe descritos.

O bloque 2, «Comunicación escrita. Ler e escribir», ocúpase da comprensión e a produción escrita. O alumnado debe ser quen de entender textos de diferente complexidade e xénero, e extraer as ideas explícitas e implícitas no texto co fin de elaborar o seu propio pensamento crítico e creativo. Comprender un texto implica pór en marcha unha serie de estratexias de lectura que deben practicarse na aula e proxectarse a todas as esferas da vida e a calquera tipo de lectura: ler para obter información, para aprender a propia lingua e por pracer. Igualmente, a produción escrita significará procurar para cada situación o tipo de texto, adecuando, planificando e redactando, atendendo a aspectos diversos, e revisando a escrita final.

O bloque 3, «Funcionamento da lingua», integra contidos relacionados co código e a súa organización, e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua, coa finalidade de servir de base para o seu uso correcto, afastándose da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como fin en si mesmo.

O bloque 4, «Lingua e sociedade», céntrase na necesidade de que o alumnado coñeza, explique e valore o plurilingüismo como unha situación habitual e enriquecedora para todos os individuos. Do mesmo xeito, incídese na identificación e superación dos prexuizos e na pertinencia de que o alumnado recoñeza e empregue termos sociolingüísticos precisos.

O bloque 5, «Educación literaria», asume o obxectivo de facer dos alumnos e as alumnas lectores e lectoras competentes, con implicación nun proceso de formación de lectura que continúe ao longo de toda a vida. Ademais, o alumnado achegarase á historia da literatura galega, así como ás súas obras e aos seus autores e as súas autoras máis salientables, e recoñecerá a vinculación destes produtos literarios coa historia de Galicia.

O tratamento de todos estes contidos ten que abordarse desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un ten coas competencias clave, que aparecen especificadas, a partir dos estándares de aprendizaxe avaliados, neste currículo. A avaliación terá que ser coherente coa diversidade de contidos traballados e, daquela, ter en conta os contidos abordados nos cinco bloques en que se estrutura este currículo. Do mesmo xeito, deberá ser unha avaliación competencial, que teña en conta a relación que se establece no currículo entre os estándares de aprendizaxe detallados en cada bloque, coas competencias clave.

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR

B1.1 Comprensión, interpretación e valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa.

B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos sobre temas especializados do ámbito educativo.

B1.3 Comprensión, interpretación e valoración de textos orais procedentes dos medios de comunicación social.

B1.4 Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto

B1.5 Produción (planificación e execución de textos orais relacionados con algún tema de actualidade) adecuada á situación comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC, así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público.

B1.6 Presentación oral de textos expositivos e argumentativos, do ámbito académico e de divulgación científica e cultural.

B1.7 Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

B1.8. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.

B1.9 Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros.

B1.10. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas.

B1.11. Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR

B2.1. Aplicación de estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade.

B2.2. Planificación e produción de textos adecuados, coherentes e ben cohesionados; axustados ás normas gramaticais e ben presentados.

B2.3. Comprensión, produción e síntese de textos expositivos e argumentativos do ámbito educativo e de divulgación científica e cultural (dicionarios, glosarios e enciclopedias).

B2.4. Comprensión, produción e valoración de textos procedentes dos medios de comunicación social tanto os publicitarios como os periodísticos de carácter informativo e de opinión.

B2.5. Análise dos textos descritivos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas.

B2.6. Análise dos textos expositivos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas.

B2.7. Análise dos textos narrativos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas.

B2.8. Análise dos textos argumentativos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas.

B2.9. Análise dos textos dialogados: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas.

BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA

B3.1. Coñecemento e reflexión sobre os principais conceptos de Lingüística Xeral: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico e disciplinas lingüísticas.

B3.2. Coñecemento dos diferentes rexistros lingüísticos e dos factores que inciden no uso da lingua en distintos ámbitos e valoración da importancia de utilizar o rexistro adecuado en relación coa situación comunicativa.

B3.3. Produción de textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección.

B3.4. Caracterización morfolóxica, semántica e sintáctica do substantivo e do adxectivo.

B3.5. Coñecemento, tipoloxía e caracterización dos determinantes (artigo, demostrativo, posesivo, interrogativos, exclamativos, cuantificadores e identificadores).

B3.6. Recoñecemento, descrición e uso da categoría verbal e das perífrases verbais.

B3.7. Recoñecemento, observación, uso e explicación dos conectores textuais.

B3.8. Coñecemento, caracterización e tipoloxía do adverbio e das locucións adverbiais

B3.9. Coñecemento, caracterización e tipoloxía dos pronomes.

B3.10. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

B3.11. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.

BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE

B4.1. Funcións sociais da lingua.

B4.2. Diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica. A lusofonía. Multilingüismo e plurilingüismo. Lingua minoritaria e lingua minorizada. Conflito lingüístico e diglosia. Ecolingüismo.

B4.3. Historia da lingua: do latín ao galego; situación lingüística da Península antes da romanización; substrato e o estrato latino (principais evolucións fonéticas do latín ao galego). A Romanización e o nacemento das linguas romances; o superestrato.

B4.4. Cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e as familias léxicas irregulares.

B4.5. Historia da lingua: o galego antigo (Idade Media), emerxencia e declive, características lingüísticas, contexto histórico e cultural, e situación sociolingüística.

B4.6. Historia da lingua: galego medio; dialectalización da lingua (séculos XVI, XVII e XVIII); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas.

B4.7. Historia da lingua: galego moderno (desde o século XIX ata 1916); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas.

BLOQUE 5. A LITERATURA

B5.1. Definición dos conceptos “literatura” e “texto literario”, caracterización dos diferentes xéneros e análise dos seus principais recursos formais e descrición da cronoloxía xeral da historia da literatura galega.

B5.2. Definición de “literatura galega de tradición oral” e as súas principais concrecións xenéricas, relación histórica da súa vitalidade e mais das principais manifestacións e compilacións realizadas nos diferentes períodos históricos ata a actualidade.

B5.3. A literatura medieval: Contextualización sociohistórica e sociolingüística das súas orixes, definición das características principais e análise da lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa medieval.

B5.4. Lectura de textos significativos da literatura medieval, identificación das súas características temáticas e formais e relación destas co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.

B5.5. A literatura do galego medio (séculos XVI, XVII e XVI- II): contextualización sociohistórica e sociolingüística da produción desta etapa, e descrición e análise das obras e os/as autores/as principais.

B5.6. Lectura de textos significativos da literatura do galego medio, identificación das súas

características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.

B5.7. A literatura do Rexurdimento: contextualización sociohistórica e sociolingüística da produción do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e descrición e análise das obras e os/as autores/ as principais deste período.

B5.8. Lectura de textos significativos dos/das principais autores/as do Prerrexurdimento, o Rexurdimento pleno e os comezos do século XX ata 1916, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.

8.3.CONTIDOS DE GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN

- Comprender e elaborar textos orais planificados, respectando a norma estándar, e facendo uso dun léxico adecuado.
- Elaborar composicións escritas planificadas, coherentes, cohesionadas e adecuadas á situación comunicativa.
- Empregar os coñecementos lingüísticos sobre fonética e morfoloxía para mellor comprender os textos alleos, e para producir e perfeccionar os propios.
- Coñecer as principais etapas, feitos histórico-sociais e feitos literarios, así como autores/as da historia da literatura galega, para o período que vai desde a época medieval ata finais do século XIX.
- Ler, comprender e analizar con criterio obras e fragmentos da literatura galega do período que vai desde a época medieval ata finais do século XIX.

8.4.TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

A temporalización dos contidos depende fundamentalmente das características do alumnado de cada grupo e do desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe. De feito, pode ocorrer que dous grupos do mesmo nivel presenten ritmos de traballo diferentes, o que variará calquera temporalización que se poida programar.

Partindo destas premisas, a temporalización que aquí propoñemos non pode ser máis que aproximativa e cada docente deberá adaptala ós diversos ritmos que encontre no seu alumnado.

As vinte e unha unidades de que consta o libro de texto, distribuiranse ó longo do curso da seguinte maneira:

- 1ª avaliación: Unidades nº 1, 2, 3, 11, 12, 13, 14, 15.
- 2ª avaliación: Unidades nº 4, 5, 6, 7, 16, 17.
- 3ª avaliación: Unidades nº 8, 9, 10, 18, 19, 20, 21

8.5. METODOLOXÍA

Á hora de desenvolver-la programación na materia de Lingua e Literatura Galegas no Bacharelato, quixeramos destinar a maior parte do tempo nas aulas á explicación dos diferentes contidos teóricos contemplados na programación, así como á corrección das variadas tarefas que o alumnado deberá realizar, por norma xeral, na súa casa. Na explicación dos contidos teóricos faremos especial fincapé na organización e xerarquización dos conceptos, por medio de esquemas ou sinopses, mais sen perder de vista nunca a conveniencia de elaborar discursos cohesionados e coherentes, tanto orais como escritos, a partir da adquisición destes coñecementos teóricos.

Tamén pretendemos que a aula sexa un espazo participativo á hora da corrección das tarefas, onde a posta en común dos achados e valoracións fomente un debate crítico, plural e fecundo, posterior á realización individual das diferentes actividades. Só con carácter ocasional realizaremos actividades de carácter práctico na aula, unicamente nos casos en que detectemos especiais dificultades para a súa comprensión, ou que a súa execución sexa imprescindible na aula (por exemplo, as exposicións orais, en 1º de BAC, en caso de non quererem gravalas).

Xa deixamos constancia de que o alumnado coñece desde o mesmo comezo do curso os exercicios, as tarefas e as datas en que deberá realizalas, de maneira que desexamos convidalo, desde o comezo, a planificar as súas actividades con antelación e rigor.

Así mesmo, quixeramos utilizar variadas fontes de información, desde o libro de texto da Ed. Xerais, ata os dicionarios electrónicos dispoñibles na rede (www.digalego.com, www.estraviz.com, <http://sli.uvigo.es/DDGM/index.html>), pasando polos portais que ofrecen contidos con clara relación coa lingua e a literatura galega (www.bvg.udc.es, www.flocos.tv, www.escoitar.org, www.anosaterra.com), ou as obras de consulta xeneralistas (Gran Enciclopedia Galega, Enciclopedia Galega Universal). Canto ás fontes audiovisuais e electrónicas, non está previsto que se traballe con elas na aula, senón que serán presentadas e comentadas na aula, para que á hora de realizar as diferentes tarefas de maneira autónoma o alumnado poida contar con elas. Pretendemos contar cos recursos da Biblioteca do centro, tanto para fornecer os libros de lectura que o alumnado deberá ler ó longo do curso, como espazo de traballo para a consulta de información en formato de papel ou electrónico.

Tamén nos propomos traballar as catro destrezas básicas, con actividades que permitan escoitar e falar, ler, escribir, que xa mencionamos, desde a entrega regular de traballos escritos, ata a realización de exposicións orais de diferentes tipos de textos en cada trimestre, para alén das audicións puntuais de textos literarios e dialectais, así como a lectura frecuente, tanto na aula como na casa, de textos literarios, xornalísticos, ensaísticos e técnicos.

8.6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B1.1 Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais e audiovisuais.

B1.2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados (conferencias, clases, charlas, presentacións e videoconferencias).

B1.3 Comprender, interpretar e valorar textos orais e audiovisuais dos medios de comunicación.

B1.4 Desenvolver habilidades de escoita activa, para identificar os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao texto.

B1.5 Realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún tema de actualidade adecuadas

á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público.

B1.6 Expoñer oralmente con rigor e claridade un tema especializado de textos do ámbito académico ou de divulgación científica e cultural.

B1.7 Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

B1.8 Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.

B1.9 Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro neutro ou informal.

B1.10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas.

B1.11. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade.

B2.2. Compoñer producións escritas planificadas adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación.

B2.3. Comprender, producir e sintetizar o contido de textos expositivos e argumentativos de tema especializado do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.

B2.4. Comprender, producir e valorar de forma crítica textos publicitarios e periodísticos de carácter informativo ou de opinión.

B2.5. Caracterizar, identificar e producir textos descritivos pertencentes a distintos ámbitos de uso.

B2.6. Caracterizar, identificar e producir textos expositivos pertencentes a distintos ámbitos de uso.

B2.7. Caracterizar, identificar e producir textos narrativos pertencentes a distintos ámbitos de uso.

B2.8. Caracterizar, identificar e producir textos argumentativos pertencentes a distintos ámbitos de uso.

B2.9. Caracterizar, identificar, analizar e producir textos dialogados pertencentes a distintos ámbitos de uso.

B2.10. Planificar, producir e revisar textos de investigación a partir da información obtida en fontes impresas e dixitais e con axuda dos recursos que ofrecen as TIC.

B3.1. Verificar o coñecemento formal e a capacidade de reflexión sobre a lingua que posúe o alumnado.

B3.2. Recoñecer e utilizar os diferentes rexistros lingüísticos en función dos ámbitos sociais valorando a importancia de usar o rexistro axeitado a cada momento.

B3.3. Producir textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección.

B3.4. Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais substantivo e adxectivo, explicar os seus usos e valores dos textos.

B3.5. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos determinantes, explicando os seus usos e valores nos textos.

B3.6. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical do verbo e as perífrases verbais e explicar os seus usos e valores nos textos.

B3.7. Recoñecer en textos de diversa índole e usar nas producións propias orais e escritas os diferentes conectores textuais.

B3.8. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical do adverbio e explicar os seus usos e valores nos textos.

B3.9. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos pronomes e explicar os seus usos e valores nos textos.

B3.10. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

B3.11. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.

B4.1. Distinguir as funcións sociais da lingua e determinar a situación do galego respecto a elas.

B4.2. Describir a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica, determinar o papel da lusofonía, distinguir conceptos básicos de contacto de linguas e describir os fundamentos do ecolingüismo.

B4.3. Describir a historia da lingua do latín ao galego e distinguir os elementos constitutivos

B4.4. Recoñecer os cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e citar exemplos, así como distinguir as familias léxicas irregulares e utilízalas correctamente.

B4.5. Identificar e describir as características lingüísticas fundamentais do galego antigo, o seu contexto e identifícalo en textos.

IB4.6. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII), describir o seu contexto e identifícalo en textos as correctamente deste.

B4.7. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde o século XIX ata 1916), describir o seu contexto e identifícalo en textos, elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos anteriores a 1916.

B5.1. Definir “literatura” e “texto literario”, caracterizar os diferentes xéneros e analizar os seus principais recursos formais e describir a cronoloxía xeral da historia da literatura galega.

B5.2. Definir “literatura galega de tradición oral” e as súas principais concrecións xenéricas, historiar a súa vitalidade e mais as principais manifestacións e compilacións nos diferentes períodos históricos ata a actualidade.

B5.3. Identificar, analizar e describir a literatura medieval: contextualizar sociohistórica e sociolingüisticamente as súas orixes, definir as características principais e analizar a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa medieval.

B5.4. Ler textos significativos da literatura medieval, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.

B5.5. Identificar, analizar e describir a literatura do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII): contextualizar sociohistórica e sociolingüisticamente a produción desta etapa, e describir e analizar as obras e os/as autores/as principais.

B5.6. Ler textos significativos da literatura do galego medio, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.

B5.7. Identificar, analizar e describir a literatura do Rexurdimento: contextualizar sociohistórica e sociolingüisticamente a produción do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e describir e analizar as obras e os/as autores/as principais deste período.

B5.8. Ler textos significativos dos/das principais autores/as do Prerrexurdimento, o Rexurdimento

pleno e os comezos do século XX ata 1916, identificando as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto socio- histórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.

8.7. ESTÁNDARES E INDICADORES DE APRENDIZAXE

B1.1.1 Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais. (CLL)

B1.1.2 Recolle as ideas fundamentais e secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais. (CCL, CAA)

B1.1.3 Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza. (CCL ,CAA)

B1.2.1. Sintetiza o contido dun texto ou responde preguntas concretas relativas á comprensión de textos orais.(CCL, CAA)

B1.2.2. Comprende as ideas principais e contidos relevantes dunha presentación, charla ou conferencia.(CCL, CSC)

B1.2.3. Recoñece as distintas estratexias de organización do contido nunha exposición oral sobre un tema especializado propio do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural. CAA

B1.2.4. Escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas coa intención de aclarar ou ampliar ideas que se desprenden da exposición oral. (CAA)

B1.3.1. Recoñece a intención comunicativa, as ideas principais e relevantes de programas de radio e televisión (entrevistas, documentais, series e películas) CCL CSC CCEC

B1.3.2 Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación social. CCL CSC

B1.3.3. Analiza e explica os recursos verbais e non verbais. CCL CAA CSC

B1.4.1 Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso. CCL

B1.4.2 Coñece, valora e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral; respecta as quendas e as opinións alleas. CSC

B1.4.3 Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada, posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público. CSC CCL CSIEE

B1.5.1 Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados. CAA CCL

B1.5.2 Consulta fontes de información diversas e revisa os borradores e esquemas. CAA, CSIEE.

B1.5.3 Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical. CCL

B1.5.4 Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa. CCL CSC

B1.5.5 Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada, posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público. CCL, CSC,CSIEE.

B1.5.6 Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente e elaborar unha presentación atractiva e innovadora. CAA, CD, CCL

B1.6.1 Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical. CCL

B1.6.2 Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín. CCL

B1.6.3. Emprega recursos verbais e non verbais en textos expositivos. CCL, CSC.

B1.6.4 Adecúa o texto segundo a intención comunicativa, o tema e o xénero textual. CSC, CSIEE.

B1.7.1 Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. CCL, CSC

B1.7.2 Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das 7 vogais, n velar, fonema fricativo palatal xordo). CCL

B1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada. CCL

B1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. CCL.

B1.8.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras. CCL,CSC,CSIEE

B1.8.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria. CCL, CSC,CSIEE

B1.9.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de

estudo ou traballo e participa en conversas informais. CAA,CCL,CSC,CSIEE

B1.10.1. Recoñece en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros, pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada) e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma. CCL,CAA

B1.10.2. Deseña estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo. CAA,CSEIEE

B1.11.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega. CCL,CAA

B1.11.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega. CAA,CCL,CSC

B1.11.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. CAA,CCL,CSC

B2.1.1. Recolle as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais. CCL, CAA

B2.1.2. Interpreta o sentido global do texto, identifica o propósito comunicativo do/da autora e emite opinións e xuízos sobre a mensaxe. CCL, CSC

B2.1.3. Distingue o tema principal e os subtemas e compón o esquema xerarquizado das ideas do texto. CCL

B2.1.4. Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión e complementar a información do texto. CCL, CD, CAA

B2.2.1. Selecciona e presenta os contidos dos seus textos de forma clara e ordenada. CCL

B2.2.2. Identifica e describe as características lingüísticas dos distintos tipos de rexistro. CCL

B2.2.3. Utiliza o rexistro lingüístico axeitado á situación comunicativa das súas producións. CCL,CSC

B2.2.4. Utiliza mecanismos variados de cohesión lingüística. CCL

B2.2.5. Axústase ás normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. CCL

B2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza tanto o contido de materiais de consulta (dicionarios, glosarios e enciclopedias) e textos argumentativos e expositivos (ensaos). CCL,CD,CAA

B2.3.2. Identifica o tema e a estrutura de textos de carácter expositivo e argumentativo, de tema

especializado, propios do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural. CCL

B2.3.3. Sintetiza e distingue as ideas principais e as secundarias de textos de carácter expositivo e argumentativo propios do ámbito educativo. CCL

B2.3.4. Analiza os recursos verbais e non verbais dos textos expositivos e argumentativos de tema especializado e valóraos en función da intención comunicativa do/da autor/a, do tema e do xénero textual. CCL, CAA

B2.3.5. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical. CCL

B2.3.6. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín. CCL

B2.4.1. Comprende, produce e valora de forma crítica textos publicitarios e periodísticos de carácter informativo ou de opinión. CCL, CSC

B2.4.2. Interpreta as mensaxes publicitarias e reconece os elementos de persuasión dos anuncios. CCL, CSC

B2.4.3. Identifica e rexeita as ideas e os usos lingüísticos discriminatorios dos textos publicitarios. CCL, CSC

B2.5.1. Identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos descritivos e produce outros textos similares. CCL

B2.6.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos expositivos. CCL

B2.7.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos narrativos. CCL

B2.8.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos argumentativos. CCL

B2.9.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos dialogados. CCL

B2.10.1. Consulta fontes dixitais, contrasta e selecciona a información relevante mediante fichas-resumo. CCL, CD, CAA

B2.10.2. Planifica os escritos en función dunha orde predefinida e revisa o proceso de escritura con axuda de ferramentas dixitais. CCL, CD

B2.10.3. Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía. CCL, CD

B3.1.1. Emprega os principais coñecementos de Lingüística Xeral para comprender e analizar textos alleos de distintos ámbitos e para producir, compor e revisar textos propios e de temáticas diversas vinculados á comunicación e á linguaxe. CCL

B3.1.2. Describe os principais conceptos de Lingüística Xeral: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico e diversas disciplinas lingüísticas. CL

B3.2.1. Recoñece os rexistros lingüísticos en textos orais e escritos en función da intención comunicativa. CCL, CSC

B3.2.2. Valora a importancia de utilizar o rexistro axeitado a cada situación comunicativa e aplícao nas súas producións orais e escritas. CCL, CSC

B3.3.1. Produce textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección. CCL, CSIEE, CAA.

- ◆ Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.
- ◆ Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal.
- ◆ Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer, en exposicións orais propias e alleas, as dificultades expresivas.
- ◆ Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
- ◆ Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para interpretar e producir textos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.
- ◆ Planificar, producir e revisar textos de distintos ámbitos de uso adecuados á situación e á intención comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación.
- ◆ Realizar traballos educativos individuais ou en grupo sobre temas controvertidos do currículo ou de actualidade social, científica ou cultural.
- ◆ Analizar e comentar textos argumentativos e expositivos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.
- ◆ Extraer información de fontes bibliográficas e dixitais e utilizar as TIC ao longo de todo o proceso de escritura, desde a planificación, organización e produción do texto á súa revisión e corrección final.
- ◆ Describir as propiedades do texto e analizar os procedementos lingüísticos básicos de adecuación, coherencia e cohesión nas producións propias e alleas.
- ◆ Definir e identificar os fonemas da lingua galega e recoñecer a importancia e o valor das normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz.

- ◆ Coñecer as variedades dialectais, recoñecer e explicar os seus trazos característicos en manifestacións orais e escritas e valorar a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural.
- ◆ Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras e aplicar os coñecementos adquiridos para a mellora, comprensión e enriquecemento do vocabulario activo.
- ◆ Observar, reflexionar e explicar as distintas unidades e función sintácticas e aplicar os coñecementos sobre análise sintáctica na produción de textos.
- ◆ Reflexionar e explicar as relacións e unidades semánticas.
- ◆ Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.
- ◆ Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.
- ◆ Recoñecer os estereotipos e prexuízos lingüísticos, determinar a súa repercusión nos usos e elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen cuestións sociolingüísticas.
- ◆ Describir e interpretar o proceso de construción da variante estándar da lingua galega, recoñecer as interferencias lingüísticas no galego con especial atención aos castelanismos e desenvolver un discurso propio libre destes elementos.
- ◆ Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1916 ata 1978, describir o seu contexto e identificalo en textos.
- ◆ Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1978 ata a actualidade e identificalo en textos, describir o seu contexto e a situación legal, recoñecelo como unha lingua en vías de normalización e elaborar traballos sobre a historia da lingua.
- ◆ Elaborar unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.
- ◆ Analizar e interpretar a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega.
- ◆ Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1916 a 1936:
 - Poesía: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as.
 - Prosa: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as.
 - Teatro: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.

- ◆ Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.
- ◆ Identificar, analizar e describir a literatura galega entre 1936 e 1975:
 - Poesía: produción bélica e autores/ as do exilio. A Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.
 - Prosa: produción bélica e autores/ as do exilio. Os renovadores da prosa: Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. Autores/as dos primeiros 70.
 - Teatro: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.
- ◆ Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.
- ◆ Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1975 ata a actualidade:
 - Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.
 - Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.
 - Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.
- ◆ Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.
- ◆ Analizar e comentar, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.

9.6.2. Estándares de aprendizaxe

Indícanse entre parénteses as competencias clave con que se vinculan.

9.6.2.1. Estándares de aprendizaxe observábeis ao longo do curso

- ◆ Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Recolle as ideas fundamentais e secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza. [*Aprender a aprender*]

- ◆ Identifica as ideas principais e contidos relevantes dunha presentación (charla ou conferencia sobre temas especializados do ámbito educativo). [*Comunicación lingüística, Aprender a aprender*]
- ◆ Recoñece as distintas estratexias de organización do contido nunha exposición oral sobre un tema especializado propio do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural. [*Aprender a aprender*]
- ◆ Escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas coa intención de aclarar ou ampliar ideas que se desprenden da exposición oral. [*Comunicación lingüística Aprender a aprender*]
- ◆ Analiza os recursos verbais e non verbais que se empregan na publicidade para convencer os destinatarios ou destinatarias. [*Comunicación lingüística, Sociais e cívicas*]
- ◆ Analiza de forma crítica a forma e contido das mensaxes publicitarias e evita usos lingüísticos discriminatorios. [*Aprender a aprender, Comunicación lingüística*]
- ◆ Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas. [*Sociais e cívicas, Aprender a aprender*]
- ◆ Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público. [*Comunicación lingüística, Sociais e cívicas, Sentido da iniciativa e espírito emprendedor*]
- ◆ Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados. [*Aprender a aprender, Comunicación lingüística*]
- ◆ Consulta fontes de información diversas e revisa os borradores e esquemas. [*Aprender a aprender*]
- ◆ Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical, cínguese ao tema e non divaga. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Emprega axeitadamente os elementos prosódicos (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público. [*Comunicación lingüística, Sociais e cívicas, Sentido da iniciativa e espírito emprendedor*]
- ◆ Exprésase con facilidade e recorre a paráfrases ou circunloquios cando non encontra a expresión precisa. [*Comunicación lingüística, Sentido da iniciativa e espírito emprendedor*]
- ◆ Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Tenta buscar a complicidade do público e demostra seguridade ao responder as preguntas do auditorio. [*Sentido da iniciativa e espírito emprendedor*]

- ◆ Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación adecuada á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. [*Dixital, Comunicación lingüística, Aprender a aprender*]
- ◆ Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical e fonética. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais. [*Comunicación lingüística, Sociais e cívicas, Sentido da iniciativa e espírito emprendedor*]
- ◆ Recoñece en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada), e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma. [*Aprender a aprender, Comunicación lingüística*]
- ◆ Deseña estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo. [*Aprender a aprender*]
- ◆ Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega. [*Comunicación lingüística, Aprender a aprender*]
- ◆ Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega. [*Comunicación lingüística, Sociais e cívicas*]
- ◆ Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. [*Comunicación lingüística, Sociais e cívicas*]
- ◆ Planifica os seus traballos seguindo unha orde predefinida e revisa o proceso de escritura para mellorar a produción final. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Produce textos propios de distintos ámbitos usando o rexistro adecuado, organizando os enunciados en secuencias lineais e ben cohesionadas. [*Comunicación lingüística, Sociais e cívicas*]

- ◆ Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Adecúa a súa expresión ás condicións da situación comunicativa (tema, destinatario, ámbito discursivo e xénero textual) e emprega os recursos expresivos propios do rexistro formal. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Emprega léxico preciso e evita o uso de coloquialismos ou palabras comodín. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Organiza os contidos dos seus traballos en función duns obxectivos fixados previamente, contrasta posturas enfrontadas e defende a súa opinión con argumentos. [*Comunicación lingüística, Sociais e cívicas*]
- ◆ Describe os trazos morfosintácticos, léxico-semánticos e pragmático-textuais de textos expositivos e argumentativos. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Recoñece e explica a función no texto dos distintos procedementos de cita: estilo directo, estilo indirecto, estilo indirecto libre e cita encuberta. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Consulta información en fontes bibliográficas e dixitais e compila os datos máis relevantes en fichas-resumo. [*Aprender a aprender, Comunicación lingüística, Dixital*]
- ◆ Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía. [*Comunicación lingüística, Dixital*]
- ◆ Utiliza procesadores de texto e correctores ortográficos para mellorar a presentación e evitar erros ortográficos e tipográficos. [*Comunicación lingüística, Dixital*]
- ◆ Recoñece, describe e utiliza recursos de cohesión gramaticais e léxico-semánticos. [*Comunicación lingüística, Aprender a aprender*]
- ◆ Describe os tipos de rexistro e analiza as súas manifestacións lingüísticas. [*Comunicación lingüística, Aprender a aprender*]
- ◆ Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. [*Comunicación lingüística, Aprender a aprender, Dixital*]
- ◆ Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. [*Comunicación lingüística, Aprender a aprender*]

- ◆ Analiza e comenta, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos en cada unha das avaliacións. [*Comunicación lingüística*]

9.6.2.2. Estándares de aprendizaxe de especial relevancia na 1ª avaliación

- ◆ Interpreta e identifica a intención comunicativa, o tema e a estrutura en anuncios sonoros e/ou audiovisuais. [*Comunicación lingüística, Aprender a aprender*]
- ◆ Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión dos medios de comunicación social. [*Comunicación lingüística, Aprender a aprender, Sociais e cívicas*]
- ◆ Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Sintetiza as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais. [*Comunicación lingüística, Aprender a aprender*]
- ◆ Interpreta o sentido global e identifica a intención comunicativa do emisor en textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Diferencia as ideas principais e as secundarias e sintetiza o contido de textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión dun texto e complementar as súas producións. [*Comunicación lingüística, Dixital, Aprender a aprender*]
- ◆ Define e identifica os fonemas vocálicos e consonánticos da lingua galega. [*Comunicación lingüística, Aprender a aprender, Conciencia e expresións culturais*]
- ◆ Valora as normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz. [*Comunicación lingüística, Conciencia e expresións culturais*]
- ◆ Explica as principais variedades dialectais e valora a diversidade lingüística como parte do noso patrimonio cultural. [*Comunicación lingüística, Conciencia e expresións culturais*]
- ◆ Diferencia e describe as etapas que podemos establecer entre 1916 e 1978 desde o punto de vista sociolingüístico. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Analiza a importancia da etapa 1916-1978 no desenvolvemento posterior da lingua. [*Comunicación lingüística, Sociais e cívicas*]
- ◆ Identifica o galego moderno (desde 1916 ata 1978) en documentos non literarios e literarios. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1916 a 1936: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as. [*Comunicación lingüística*]

- ◆ Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. [*Comunicación lingüística*]

9.6.2.3. Estándares de aprendizaxe de especial relevancia na 2ª avaliación

- ◆ Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras. [*Comunicación lingüística, Aprender a aprender, Sociais e cívicas*]
- ◆ Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria. [*Comunicación lingüística, Sociais e cívicas*]
- ◆ Sintetiza as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais. [*Comunicación lingüística, Aprender a aprender*]
- ◆ Interpreta o sentido global e identifica a intención comunicativa do emisor en textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Diferencia as ideas principais e as secundarias e sintetiza o contido de textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión dun texto e complementar as súas producións. [*Comunicación lingüística, Dixital, Aprender a aprender*]
- ◆ Explica os procedementos de formación das palabras. [*Comunicación lingüística, Aprender a aprender*]
- ◆ Recoñece e explica os tipos de morfemas así como a análise morfolóxica. [*Aprender a aprender*]
- ◆ Recoñece, analiza e explica a estrutura morfolóxica. [*Aprender a aprender*]

- ◆ Identifica e explica as relacións e unidades semánticas. [*Comunicación lingüística, Aprender a aprender*]
- ◆ Recoñece os estereotipos e prexuízos lingüísticos e determina a súa repercusión nos usos. [*Comunicación lingüística, Sociais e cívicas*]
- ◆ Elabora traballos de xeito individual e/ou en grupo nos que se describen e analizan cuestións sociolingüísticas. [*Comunicación lingüística, Sociais e cívicas*]
- ◆ Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1978 ata a actualidade). [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno desde 1978 ata a actualidade, así como a súa situación sociolingüística. [*Comunicación lingüística, Sociais e cívicas*]
- ◆ Analiza a importancia da etapa desde 1978 ata a actualidade no desenvolvemento do galego. [*Comunicación lingüística, Sociais e cívicas*]
- ◆ Recoñece o galego como unha lingua en vías de normalización e sinala as súas fortalezas e debilidades. [*Comunicación lingüística, Sociais e cívicas*]
- ◆ Sinala as principais características lingüísticas en documentos non literarios e literarios desde 1978 ata a actualidade. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Identifica, analiza e describe a poesía galega entre 1936 e 1975: produción bélica e autores/as do exilio, a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Identifica, analiza e describe a prosa galega entre 1936 e 1975: produción bélica e os autores do exilio, os renovadores da prosa (Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas) así como A Nova Narrativa Galega e autores/as dos primeiros 70. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Identifica, analiza e describe o teatro galego entre 1936 e 1975: teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. [*Comunicación lingüística*]

9.6.2.4. Estándares de aprendizaxe de especial relevancia na 3ª avaliación

- ◆ Recoñece as diferentes estruturas sintácticas, explica as relacións que se establecen e emprega a terminoloxía axeitada. [*Aprender a aprender*]
- ◆ Describe e interpreta o proceso de construción da variante estándar da lingua galega. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Recoñece as interferencias lingüísticas no galego, con especial atención aos castelanismos e desenvolve un discurso propio libre destes elementos. [*Comunicación lingüística, Conciencia e expresións culturais*]
- ◆ Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1916 ata 1978). [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde 1916 ata 1978), así como a súa situación sociolingüística. [*Comunicación lingüística, Sociais e cívicas*]
- ◆ Elabora unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Analiza e interpreta a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega. [*Comunicación lingüística, Sociais e cívicas*]
- ◆ Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. [*Comunicación lingüística*]
- ◆ Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1975 ata a actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. [*Comunicación lingüística*]

9.6.3. Instrumentos de avaliación

- ◆ Observación do traballo diario na aula, que será rexistrado diariamente no libro do profesor.
- ◆ Probas de avaliación específicas, tanto escritas como orais, que son as que se determinan no seguinte apartado.

9.6.4. Probas de avaliación

Antes de impartir unha nova unidade didáctica farase unha avaliación inicial mediante diferentes probas orais e/ou escritas para valorar os coñecementos previos que o alumnado ten sobre a materia a tratar. Estas probas orais e/ou escritas permitirán, ademais, establecer o grao de adquisición das competencias básicas e as posibles eivas a solventar.

En cada trimestre farase un exame escrito sobre os contidos máis relevantes traballados nas aulas. Este exame suporá o 90% da nota total da avaliación. Tendo en conta que a materia de Lingua Galega e Literatura é de contidos progresivos, poderase incluír en cada exame, dunha forma máis ou menos explícita, aspectos xa valorados en probas anteriores.

Así mesmo, ao longo do curso, o alumnado de 2º de Bacharelato desenvolverá tres composicións escritas, dunha extensión mínima de 250 palabras, se non for indicado o contrario. Estes traballos, de carácter obrigatorio, realizaranse na propia aula e para a súa elaboración o alumnado contará con 45 minutos. O alumnado coñecerá previamente o modelo de texto que terá que desenvolver, mais non o tema, que lle será comunicado ao comezo da actividade. Será requisito imprescindible a súa realización, nas datas previstas, para a superación positiva da materia. Estes traballos de redacción elaboraranse nun folio branco que será facilitado polo profesor e serán manuscritos. Os modelos de textos para a realización dos traballos de redacción son as seguintes:

1ª avaliación:texto expositivo

2ª avaliación:texto argumentativo

3ª avaliación:texto argumentativo

9.6.5. Cualificación

A nota na materia de Lingua e Literatura en cada avaliación corresponderase coa seguinte distribución:

- ◆ 90% polas probas escritas. .
- ◆ 5% probas escritas e actividades.
- ◆ 5% Responsabilidade e comportamento social (actitude cara aos compañeiros, ideas cara á materia e cara á profesora; asistencia a clase.

Para obter un resultado positivo en cada avaliación os alumnos/as deberán acadar unha nota mínima media de cinco.

A nota da materia de Lingua Galega e Literatura na convocatoria ordinaria corresponderá á seguinte distribución:

1ª avaliación:30% 2ª avaliación :.....30% 3ª avaliación:40 %

Na convocatoria extraordinaria, a cualificación corresponderá coa nota acadada nunha única proba escrita. Para superar a materia nesta convocatoria de setembro, a cualificación deberá ser igual ou superior a 5.

O feito de sorprenden a un alumno copiando -por un compañeiro, mediante chuleta, usando apuntamentos e/ou por calquera outro medio- durante a realización dalgunha das probas escritas e/ou orais das que se compón unha avaliación, implicará o suspenso automático na mesma. En caso de que esta incidencia se producise durante a realización do exame extraordinario de setembro, suspenderá automaticamente a materia.

Na nota final de cada trimestre efectuaranse as seguintes penalizacións:

- ◆ 0'1 por cada dous avisos por non falar en galego durante as aulas pois, aínda que parece obvio, non se cumpre o feito de os alumnos e alumnas utilizaren o galego como lingua vehicular, até un máximo de 0,5.
- ◆ 0,1 por cada anotación negativa no libro do profesor, debida a non realizar na aula ou na casa as tarefas encomendadas pola profesora até un máximo de 0,5.
- ◆ 0,1 por manifestar un comportamento disruptivo ou ben por non traer o material necesario para o traballo na aula ata un máximo de 0,5.

Por faltas de ortografía, nos exames e nos traballos, baixarase 0'2 por cada falta moi grave (palabras escritas nos enunciados do exame, tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono), 0'1 por faltas graves (solucións ortográficas contrarias á norma lingüística b/v, h, y...; acentuación diacrítica) e 0,05 por faltas leves (solucións galegas alleas ao estándar vixente, acentuación non diacrítica) até un máximo do 20% do total da puntuación outorgada á proba.

9.7.MATERIAIS / RECURSOS

- ◆ Apuntamentos proporcionados polo profesor
- ◆ Materiais en soporte dixital, tales como o arquivo sonoro do Consello da Cultura Galega, a páxina da CRTVG, canletv, A nosa fala (na local na rede do ILG), etc.
- ◆ Libros de lectura, dos cales haberá dispoñibilidade suficiente na biblioteca do centro, así como nas bibliotecas municipais.

- ◆ Material fotocopiábel, así como textos extraídos de diferentes fontes (páxinas web, libros de creación, manuais de divulgación, medios de comunicación...) que ilustren os diferentes modelos textuais que imos tratar ao longo do curso.
- ◆ Dicionarios en papel e dixitais.
- ◆ Enciclopedias en papel e dixitais.
- ◆ Outros, cuxa necesidade ou conveniencia se vaia detectando ao longo do curso.

10.MATERIAS PENDENTES

Organizaremos o traballo en dous cuadrimestres. A materia será dividida en dúas partes coincidentes cos cuadrimestres. En cada parte o alumno realizará unha serie de actividades do libro de texto, previamente seleccionadas polo profesor. Se o alumno presenta todas as actividades feitas con corrección, na data proposta, obterá 4 puntos (40%) da nota . Ademais terán que realizar unha proba escrita dos contidos traballados , que suporá o 60% da nota do cuadrimestre. A data da proba será marcada por Xefatura de Estudos.

- 1º CUADRIMESTRE: O alumno realizará actividades coincidentes cos contidos das unidades 1 a 5 do libro de texto. Os exercicios serán entregados a finais de novembro e corrixis pola profesora antes do Nadal para que poidan estudar para a proba que se realizará no mes de xaneiro.

- 2º CUADRIMESTRE: o alumno realizará as actividades seleccionadas polo profesor correspondentes ás unidades 6,7,8,9. O traballo será recollido no mes de marzo e devolto ao alumno a principios de abril. A proba de contidos será no mes de abril .

Se o alumno non obtivese a nota media de 5, terá a posibilidade de realizar unha proba ordinaria no mes de maio na que só se terá en conta a nota do exame. De non aprobar, terá a posibilidade de recuperala no exame extraordinario de setembro.

11.TEMAS TRANSVERSAIS

11.1.CATEGORÍAS DOS TEMAS TRANSVERSAIS

- . Educación moral e cívica
- . Educación para a paz
- . Educación para a saúde e a calidade de vida
- . Educación para a igualdade entre os sexos
- . Educación ambiental
- . Educación sexual
- . Educación do consumidor
- . Educación para o lecer
- . Educación viaria.

11.2.SIGNIFICADO DAS ENSINANZAS TRANSVERSAIS

- . Educación moral e cívica ,pretende educar no pluralismo en dúas direccións :
 - O respecto pola autonomía dos demais
 - O diálogo como forma de solucionar diferenzas
- . Educación para a paz ,persegue :
 - Xerar posicións de defensa da paz mediante o coñecemento de persoas e institucións significativas.
 - Preferir a solución dialogada de conflitos.
- . Educación para a saúde e a calidade de vida ,pretende:
 - Adquirir un coñecemento progresivo do corpo, das súas principais anomalías e enfermidades, e a forma de previlas e curalas.
 - Desenvolver hábitos de saúde.
- . Educación para a igualdade entre os sexos ,ten como obxectivos :
 - Desenvolver a autoestima e concepción do propio corpo como expresión da personalidade.
 - Analizar criticamente a realidade e corrixir xuízos sexistas.
- . Educación ambiental ,pretende :
 - Comprender os principais problemas ambientais
 - Adquirir responsabilidade ante o medio ambiente
 - Consolidar hábitos non discriminatorios
- . Educación sexual ,os seus obxectivos son :
 - Asimilar información suficiente e científica sobre todos os aspectos relativos á sexualidade.
 - Consolidar actitudes de naturalidade no tratamento de temas relacionados coa sexualidade.
- . Educación do consumidor ,pretende :
 - Adquirir esquemas de decisión que consideren todas as alternativas e efectos individuais e sociais de consumo.
 - Desenvolver un coñecemento dos mecanismos do mercado ,así como dos dereitos do consumidor..
- . Educación para o lecer ,pretende :
 - Promover a valoración da literatura como medio de expresión dos sentimentos do ser humano e como fonte de pracer que pode alegrar e enriquecer os momentos de lecer.
 - Fomentar o pracer de ler ,a lectura como actividade gratificante e enriquecedora.
- . Educación viaria ,pretende :
 - Desenvolver hábitos de respecto polas normas de circulación
 - Crear actitudes de prevención e fomentar o comportamento responsable nas vías públicas.

11.3.RELACIÓN DOS CONTIDOS DE LINGUA GALEGA E LITERATURA COS TEMAS TRANSVERSAIS

Educación moral e cívica

. A tipoloxía textual, sobre todo a argumentación e a exposición propiciarán a receptividade ,o interese e o respecto polas opinións alleas expresadas a través da lingua oral e escrita. Tomar conciencia da importancia da arte de convencer para facilitar a convivencia.

. Lingua e sociedade : estes contidos axudarán a recoñecer a lingua galega como a propia de Galiza e valora-las linguas como produto das circunstancias históricas ,políticas e culturais. Preténdese unha valoración xusta e equilibrada dos diversos pobos e culturas, evitando tópicos que atentan contra a dignidade humana. Mediante o respecto pola diversidade lingüística da Península acadaremos unha actitude de comprensión e tolerancia cara ás opcións lingüísticas non coincidentes coa propia.

Educación para a paz

. A comunicación humana : a importancia fundamental que ten nas nosas vidas poder comunicarnos cos demais e romper todo tipo de barreiras a través da lingua.

. A lírica medieval galego-portuguesa : a convivencia lingüística entre ámbolos territorios; neste período de progreso, riqueza e paz, os señores feudais puideron esquecer a guerra e adicarse a outros mesteres máis relacionados co lecer e coa cultura.

Educación para a igualdade entre os sexos

. A poesía lírica : expresa os sentimentos e emocións do poeta e ensínanos a valorar a dignidade persoal, a propia e a dos demais.

. A Rosalía "feminista" : os artigos xornalísticos ,o Conto gallego, o prólogo de Follas novas (e o apartado "As viudas dos vivos e as viudas dos mortos") serven para propiciar unha reflexión sobre a discriminación sexual.

Educación ambiental

. A literatura de Rosalía ,Pondal ,Cabanillas... fainos amar e respectar a natureza como un dos bens máis prezados do ser humano e da nosa comunidade.

Educación sexual

. Interpretando o compoñente erótico das cantigas ou doutros poemas de temática amorosa.

Educación do consumidor

. O estudo dos medios de comunicación dá pé para espertar o espírito crítico ante as mensaxes que a publicidade emite.

Educación para o lecer

. O apartado adicado á lectura ,en concreto ,e todos os temas de literatura , en xeral, propiciarán o hábito da lectura como fonte de pracer e como actividade gratificante e enriquecedora.

12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- Asistencia a actividades que garden relación coa normalización ou dinamización do idioma, tanto no ámbito local coma se se desenvolven fóra da localidade.
- Asistencia a actividades que polo seu interese pedagóxico tanto lingüístico como en relación á cultura galega e o seu patrimonio cultural sexan consideradas de interese polo Departamento de Lingua e Literatura Galegas, tendo en conta, porén que pola redución de profesorado, a realización das mesmas pódese ver minguada coa conseguinte carga negativa para o alumnado e desenvolvemento da materia.
- Os/as Profesores/as do Departamento responsables da actividade complementaria ou extraescolar programada poderán privar da súa asistencia a aqueles/as alumnos/as que manifesten reiteradamente unha conduta disruptiva que poida comprometer o normal desenvolvemento da actividade programada e; en todo caso, actuarán conforme ás directrices indicadas pola dirección do Centro respecto ás sancións ou amoestacións aplicadas ao alumnado.

-Colaboración en todas as actividades do Equipo de Dinamización Lingüística.

13. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A diversidade maniféstase nos centros educativos en tres ámbitos interrelacionados : capacidade para aprender ,motivación e interese.

A capacidade para aprender non pode considerarse como sinónimo de capacidade intelectual: tamén a motivación e os intereses son aspectos fundamentais para que a axuda pedagóxica que o profesorado debe ofrecer sexa o máis axustada posible, de modo que incida positivamente no desenvolvemento das persoas.

Isto non supón, porén, negar a existencia de estudantes que manifesten dificultades e, ás veces, limitacións da súa capacidade para aprender, e doutros que progresan con maior rapidez cós seus compañeiros e que, de igual maneira ,necesitan unha resposta educativa que lles permita progresar segundo as súas posibilidades.

A atención á diversidade abórdase a través de :

- Exercicios complementarios de gramática. Son exercicios ,maioritariamente relacionados coa morfoloxía, que inciden nas habituais carencias que presenta o alumnado nesta etapa educativa e axudan a reforzar os coñecementos adquiridos en cursos anteriores. A partir destes exercicios o profesor/a poderá analizar tamén os usos e expresións máis frecuentes dos alumnos na lingua oral.

- Exercicios de acentuación, léxico, morfosintaxe e semántica para que o alumno/a puntúe correctamente, busque significados no dicionario, atope erros gramaticais ,etc.

- Lecturas de fragmentos de obras literarias que axudan a comprender ó autor, a súa obra e a época na que escribe .Empréganse tamén para que os alumnos lean en voz alta ,fagan resumos ,expoñan a súa opinión ,etc.

- Comentarios de textos sinxelos guiados mediante unha serie de preguntas que inciden nos aspectos e características máis relevantes destes.

Non esquezamos que a finalidade da educación en xeral ,é axudar a formar persoas capaces de desenvolverse con total autonomía, tanto no ámbito público como no privado e facilitarlles o camiño cara á vida profesional ou a estudos superiores máis complexos. Isto supón contribuír ó desenvolvemento integral da persoa para, desde o seu equilibrio persoal e efectivo fomentar a integración social dunha maneira crítica e creativa.

14. OBRAS DE LECTURA

Obxectivos xerais:

1. Gozar da lectura.
2. Achegarse á literatura para desenvolver a sensibilidade estética e estimular a imaxinación.
3. escoitar con atención e respecto aos demais sen interromper; distraer ou intentar acaparar a conversa.
4. Comprender un texto escrito e analízalo de forma crítica.
5. Expresarse oralmente e por escrito de forma coherente, tendo en conta as normas lingüísticas e o contexto.
6. Reflexionar sobre aspectos formais da lingua e sobre os seus mecanismos.
7. Utilizar a lectura como fonte de pracer, de información e de aprendizaxe, ademais de valorala como medio de enriquecemento lingüístico e persoal.
8. Fomentar o uso da biblioteca de aula e do centro para obter información.

1º ESO:

- 1ª avaliación: FRANCISCO CASTRO, *Chamádeme Simbad*, Galaxia.
- 2ª avaliación: ANTÍA YÁÑEZ RODRÍGUEZ, *O misterio de Portomarín*, Galaxia.
- 3ª avaliación: NÚÑEZ SINGALA, X.M.; *O achado do castro*, Sotelo Blanco/Ed. Galaxia.

2º ESO:

- 1ª AVALIACIÓN: FERNÁNDEZ PAZ, Agustín. *Cartas de inverno*. Ed. Xerais
2ª AVALIACIÓN: COSTAS, Leticia. *Escarlatina, a cociñeira defunta*. Ed. Xerais.
3ª AVALIACIÓN: COSTAS, Leticia, *O segredo do lagarto arnal*, Bahía.

3º DA ESO:

- CALVEIRO, Marcos. *Todos somos*. Ed. Xerais .1ª **avaliación**.
CÉSAR MALLORQUÍ, *As lágrimas de Shiva*, Ed. Rodeira, 2ª avaliación
YÁÑEZ CASAL, Antonio. *Vento galerno*. Ed. Xerais. 3ª **avaliación**

4º ESO:

- *Os dous de sempre*, Castelao, Galaxia.
- *Europa Express*, Andrea Maceiras, Fóra de Xogo, Xerais.

- *Acio sanguento*, Carlos Freire Cordeiro, Fóra de Xogo, Xerais

1º BACHARELATO:

- *As sete mortes*, Carlos Vila Sexto, Galaxia.
- *A caixiña dos rancores*, Héctor Cajaraville, Xerais.
- *A modelo descalza*, Jordi Sierra e Fabra, Galaxia.

A elección destas obras, en concreto, pretende:

- -Motivar a lectura dos alumnos/as
- -Desenvolver a capacidade de síntese argumental Promover unha actitude crítica e de reflexión.
- -Valorar o enriquecemento que a diversidade cultural ofrece.
- -Adquirir valores éticos.
- -Fomentar o gusto e a sensibilidade pola literatura.
- -Promover unha actitude e sentimento positivo cara á literatura.
- -Elaboración de títulos alternativos utilizando a creatividade.
- -Redacción dunha valoración crítica.
- -Etc..

15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Ademais das lecturas obrigatorias, unha por trimestre, nos dous ciclos da ESO e no BAC., en 1º de ESO adícase unha hora semanal á lectura na aula. Trabállanse en todos os niveis textos e nas actividades extraescolares e complementarias potenciase o encontro con escritores.

16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

- Proxecto Abalar.
- Actividades para divulgar o material galego existente na rede.
- Entrega de traballos pola rede.
- Presentacións de power point.

17. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

No presente curso vai funcionar a Aula de Convivencia.

18. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

-AVALIACIÓN INICIAL, para deseñar as actuacións concretas e os programas en función das características de cada grupo.

-TRIMESTRAL:As observacións extraídas a partir da experiencia cotiá e dos instrumentos e probas de avaliación permitirannos valorar o traballo dos alumnos, considerar o ritmo e orientación das súas aprendizaxes, e adoptar aquelas decisións que sirvan para mellorar a calidade do noso traballo. Estes datos analizaranse nas reunións do Departamento.

-FINAL: A final de curso farase por parte dos implicados unha valoración para incluír os resultados e aspectos a modificar na Memoria final.

Dentro do proceso de ensino avaliarase:

- Se os obxectivos e contados están ben definidos.
- Se as decisións metodolóxicas son as adecuadas.
- Se as actividades se adecúan ó nivel de desenvolvemento de cada rapaz/-a.
- Se hai previstas actividades de reforzo
- Se os materiais son os adecuados.
- Se houbo coordinación e seguimento entre tódolos profesores do grupo e as familias.

Dentro do proceso de aprendizaxe avaliarase:

- O nivel de consecución dos obxectivos a través dos criterios de avaliación establecidos.
- O interese mostrado polos alumnos e a súa motivación para aprender.

Todo isto recollerase na Memoria final logo das avaliacións de xuño.

19.RECURSOS DIDÁCTICOS

Os libros de texto empregados polo alumnado nos dous ciclos da ESO e no Bacharelato son os de Lingua e Literatura de Edicións Xerais.

Ademais, no Bacharelato entregaránselle puntualmente ó alumnado textos literarios do período estudado e apuntamentos de carácter teórico elaborados polo profesor para un tratamento máis completo de diferentes aspectos do currículo, segundo se vaian detectando dificultades na aprendizaxe por parte do alumnado.

Tamén se empregarán diferentes gravacións sonoras que recollen textos literarios relacionados co currículo.

Na elaboración desta programación seguíronse as Propostas Didácticas correspondentes a cada un dos niveis de Edicións Xerais.

20.INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

A información ás familias faise a través da páxina WEB do centro.